

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 75

Sesión plenaria
23 de marzo de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 14760 (11/PNP-001461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara a outras prestacións sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

5.2 25249 (11/PNP-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 01.12.2021

5.3 28282 (11/PNP-002482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

5.4 30850 (11/PNP-002668)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

5.5 31299 (11/PNP-002706)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España das actuacións necesarias para reducir o prezo dos combustibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

5.6 31576 (11/PNP-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

Punto 6. Interpelacións

6.1 30608 (11/INT-001514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre o incremento dos prezos e o seu impacto na economía e nos fogares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

6.2 31413 (11/INT-001559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre a promoción de fábricas de compoñentes para a automoción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

6.3 31431 (11/INT-001560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto do sector das residencias de maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 32216 (11/POPX-000061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque para facer fronte á situación económica derivada da guerra provocada por Rusia tras invadir Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

7.2 32217 (11/POPX-000062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai impulsar o Goberno galego ante a escalada de prezos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.129411 (11/POP-004436)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e nove deputados/as máis

Sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a planta de Alu Ibérica na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



8.2 31606 (11/POP-004651)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das ofertas presentadas polas empresas que optan á compra do estaleiro de Barreras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

8.3 32215 (11/PUP-000243)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín**

Sobre a opinión do Goberno galego do inminente comezo da construción das fragatas F110 en Ferrol contratadas polo Ministerio de Defensa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

8.4 32192 (11/PUP-000241)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de lei de vivenda estatal que se tramita no Congreso dos Deputados e a súa invasión das competencias autonómicas exclusivas nesta materia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

8.5 31245 (11/POP-004616)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis**

Sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A 52, fronteira de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

8.6 29516 (11/POP-004426)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade laboral das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar nas liñas concesionadas á empresa Monbus na comarca de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

8.7 28818 (11/POP-004276)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

8.8 29541 (11/POP-004433)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do seu sistema de atención á dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022



8.9 32205 (11/PUP-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación crítica na que se atopa a frota pesqueira galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 11.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 15.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 18.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Fernández Gómez (BNG) (Páx. 28.) e Sr. Freire Vázquez (P). (Páx. 31.)

A señora Otero Lago (S) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 35.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara a outras prestacións sociais: rexeitada por 33 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música: rexeitada por 33 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 37.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía: *rexeitada por 33 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas: *aprobada pro 42 votos a favor e 33 votos en contra* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025: *rexeitada por 33 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o incremento dos prezos e o seu impacto na economía e nos fogares. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 39.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 42.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 48.)

Interpelación de D^a María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promoción de fábricas de compoñentes para a automoción. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 50.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Empresa E Innovación (Conde López). (Páx. 53.)

Réplica da autora: Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Empresa E Innovación (Conde López). (Páx. 57)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Consellería de Política Social respecto do sector das residencias de maiores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 58.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 62.)

Réplica da autora: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 65.)



Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a planta de Alu Ibérica na Coruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pardo López (P).* (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 67.)

Réplica do autor: *Sr. Pardo López (P).* (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 69.)

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto das ofertas presentadas polas empresas que optan á compra do estaleiro de Barreras. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 71.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 73.)

Pregunta de D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego do inminente comezo da construción das fragatas F-110 en Ferrol contratadas polo Ministerio de Defensa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 79.)

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de lei de vivenda estatal que se tramita no Congreso dos Deputados e da súa invasión de competencias autonómicas exclusivas nesta materia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 82.)



Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a execución da conexión do eixe de comunicación A52-fronteira de Portugal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 84.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 86.)

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade laboral das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar nas liñas concesionadas á empresa Monbus na comarca de Ferrol. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 91.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sr. Conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. Conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta sobre o seu sistema de atención á dependencia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Pazos Couñago (P)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 99.)



Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación crítica na que se atopa a frota pesqueira galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 102.)

Remata a sesión ás cinco e doce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, continuando co punto quinto da orde do día, que é proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º- Por en marcha un plan de choque transversal destinado a familias, persoas autónomas e empresas para paliar os efectos da Guerra en Ucraína.

2º- Dirixirse o Goberno de España para:

a) Que en cumprimento da recomendación cuarta do Pacto de Toledo e o acordo sobre pensións alcanzado en xullo de 2021 cos interlocutores sociais, así coma a reforma número 3 do compoñente 30 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, alcance un acordo cos interlocutores sociais dentro do marco do diálogo social de reforma do sistema de cotizacións de persoas traballadoras autónomas, deseñando un sistema máis xusto, que mellore a acción protectora, máis flexible permitindo as persoas autónomas baixar as cotas cando os rendementos sexan máis baixos e melloralas cando crezan, convertendo a prestación extraordinaria en estrutural así como implantando un sistema de cotizacións por ingresos reais.

b) Ensañar medidas que, beneficien ás persoas autónomas en materia fiscal, de emprendemento e de simplificación administrativa.

c) Adopte medidas efectivas que abaraten os custos impositivos relacionados cos prezos da enerxía e dos carburantes, como factores decisivos na competitividade da economía do colectivo de autónomos.»)

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quero comezar e quero que as miñas primeiras palabras sexan de complicidade e apoio cos miles de profesionais que están nas rúas protestando estes días, que amosan o seu



malestar, con aqueles que se viron obrigados tamén a suspender o seu modo de traballo e que están a dicirnos que xa non poden máis e que se están arruinando, que están sufrindo en primeira persoa as consecuencias da ineficaz xestión que protagoniza o Goberno que preside Pedro Sánchez. Este Goberno das esquerdas que está a poñer contra as cordas a inmensa maioría dos sectores produtivos do noso país.

Falo de sectores tan esenciais e importantes para Galicia como o sector primario, a gandería, a pesca, un longo etcétera, con graves consecuencias tamén na cadea de subministracións de produtos básicos. E as rúas estes días son contundentes. Moitas persoas non poden facer fronte á súa factura enerxética nin á alza dos prezos. E onte mesmo falaba alto e claro o presidente Feijóo, o presidente da Xunta, e dicía tamén que o actual inquilino da Moncloa debe deixar de mirar cara a outro lado.

Pedro Sánchez, investido co voto do Bloque Nacionalista Galego e co apoio da esquerda radical, non ten un minuto que perder, debe asumir as súas responsabilidades e é imprescindible que o Goberno de Sánchez adopte medidas e que o faga xa.

A situación económica leva deteriorándose máis dun ano e, mentres Galicia responde dentro das súas competencias, o Goberno de Pedro Sánchez segue ausente.

Apelo ás deputadas e deputados da oposición neste Parlamento para que sexan valentes, para que se sitúen do lado dos traballadores, para que se sitúen do lado dos autónomos, para que se sitúen do lado das persoas e digan á Moncloa «basta xa».

Pero tamén quero dicirlles a todas esas persoas que están na rúas protestando, ás familias asfixiadas coas facturas que chegan aos seus fogares e a todas aquelas persoas para os que se está a converter nun mal trago, visitar unha gasoleira ou mercar a cesta da compra, que hai outra forma de gobernar e que hai alternativa. De feito, vímolos no último consello da Xunta, e onte mesmo vímolos nesta Cámara. Ante a falta de iniciativa do Goberno central, a Xunta aprobaba, no marco das súas competencias, un paquete de medidas para paliar as consecuencias da alza de prezos e achegar liquidez ás empresas. Por exemplo, a axilización do bono social térmico ou actuacións nos eidos pesqueiros ou no eido agrogandeiro. Polo cal hai alternativas, señorías.

Señorías, moitas desas persoas que están a sufrir as consecuencias da crise son autónomos. En Galicia hai preto de 208.000 traballadores e traballadoras autónomos que precisan de medidas dirixidas a garantir a súa continuidade, evitar peches e, de ser o caso, tamén a fortalecelos. E, por iso, hoxe o Grupo Parlamentario Popular pide un plan de choque, un plan de apoio ás nosas e aos nosos autónomos que estaría baseado en tres pilares:

O primeiro, dar continuidade ás medidas de estímulo que contribúan a dar viabilidade e consolidar os proxectos empresariais e de actividade económica que realizan.

O segundo, reducir a fiscalidade que soportan os autónomos, e é moi importante este dato, desterrar calquera intento de subir ou de incrementar o que pagan polas súas cotizacións.



E o terceiro, tendo en conta a escalada de prezos que estamos a sufrir, pedimos que se tomen medidas efectivas, que abaraten os custos relacionados cos prezos da enerxía e dos carburantes, porque, non o esquezamos, enerxía e combustible son factores decisivos á hora de garantir a competitividade do colectivo de autónomos, e son custos decisivos sexa cal sexa a actividade que realicen.

No Partido Popular estamos convencidos de que, a diferenza do que está a facer o Goberno da Xunta, o Executivo de Pedro Sánchez tomou decisións equivocadas nos últimos tres anos que deixan a España en peor posición que o resto de países para afrontar esta situación. E agora, por desgraza para todos, non están sabendo dar reposta.

E por iso poñemos sobre a mesa todas estas medidas, medidas en positivo coas que agardamos acertar e coas que acertaremos. Somos exixentes, a nosa iniciativa pon deberes a todas as administracións, tamén á Xunta de Galicia, pero, como en Galicia o Partido Popular ten a responsabilidade de Goberno, estamos poñendo en marcha desde o Goberno, e onte deu conta delas o presidente da Xunta. Seguro que todos coincidimos: os autónomos son un colectivo prioritario pola súa fortaleza, pola súa capacidade de xerar riqueza e de xerar emprego. A día de hoxe este colectivo aínda arrastra as consecuencias das restricións derivadas da pandemia. A maior parte das actividades que tiveron que sufrir restricións concentráronse en dúas áreas: hostalaría e comercio, cun importante número de autónomos. E no último ano soportan ademais a escalada de custos enerxéticos, da escaseza, de incremento de prezos das materias primas, da alza da inflación e do aumento do salario mínimo.

Calquera decisión que se adopte no futuro para este sector debe encamiñarse a garantir a súa continuidade, a ofrecer fórmulas de fortalecemento. Pero a realidade amosa un comportamento moi distinto das diferentes administracións no seu grao de compromiso con estes profesionais. Mentres a Xunta de Galicia ten inxectado máis de 610 millóns de euros en axudas directas ao tecido produtivo galego, constituído na súa maioría, neste caso no 97 %, por autónomos e microempresas; ou co apoio en 2021, por falar dun ano completo, a uns 3.700 autónomos para consolidar e ampliar as súas actividades, o Goberno de Pedro Sánchez actúa en sentido diferente.

O Executivo que preside o socialista Pedro Sánchez está a provocar a súa asfixia. Desde o 1 de xaneiro os autónomos están a pagar máis nas súas cotas, xa que a base de cotización mínima pasou a 966 euros. O ano 2021 terminaba para os autónomos cunha suba das cotizacións sociais introducida nos orzamentos xerais do Estado e imposta sen comunicación previa e sen diálogo con este colectivo.

Todo apunta a que o obxectivo do Goberno de España é seguir incrementando a recadación á conta do esforzo dos autónomos. E eu creo que están a equivocarse. No Partido Popular non negamos que haxa que reformar o sistema de cotizacións, pero nin é o momento de facelo agora, nin o que transcendeu é a reforma adecuada neste momento.

O novo sistema de cotizacións para autónomos debe nacer da reflexión e do consenso, escoitando a todos os interlocutores. Non debe permitirse que a ampla maioría dos autónomos vexan incrementados os seus custos de maneira inxusta e co único afán recadatorio. O slogan



utilizado polo Goberno de España en materia impositiva, que paguen os ricos, amosa que é unha gran farsa. A falta de dilixencia económica do Goberno de España, do Goberno máis amplo e caro da nosa historia recente, págana as clases medias e págana os traballadores. A suba de impostos aos carburantes; a subida do imposto de matriculación e do imposto de circulación; a harmonización fiscal á alza ou iniciativas futuras xa avanzadas, como o establecemento de peaxes pola utilización das autovías, suporán tamén que o paguen os autónomos de Galicia.

E desde o Grupo Parlamentario Popular estimamos que é imprescindible e que é urxente adoptar medidas de apoio ao colectivo das persoas traballadoras e autónomas. Só hai unha dirección correcta se queremos saír da crise provocada pola pandemia, que é recuperar a competitividade da economía.

Remato, señor presidente.

Os datos reflicten que as reformas emprendidas polo actual Goberno galego e as medidas impulsadas pola Xunta son eficaces. A redución da presión fiscal, a eliminación de trabas burocráticas, a mellora das medidas de impulso ao traballo por conta propia, así como a posta en marcha de axudas específicas e de vías de asesoramento como a oficina virtual, logrando un apoio e impulso aos emprendedores. Esa entendemos desde o Grupo Popular que debe ser a liña a seguir.

Señorías, no noso país temos cidadáns, mozas e mozos referentes, emprendedores exemplares, esa Galicia que madruga, esa España que madruga é exemplar, e así o demostrou no momento máis difícil da pandemia. Agora necesitamos o que non estamos a ter, necesitamos un Goberno que tamén estea á altura da situación e do que a nosa sociedade necesita neste momento, e o Goberno de Pedro Sánchez neste momento non está á altura da situación.

Onte na capital de provincia, da miña provincia, na provincia de Lugo, estaba Lugo colapsado: taxistas, camioneiros, gandeiros. E no resto das cidades de Galicia tamén. E o Goberno de España, segundo dixo o meu amigo portavoz do Partido Socialista antes parece ser que ata o día 30 está moi ocupado e ata o día 30 non nos vai dicir o que vai facer. A situación non lle debe preocupar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Señorías —remato—, espero que, ante esta situación, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego teña a ben apoiar esta iniciativa, porque, en definitiva, estaríamos apoiando unha boa parte do tecido empresarial, das microempresas, dos autónomos que temos na nosa comunidade autónoma, que o necesitan tanto ou máis que nunca.

Nada máis, señor presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Esta década estamos encadeando unha pandemia cunha guerra militar, destrución de vidas e unha grande afectación do tecido produtivo. A invasión ordenada por Putin sobre Ucraína desatou un conflito militar con consecuencias económicas mundiais. Esta complicada situación está a afectar ás familias, aos xoves de novo, ás mulleres; e á parte máis débil do tecido empresarial, aos autónomos, que son un dos colectivos máis prexudicados pola subida dos prezos da luz, da gasolina, a inflación, a dificultade de acceso ás materias primas e o impacto sobre o turismo, un colectivo moi importante e esencial, non cabe dúbida, para a economía galega.

Nesta tesitura humanitaria e económica mundial, ¿que fai o Partido Popular de Galicia na súa exposición de motivos desta PNCR rexistrada o 17 de febreiro? ¿Tender a man? Non, o que fai na súa exposición de motivos desta proposición non de lei é falsear completamente a realidade. Sinala que o Executivo que preside Pedro Sánchez está a provocar a asfixia dos autónomos; e, pola contra, o Goberno presidido por Feijóo fixo unha gran xestión das axudas autónomas. Falso, señor Balseiro.

En primeiro lugar, o dato que pon referente aos autónomos no mes de decembro en Galicia non é correcto, non son 218.000 traballadores, senón, segundo fontes da Seguridade Social, 208.809.

Ben, vamos pór a realidade con datos enriba da mesa e non a propaganda e márketing, que é ao que vostedes e o noso presidente Feijóo nos teñen acostumbrados. Con datos de decembro do 2021 na man e recursos e fondos extraordinarios, Galicia recibía 828,4 millóns de euros do fondo extraordinario destinado ás comunidades autónomas. En relación co apoio ás persoas traballadoras e ás empresas, en particular, 210.965 galegos e galegas beneficiáronse das prórrogas dos ERTE. 504,9 millóns de euros foron dedicados a prestacións extraordinarias para traballadores autónomos e autónomas cuxa actividade se viu afectada pola pandemia. 4.456 beneficiáronse só en decembro de 2021 desta extensión de axudas porque se segue axudando aos autónomos neste momento. 1.586 empresas galegas obtiveron avais ICO, que permitiron financiar 348 millóns de euros dende xaneiro. E por non falar dos fondos Next Generation, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, asignándolle 671 millóns de euros. 215,8 millóns para políticas activas de emprego para a cidadanía galega, que non foron capaces de executar —e que xa falamos diso nesta Cámara—. Esta é a realidade, señor Balseiro, unha realidade xa incuestionable.

Pola contra, e hoxe non era o día para ter este enfrontamento, porque a situación política e económica merecen unha altura de miras que nos levara á busca de solucións, como lle pediu o secretario xeral dos socialistas, Valentín Formoso, ao presidente da Xunta, pero que está claro que Feijóo estaba de xira orgánica ata onte; e Pedro Sánchez estaba visitando 8 países para convencer os membros da Unión Europea de desacoplar o prezo do gas e da enerxía eléctrica. Hoxe, por exemplo, estaba contestando a súa portavoz, Cuca Gamarro, no Senado, e parece que non lle gustou a intervención da súa portavoz.



Como dicía, pola contra, o Partido Popular chegou tarde, mal e a rastras nos plans de rescate de autónomos e eles sábeno; de feito, foi debatido nesta Cámara esta cuestión e a posición en distintas iniciativas defendidas instou a Xunta para que levara a cabo este plan de axudas, que dende marzo non foron quen de publicalas ata 8 meses despois. Non sei se recordan as distintas concentracións e manifestacións nas cidades galegas e os carteis que pegaban os autónomos nas súas portas en protesta contra vostedes. Ao final fixeron un *batiburrillo* de ordes con liñas diferentes, cun total de 160 millóns de euros para autónomos e pemes; por non falar dos 234 millóns —que dicía antes— transferidos polo Estado e que non foron executados.

E isto lévanos á reforma do sistema de cotización de autónomos que se está a debater na correspondente mesa negociadora. Un colectivo —o dos autónomos— que foi obxecto de especial preocupación dende que o Goberno de Pedro Sánchez foi investido, despregando políticas consensuadas co colectivo de autónomos para protexelos fronte á pandemia. Os feitos demostran que se tratou de forma diferente este colectivo nesta crise e na anterior, na que o Partido Popular os deixou abandonados á súa sorte con cero axudas. (*Aplausos.*) Nunca un autónomo recibira unha prestación extraordinaria do Goberno do Estado nos máis de 40 anos de democracia, cartos ingresados nas súas contas correntes. Nunca, nunca, se lles exonerara de pagar a cota á Seguridade Social, o Goberno de Pedro Sánchez, si.

E derivado desta política de sostemento de rendas, o Goberno do Estado logrou que hoxe non só non caera o número de traballadores autónomos respecto da situación previa á pandemia, senón que temos 57.000 autónomos máis que os que tiñamos no ano 2020 en España. E referente á media galega entre decembro de 2019 e decembro de 2021 non pasou o mesmo, temos un 0,8 de autónomos menos.

E quero que falemos tamén da anterior crise nuns datos moi concretos. Entre decembro do ano 2011 e decembro do ano 2013, perdemos 105.000 traballadores e medio millón de autónomos, 1 de cada 7. Ese abandono aos autónomos por parte do Goberno do PP aínda o estamos a pagar hoxe.

E eses son os feitos, señor portavoz do Partido Popular. E neste momento o Ministerio de Seguridade Social está inmerso nas negociacións da reforma de cotizacións para cumprir con tres mandatos: un, a recomendación cuarta do Pacto de Toledo, aprobada no Congreso, incluído cos votos favorables do Partido Popular, que recolle que se promovan no marco do diálogo social medidas para aproximar as bases de cotización dos traballadores autónomos e autónomas aos seus ingresos reais, dado que a baixa cotización característica dun colectivo que maioritariamente cotiza pola base mínima é a causa principal das súas reducidas pensións. Este novo sistema debe repercutir na mellora do grao de suficiencia sobre as prestacións futuras.

E o segundo mandato, o acordo sobre pensións, alcanzado cos interlocutores sociais o pasado mes de xullo, que establece que, co obxecto de mellorar e reforzar o sistema de protección de réxime especial para traballadores autónomos e a súa financiación, se acorda establecer un sistema de cotización baseado —repito— nos rendemos reais declarados fiscalmente.



E o terceiro mandado, de venda e reforma número dous, do compoñente 30 e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, acordada coas autoridades europeas. En España, a diferenza do que acontece en todos os países da nosa contorna, temos unhas cotizacións elixidas polos autónomos con independencia dos seus ingresos; e, ademais, a cotización mínima é moi alta para os autónomos que teñen ingresos baixos. Isto provoca a desprotección estrutural deste colectivo e que a xubilación media no RETA sexa un 40 % máis baixa que no réxime xeral.

Por outra banda, o sistema de cota mínima universal é moi alta para os autónomos que atravesan fases de ingresos baixos, polo que esta reforma vai encamiñada a facer máis liviana as cotizacións para os autónomos nas fases de ingresos baixos, polo que o obxectivo da proposta do ministerio que se está a negociar é unha proposta para facer un sistema máis equitativo, para tratar de forma diferenciada as diferentes realidades económicas ás que se enfrontan os autónomos; que mellore a acción protectora, que sexa máis flexible, e converter a prestación extraordinaria creada durante a pandemia nunha prestación estrutural, ademais de reformular a ordinaria por cese de actividade, coa intención de ofrecer aos traballadores autónomos o dereito de protección adicional fronte a unha crise ou a unha situación de emerxencia. Un sistema que se module e adapte ás diferentes etapas con cotizacións moi baixas cando comezan a súa actividade, que se adapte aos seus ingresos, e con acceso á protección de rendas en situacións de crise.

En conclusión, estase traballando dende o Goberno con asociacións e interlocutores para modernizar o sistema de protección de autónomos e deseñando un sistema máis xusto e que non abandone os autónomos durante os malos momentos. E cos rendementos actuais, un 53 % vería como as súas cotas se reducen; un 17 % non mudaría respecto da situación actual; e beneficiaríanse especialmente as mulleres e os xoves, 2 de cada 3 beneficiarios serían mulleres e 2 de cada 3, xoves.

Por último, falar de fiscalidade con vostedes é complicado coas manifestacións vertidas polo presidente respecto a que o Goberno se forra cos tributos que xestiona a Administración central. Unha estratexia de eludir responsabilidades e de culpar sempre a outros dos problemas da comunidade autónoma galega. Durante o ano 2020 —datos da Axencia Tributaria galega— Galicia recadaba impostos por valor de 540 millóns de euros, sen sumar os impostos que nos transfiren do Estado, como o 100 % da electricidade ou o 58 % do imposto especial sobre hidrocarburos. Con todo, hai que pensar se a solución é unha baixada de impostos xeral que beneficie a todos por igual ou buscar fórmulas para incentivar os sectores máis prexudicados; e, por suposto, tamén con bonos ás familias.

Respecto ás rebaixas de ámbito autonómico de que falan, ¿cal, señor Balseiro? ¿A que beneficiaba en 10 euros as bases liquidables medias, aquelas de entre 18.000 e 24.000 euros, e en 500 euros as bases de máis de 60.000 euros? O modelo fiscal da Xunta de Galicia regresivo beneficia os que máis teñen, como o imposto de sucesións. Unha política fiscal que non ten impacto real, non crea emprego nin fixa poboación. Nun momento tan complexo busquemos medidas reais e deixemos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—termino— as operacións cosméticas para outro momento.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Bos días a todos e a todas.

Antes de entrar no que é a parte resolutiva desta iniciativa, non podo evitar comentar determinadas cuestións que están recollidas na exposición de motivos e que realmente fan doer os ollos.

Como xa vén sendo habitual nas iniciativas do Grupo Parlamentario do Partido Popular, repiten vostedes case sempre a mesma receita: unha pizca de datos extraídos de fontes oficiais —é certo— pero debidamente peneirados para quedar con aqueles que parecen amosar unha actuación competente do Goberno galego. Así, indican vostedes no parágrafo primeiro da proposición non de lei que a nosa terra pechou o 2021 cun incremento no número de traballadores por conta propia que amosa que cada día máis persoas emprenden. Elevan en decembro do ano 2021 a 218.000 as persoas afiliadas ao réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social, dato que non é correcto. Pero é que ademais, curiosamente, obvian outros datos que, sen dúbida, enriquecerían, e moito, o guiso; por exemplo, datos como que Galiza conta con 23.213 autónomos menos que en 2009. Nesa data o número de ocupados por conta propia chegaba aos 231.158; en febreiro deste ano a cifra tense reducido a 207.945 persoas autónomas. Polo tanto, moi por debaixo das persoas que vostedes din que estaban afiliadas no RETA en decembro do ano 2021.

Outro dato realmente significativo, que vostedes tamén calan, é que dende o ano 2009 en ningunha anualidade, agás no ano 2021, aumentou o número de empregados neste réxime. Os anos 2010, 2011 e 2012 foron os peores anos para o colectivo, que non conseguiu recuperar as baixas nos exercicios seguintes.

Como tampouco incorporan á tixola outro dato importante, o número estimado de falsos autónomos, porque outra realidade que vostedes obvian é que a porcentaxe de persoas rexistradas no RETA que responden ao perfil de falso autónomo, que se trata precisamente de persoas que se autoempregan para permanecer no mercado laboral, sobre todo persoas maiores de 55 anos que perderon o seu emprego durante a pandemia. Ou as persoas que recorren a esta figura para seguir prestando servizos nunha empresa á custa de perder dereitos laborais. Segundo estimacións do Informe GEM Galiza 2020-2021, atópanse nesta situación arredor de 20.000 galegas e galegos. O GEM hai que recordar que é un observatorio inter-



nacional cuxo obxectivo é analizar e avaliar o impacto da actividade emprendedora no crecemento económico como factor determinante para o desenvolvemento e benestar das sociedades nas que ten lugar. A equipa galega do GEM nace do convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela —que elaborou o estudo—, a propia Xunta de Galiza —a través do Igape— e a Confederación de Empresarios de Galiza —que ademais lideraba a equipa—. ¿Discutirán, por tanto, vostedes estes datos, señores e señoras do Partido Popular? ¿Discutirán tamén que os autónomos involuntarios representan máis do 30 % do total do autoemprego na Galiza, situándose 7 puntos por riba da media estatal? Porque quen o di é a profesora da Universidade Carlos III de Madrid Raquel Carrasco e a profesora Virginia Hernanz, da Universidade de Alcalá. Como é sabido, dúsa recoñecidas independentistas galegas.

Por suposto que as persoas autónomas foron un dos colectivos máis afectados pola covid-19. O Banco de España nun recente informe sinala que xa en maio do ano 2020 máis dun terzo dos traballadores autónomos con menos rendementos perderon o 46 % dos seus ingresos: e o peor é que só conseguiron recuperar en novembro o 17 % desas perdas.

O empobrecemento deste colectivo xa vén de vello, pero está claro que se acentuou nos últimos anos, incluso antes da pandemia. Unha mostra disto son as pensións medias dos autónomos galegos, cifradas en 668,9 euros; 518 euros por debaixo dun asalariado. Segundo o informe da Asociación de Autónomos de Galiza, de ATA, as pensións dos autónomos galegos son das máis baixas do Estado.

Pero vostedes prescinden destes datos á hora de elaborar a súa iniciativa. E así, sen eses datos, o que vostedes queren presentar como un manxar queda nun caldo limpo ou, como di miña avoa, nunha «auga chilri». E amosa outra constante do Partido Popular: facer unha lectura partidista dos datos oficiais, e iso é facer trampas, é puro autobombo e cero autocrítica.

A realidade é que as persoas autónomas viñan arrastrando unha situación moi complicada antes xa da pandemia e que esta sen dúbida acentuou, ata o punto que podemos dicir que a precariedade afecta neste momento a moitísimos traballadores por conta propia. Até o punto de que o propio Banco de España apunta que o efecto da pandemia continúa provocando bolsas de pobreza que non teñen pinta de solucionarse a medio e curto prazo pola inflación, pola subida constante das subministracións e materias primas e polos propios efectos da guerra de Ucraína.

Non serei eu, dende logo, quen vaia defender o Goberno do Estado, pero afirmar como fan vostedes que o Executivo está a provocar a asfixia do sector paréceme cando menos dun cinismo subido. Porque, no tocante aos autónomos, a responsabilidade é compartida.

É certo que a Xunta puxo á disposición do tecido empresarial galego as axudas do primeiro e do segundo plan de rescate, pero non din que tiveron que pasar máis de nove meses dende o comezo da pandemia para que a Xunta articulase as primeiras liñas de axudas directas dirixidas a autónomos e a pemes. Durante nove meses, os máis duros da pandemia, nin a Xunta nin o Estado articularon liñas de axudas directas dirixidas a este colectivo, e isto tivo



un custo dramático: a desaparición de case o 2 % das empresas que constitúen o tecido empresarial galego, constituído principalmente por autónomos e por microempresas. Pecharon só no ano 2020 3.156 empresas, segundo o balance do directorio central de empresas, DIRCE.

Con estes antecedentes, caeríame a cara de vergonza de poñer por escrito, como fan vostedes no corpo desta iniciativa, que os datos reflicten que as reformas emprendidas polo Goberno galego lograron un apoio e impulso aos emprendedores e esa debe ser a liña a seguir. *(Aplausos.)*

É unha falta de respecto porque amosan unha soberbia e unha falla de autocrítica total, impropias dun Goberno que se queira chamar responsábel e, sobre todo, honesto.

No relativo á reforma do sistema de cotización das persoas autónomas que pretende o Goberno do Estado, hai que dicir que, en primeiro lugar, a maneira de afrontar esta reforma foi cando menos caótica. Iso é algo que se pode observar mirando simplemente a prensa. Xa non vou entrar en que sexa oportuna ou non neste momento, pero o que si dá a sensación é de ser improvisada. Só así se entende que dende hai meses se sucedan no marco das negociacións que está mantendo o Goberno coas principais asociacións de autónomos cambios constantes nos novos tramos propostos ou nas propias cotas mensuais, ou nas bases de cotización. Está claro que un sistema por tramos pode e, seguramente, vai ser positivo. A evolución cara a un sistema de cotización por tramos segundo ingresos reais permitiría que os traballadores autónomos coticen en función do que gañen e iso está ben. É xusto que os que máis gañen paguen máis para así avanzar cara a un sistema máis equitativo. E, neste sentido, é lóxico que os autónomos dos tramos superiores teñan que facer un maior esforzo contributivo.

Por iso non entendemos que se variase a proposta inicial, que partiu neste caso do Estado, no que as cotas se mantiñan igual ou reducían para a maioría dos autónomos e aumentaban a parte restante con ganancias máis elevadas. Pero coas últimas modificacións dáse unha merma nas cotas dos escalóns máis altos, o que suporá unha diminución dos ingresos do sistema e isto fará máis difícil acadar ese sistema máis equitativo, que debería ser o obxectivo polo menos dun Goberno progresista.

Pero, máis aló disto, dende o sector enténdese que esta reforma está moi verde, porque deixa moitas cuestións sen regular ou faino dun xeito inconcreto. Por exemplo, ¿como se vai regular o salto de tramo? Os tramos flexibilizan a cotización, pero ¿que ocorre se estou no límite de ingresos para cambiar de tramo? Ese cambio de tramo por uns poucos euros pode supoñer un custo moi, moi importante para un autónomo. Ou que pasa se nun ano o meu rendemento é de 30.000 euros, pago a cota e pago unha cota próxima aos 500 euros, pero ao ano seguinte eses rendementos se reducen a 10.000. ¿Cambio de tramo e, polo tanto, redúcese a cota de maneira automática ou mantéñome na que xa tiña? Tampouco está aclarado. ¿Como se vai regular, por exemplo, o alcance do requisito de habitualidade do traballo a partir do nivel de ingresos? Actualmente cando realizo traballos esporádicos ou ocasionais, se non supero o salario mínimo interprofesional anual, non teño que darme de alta no RETA, pero tampouco cotizo; e esta cuestión tampouco se está tratando.

Nada se adianta tampouco sobre os autónomos a tempo parcial, unha figura na que se compatibiliza o traballo asalariado con horas de traballo por conta propia.



Dende o BNG entendemos que un tema deste calado exige claridade, pero tamén exige exhaustividade. Só así lle daremos seguridade ás persoas autónomas. E a forma de afrontar esta reforma polo Goberno central só se pode cualificar —e permítanme a expresión— de chapuceira e inconcreta, por non dicir lesiva incluso para os autónomos que se moven nos primeiros tramos, que en Galiza constitúen o 85 %. E estes ademais van ter que pagar máis.

Volvendo ao PP, tamén é curioso que pidan consenso para a reforma cos grupos políticos e cos representantes dos colectivos de autónomos. O señor Feijóo dicía onte que falar é unha obriga dun Goberno e que hai que escoitar a todo o mundo; «consellos vendo que para min non teño». Cinismo puro dun Goberno galego que se negou a falar, por exemplo, con asociacións de autónomos, concretamente de hostalería, que mantiñan unha postura crítica coa forma de actuar da Xunta de Galiza e do Goberno durante a pandemia.

Sería bo tamén que explicasen en que consiste esa ampliación do cesamento da actividade a que fan referencia na súa iniciativa, cando neste momento xa é de 24 meses, igual que os traballadores por conta allea. E coidado con empregar con lixeireza a expresión a cero ingresos, cota cero. Porque, se non pedimos en paralelo reforzar o que é o sistema de inspección, estamos abrindo unha espita perigosa para a fraude.

Quitando o primeiro apartado, no que piden da Xunta manter axudas ao sector, algo que temos solicitado e apoiado en reiteradas ocasións, o resto da parte resolutiva é unha mezcla de inconcreción e autobombo, que se debe enmarcar na campaña de apoio ás aspiracións políticas do señor Feijóo. Instrumentalizar ou intentar instrumentalizar o Parlamento galego a través desta iniciativa con esa finalidade, señoras e señores do PP, está feo, non é honesto e ademais supón enganar un sector que non está precisamente para gaitas. *(Aplausos.)*

Coa que está caendo e co que vén nos próximos meses, os galegos e as galegas o que precisamos son iniciativas realmente propositivas, que busquen producir efectos reais nos problemas, non iniciativas «auga chilris», descafeinadas, de autobombo e cero autocríticas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Non puiden saber se vostedes van apoiar esta iniciativa ou non van apoiar esta iniciativa; sería un gran erro non apoiar esta iniciativa no momento que estamos a vivir. Paréceme que si, paréceme que si, porque algún xa leva algún tempo nesta casa e sempre a esquerda, cando non ten que dicir, cando non ten que dicir, critica a exposición de motivos das iniciativas.

E voulle contar o que me pasou a min un día cunha deputada que xa non está nesta Cámara. Era da esquerda, non vou dicir por respecto ao non estar nesta Cámara. Entón eu traía unha



iniciativa para declarar a Festa do Bonito de Burela de interese turístico galego, e veu a exposición de motivos e veu as vacas. E dixo: «Burela é un concello que vive das vacas, da agricultura e vive do mar». E Burela quizais sexa o único concello da provincia de Lugo que non ten nin unha soa vaca. Iso pasou neste Parlamento. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Iso pasou neste Parlamento.

E a vostedes hoxe tamén pode ser que lles pasara igual, porque tanto a señora Rodríguez Dacosta como o señor Pérez López tamén se basearon na exposición de motivos. Pero eu rétoos a vostedes a que calquera dos datos que dei eu aquí nesta tribuna os desmintan vostedes, porque son datos oficiais, son datos oficiais.

E dixo a señora Rodríguez Dacosta, que parece que a situación, despois de escoitala a vostede, é normal, e botoulle vostede a culpa á guerra. Home, a situación económica arrastrámola desde antes da guerra, desde antes da guerra, unha situación económica complicada, non lle boten vostedes á guerra... A guerra loxicamente non axudou a melloralas, só faltaría. E dixo que o presidente do Goberno que estaba cos socios da Unión Europea convencéndoo para que fixeran rebaixas. Home, iso calquera que nos estea escoitando é unha falta... non vou dicir de que. Mire, países da Unión Europea: Bélxica, Alemaña, Portugal, Francia, todos estes países tomaron medidas, todos. España, ¿sabe que medidas tomou? Cero.

Pero agora vostedes falan do aumento das cotizacións e falan das cotizacións. Miren, co Partido Socialista no Goberno de España isto aspira a ser un inferno fiscal cos autónomos. Vostedes subíronlles as cotas aos autónomos, subíronlles as cotas aos autónomos sen consenso. España xa conta en termos xerais coas taxas de cotización máis elevadas de Europa, máis elevadas de Europa. Mire, vamos facer unha comparativa. En España a cotización pola base mínima son 294 euros: en Reino Unido por poñer un exemplo 14 euros, menos de 600 euros de ingreso; 58 euros se facturan por riba desa cifra; Alemaña, un autónomo por debaixo de 1.700 euros de ingresos non paga nada e, por riba, paga 170 euros; Portugal, pagan en función dos ingresos que tiveron ao longo do ano, que poden escoller entre cotizar un mínimo do 25 % ou do 32 % que ofrece maior protección; Francia eliminou o réxime de autónomos e as cotas varían entre o 12 % nas actividades comerciais e o 18 % nas actividades liberais; e así poderíamos continuar un longo etcétera.

E vostedes falan da perda dos autónomos, pero vostedes utilizan os datos segundo a súa conveniencia. Falan da perda dos autónomos en Galicia desde o ano 2019, pero non explican que foi co Goberno do Partido Popular cando acadamos a cifra máis alta de afiliados, de autónomos á Seguridade Social. E que despois chegou a crise e chegou a pandemia. E tampouco din que no ano 2021 a tendencia mudou, o dato é relevante porque pechou o ano cun saldo positivo de máis de 1.456 autónomos. E tampouco explicaron que, segundo o Banco de España, os traballadores por conta propia perderon máis ingresos pola pandemia que un asalariado, que un parado e que un xubilado. E é a ese colectivo ao que o Goberno do Partido Socialista, ese colectivo é ao que o Goberno do Partido Socialista sobe as cotizacións, obriga a soportar unha inflación do 7,4 % e incrementa os custos de contratación.

E, pola contra, puxo en marcha cos gobernos do Partido Popular a tarifa plana e deulles a maior protección de Europa en dereitos aos autónomos, acceso á xubilación, incapacidade



temporal, baixada por maternidade e paternidade, cobertura por desemprego e por iso, señores da oposición, que vostede dixo, señor Pérez, que non apoiaba o Goberno de Sánchez, pero recórdolle que vostede e o seu grupo, o Bloque Nacionalista Galego, axudaron a poñelo onde está, votando favorablemente a investidura. Hai dúas formas de facer política: unha é a que practica a Xunta de Galicia, co seu Goberno e co seu presidente ao fronte, tomando medidas; e outra é a que practica o Goberno que axudou a poñer o Bloque Nacionalista Galego, o Goberno do Partido Socialista, o que apoian comunistas e a esquerda máis radical, que é esconderse e non adaptar ningunha medida cando arde en llamas a calle en Galicia e en España. En Galicia e en España. *(Aplausos.)* E vostedes seguen nesa burbuja que probablemente a burbuja...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ... non lles deixa ver o que pasa na calle. Pero no Partido Popular, como somos o partido que máis nos parecemos a Galicia, que máis nos parecemos ás galegas e aos galegos, que estamos na calle...

O señor PRESIDENTE: Tranquilo, tranquilo.

O señor BALSEIRO OROL: ... e que falamos coa xente, por iso traemos este tipo de iniciativas ao Parlamento de Galicia porque son da calle, da xente, dos nosos paisanos, dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Non, non, agora non, deixe... Por hoxe xa chegou. A emenda.

A emenda, ¿que facemos con ela?

Non, vale, grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Begoña Freire Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución:



Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º- Unha vez que o Goberno central finalice os trámites necesarios e realice a correspondente dotación de fondos, convocar de xeito inmediato as axudas dos Programas de Vivenda Estatal 2022-2025, para que os mozos e mozas galegas que residen en concellos de menos de dez mil habitantes se poidan beneficiar das subvencións para a adquisición dunha vivenda así como das axudas ao alugueiro, no marco das políticas transversais de reto demográfico.

2º- Afondar na implementación das medidas necesarias para que das convocatorias efectuadas pola Comunidade Autónoma en materia de vivenda, se facilite información detallada as persoas ou colectivos máis vulnerables, con especial relevancia os perceptores de Rendas de Integración Social (RISGA), Ingreso Mínimo Vital ou persoas en situación de emerxencia social.

3º- Continuar pola Xunta de Galicia coas medidas complementarias ao desconto xa existente do 60 % no bono social eléctrico para os fogares vulnerables e o 70 % para os fogares con carencias materiais severas (prorrogados ata o 30 de xuño polo Goberno do Estado), tendo en conta o incremento notable da enerxía como consecuencia da guerra de Ucraína.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

«4. Asumir como obxectivo estratéxico, dentro do Plan de Vivenda 2021-2025 da Xunta de Galiza, poñer freo ao aumento desorbitado dos prezos da vivenda libre.

Para tal fin impulsará un plan específico que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

-Aumentar de forma substancial a porcentaxe de vivenda pública.

-Mobilizar a vivenda baleira cara ao aluguer accesible.

-Establecer un programa de axudas ao aluguer propias, dirixidas a complementar e garantir o acceso á vivenda para persoas en situación de emerxencia e de vulnerabilidade. Igualmente, establecer medidas e fondos complementarios para abordar os problemas de emancipación da mocidade galega.

-Establecer un programa de axudas á rehabilitación enfocada a mellorar a habitabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética para aquelas persoas en situación de vulnerabilidade ou precariedade.

-Elaborar un estudo e diagnóstico, pormenorizado e territorializado, das variacións dos prezos da vivenda libre en aluguer en Galiza. A partir deste, establecer criterios e medidas que permitan a contención, control e seguimento dos prezos.»)



Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Ben, falando, como dicía o señor Balseiro, de burbullas, de familias asfixiadas, que as hai evidentemente, temos que falar e de formas de gobernar dicía, ¿verdade?, que hai dúas formas, saberán vostedes que un dos principais problemas que teñen as familias, non só agora, como dicía o señor Balseiro, efectivamente, derivada da situación e das consecuencias da guerra, senón de hai moito tempo, sobre todo na última década, un dos principais problemas que teñen as familias galegas é o acceso á vivenda, e imos falar de xeitos de facer política e imos falar, efectivamente, de vivenda. Tamén no contexto actual no que os prezos dos arrendamentos seguen escalando nos últimos tempos, pois neles incide tamén ese aumento dos prezos da enerxía, dos combustibles que redundan, en definitiva, en todos os bens de servizos, de consumo, dende a roupa, dende os alimentos. Pero, como dicíamos, esta é unha crise que amosan todos os indicadores que aquí en Galicia xa estaba presente antes desta crise actual de encarecemento de prezos, antes mesmo da crise xerada pola pandemia.

Pero o certo é que agora están empeorando esas cifras, ese encarecemento, como dicíamos, fundamentalmente dos prezos do alugueiro. No último ano é un informe que se presentaba a comezos desta semana, este luns, da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que situaba a subida no último ano dos arrendamentos, do prezo dos arrendamentos arredor dun 4 %. Que ademais, o peor é que advirte que esa escalada vai continuar ata situarse arredor do 8 % interanual no segundo e terceiro trimestre deste ano. Pero, como dicía, este é un problema que xa estaba aí. Nas cidades galegas xa se teñen incrementado arredor dun 25 % eses prezos dende o ano 2016, e sabemos tamén que a máis da metade das galegas e dos galegos xa lles custaba pagar o alugueiro moito antes de todo isto.

O mercado, polo tanto, leva tempo tensionado pola escasa oferta fundamentalmente de vivenda, de alugueiro asequible e polo nulo impulso das políticas públicas de vivenda deste Goberno do señor Feijóo e do Partido Popular, xa que falamos de formas de gobernar.

Evidentemente, cada crise que sumamos, sexa pandemia, sexa o encarecemento dos distintos prezos, agudiza esta crise que, como dicíamos, xa estaba de manifesto.

De feito, por desgraza, temos advertido que non hai máis en materia de vivenda que políticas de estruendo, mediáticas de grandes titulares e de propaganda, e só basta e abonda con confrontar o publicado no DOG nos últimos tempos.

Falando de grandes anuncios, porque dicía tamén o señor Balseiro que non abundaban as palabras, que había que ser serios e responsables e saír da burbulla, lembrar, por exemplo, un dos últimos anuncios que facía en xaneiro de 2021 o presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo, que anunciaba ese gran plan social de vivenda 2021-2025; dicía que se ían mobilizar máis de 1.000 millóns de euros entre públicos, investimento privado e que se ía axudar directamente con este plan social da vivenda a 70.000 familias. E nós dicimos ¡oxalá!, porque



máis dun ano despois se collemos o DOG deste 2022: subvencións, 860.000 euros para bono alugueiro social, 860.000 euros; para rehabilitar edificacións para alugueiro de propiedade municipal 630.000 euros; e subvención para infravivenda 370.000 euros. Eses son os miles de millóns que anuncia o presidente da Xunta de Galicia.

Paralelamente, o Goberno do Estado vén de aprobar o Plan estatal de acceso a vivenda 2022-2025, que está enfocado fundamentalmente a incidir nos colectivos máis vulnerables, tanto con axudas directas a compra como con axudas directas ao alugueiro; que prevé fundamentalmente facilitar o acceso ás persoas en risco de exclusión social. E, falando de burbullas, fale vostede co consejero da señora Ayuso que non ve os pobres, que asegura que non hai xente necesitada, pero logo somos os da esquerda os que estamos nunha burbulla. Pois este Plan estatal de vivenda ten previsto facer especial incidencia nesas persoas en risco de vulnerabilidade, tamén en mulleres vítimas de violencia machista e tamén en axudas ao alugueiro á xente moza. Entre outras medidas, contempla a cobertura tamén en gastos de subministracións, de comunidade que poden chegar ata o cen por cento. Por iso é tan importante, e traemos esta iniciativa neste contexto, porque o importante é que a eses fondos que xa están transferidos se lles dea saída e se axilice dende o Goberno da Xunta de Galicia, que é o responsable de facelo.

No marco destas medidas tamén do Plan estatal de axuda de acceso a vivenda hai un programa específico destinado ás mozas e mozos vencellado ao reto demográfico, que ten que ter un impacto moi especial na nosa comunidade porque se trata de axudar a mobilizar vivenda e acceso á vivenda á mocidade naqueles concellos que teñen menos de 10.000 habitantes; é dicir, que no caso de Galicia estamos falando de máis do 80 % dos concellos. Polo tanto, pensamos que mobilizar todos eses fondos que xa están transferidos neste exercicio é absolutamente prioritario e fundamental. Estamos falando de que están comprometidos para este ano 2022 19,6 millóns de euros complementados cos 11,7 millóns de euros do Programa Alugueiro Xove.

Falamos dunha primeira axuda para a compra de vivenda de ata o 20 % do prezo total; unha segunda axuda ao alugueiro de carácter mensual de ata 600 euros e por un prazo de cinco anos; unha axuda que ademais —e isto é moi importante— é compatible co bono alugueiro xove, de xeito que podería cubrir ata un máximo do 75 % do alugueiro.

Lembramos aquí, e temos insistido no problema serio que xa antes dicíamos das crises actuais, da pandemia, as mozas e os mozos galegos nos últimos rexistros que temos están nos peores datos de emancipación na última década. Temos lembrado que a última enquisa de fogares do Instituto Nacional de Estatística sitúa a mocidade galega á cola, entre a cola das comunidades que están á cola nos niveis de emancipación dende que hai rexistros. Isto de antes e que as competencias, insistimos, de vivenda, neste Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso —dicíamos— é tan urxente axilizar e dar saída a eses fondos transferidos, pero tamén diante destas medidas que buscan atacar o problema da vivenda no conxunto do Estado e en consecuencia tamén en Galicia, resulta realmente preocupante que nos atopemos cun presidente dun Goberno autonómico instalado na confrontación —vímolo onte— permanente, a pesar —dicíamos— de contar con esas competencias exclusivas. Agora que toca



facen balance, cando unha persoa deixa o seu posto de traballo, de responsabilidade, xa sexa no público ou no privado, como vai facer neste caso o presidente da Xunta de Galicia, cómpre sempre facer balance. Pois, se falamos de vivenda de políticas de vivenda pública, estes trece anos son de auténtico fracaso, collamos o indicador que collamos. A escasa execución orzamentaria, ocupar a última posición entre as comunidades autónomas na construción de vivenda protexida en relación á vivenda construída, a pesar tamén de saber que o rexistro de demandantes amosa unha necesidade imperante, maioritariamente de que as familias, as persoas, as galegas e os galegos, demandan unha vivenda asequible en réxime de alugueiro, tamén sabemos que temos só un 19 % das xa escasa vivenda protexida dedicada ao alugueiro.

Temos tamén, tanto que gustamos dos ránkings, os peores postos entre as comunidades autónomas de investimento orzamentario por habitante en vivenda pública. Podemos volver insistir na minoración orzamentaria en políticas de acceso á vivenda nesta década. Aínda hoxe, agora os programas de acceso á vivenda seguen moi por debaixo, menos da metade do que se destinaba no último Goberno, no último exercicio do Goberno bipartito.

E todo isto, todos estes datos, todos estes indicadores teñen reflexo neses problemas que dicíamos antes de emancipación da mocidade galega ou quedan patentes tamén nos informes do estado da pobreza en Galicia. No ano 2021, a Rede Galega contra a Pobreza poñía unha vez máis de manifesto que as dificultades de acceso á vivenda están a agravar as carencias materiais severas na nosa comunidade. Segundo este informe, a porcentaxe de persoas con carencias materiais severas en Galicia afecta xa a 253.000 galegos e galegas, pasando do 3,6 % do 2019 a máis do 5 no 2020, e con especial afectación ademais ás mulleres, nunha feminización da pobreza na nosa comunidade.

En definitiva, os datos que nos achegan e que reflicten claramente os diferentes indicadores amosan ese empeoramento preocupante das dificultades que xa había de acceso a unha vivenda digna, axeitada e asequible, en especial para a poboación máis vulnerable. Insistimos, antes deste contexto tan sumamente complicado a Rede Galega contra a Pobreza xa advertía á Xunta de Galicia no medio da pandemia que de nada valían os esforzos dende a Consellería de Política Social se dende o orzamento de xeito transversal o Goberno galego non se ocupaba de solucionar o gravísimo problema en materia de vivenda que temos na comunidade. Teñen agora con esta iniciativa a oportunidade, efectivamente, de falar de que hai xeitos de gobernar, que somos responsables neste momento complicado, máis aló das palabras e dos grandes anuncios e da grandilocuencia.

Polo de agora máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Están connosco, e saudámoslos, os alumnos de quinto e sexto de primaria do centro Ponte Carreira, en Frades, Coruña. Benvidos ao Parlamento.



E agora polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Bo día aos rapaces e rapazas que nos acompañan hoxe.

Non sei se se fixaron vostedes en que nas últimas semanas a conselleira de Vivenda anda de xira polas cidades galegas. Esa xira consiste en ir dar coñecer os numerosos programas en materia de vivenda que ten a Xunta neste momento; e, claro está, en cada concello unha nota de prensa que sempre dá a entender que a política de vivenda da Xunta funciona a toda máquina.

Pois ben, eu convídoos a que hoxe se poñan na pel dunha persoa que ten dificultades para pagar a vivenda a fin de mes e que abre un xornal e mira esas novas esperanzadoras da Xunta de Galiza. ¿que farían vostedes? Pois o primeiro que farían é ir á páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo para ver todos eses maravillosos programas que oferta a Xunta.

E o primeiro no que podería clicar é a pestana de programas destinados ao acceso ao alugueiro. E aquí atopamos o programa bono de alugueiro social dirixido a persoas en situación de extrema vulnerabilidade, como persoas desafiuzadas. Se fose o caso de que esta persoa está nesa situación, suponse que podería solicitalo, pero é imposible porque non está convocada en realidade esa axuda.

Tamén temos o programa bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero. Se se trata dunha muller que sufriu maltrato, que sufriu violencia vicaria, que tamén é violencia machista, suponse que debería poder acceder a este programa. *(Aplausos.)* Pero resulta que é imposible porque non hai convocatoria.

Temos tamén as axudas ao alugamento de vivendas, dirixidas a rendas máis baixas con dificultades para facer fronte ao pago da renda, pero non se pode solicitar porque non están convocadas. Temos tamén anunciadas as axudas ao alugamento da vivenda para xente moza, non se poden solicitar porque non están convocadas.

E, por último, temos o programa de vivenda baleira, adiviñen, non se pode solicitar porque non están convocadas dende hai anos.

E aquí acábanse todos os programas que ten a Xunta de Galiza neste momento anunciados para facilitar o acceso ao alugueiro. Todos teñen o seu anuncio, todos teñen a súa pestaniña anunciada na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pero ningunha pode realmente solicitarse: hai cero axudas ao alugueiro dispoñibles neste momento. A persoa que está nunha situación complicada dirá: bueno, a ver que podo facer, se é que os cartos me dan —e se os cartos llo permiten— nos programas destinados a subvencionar a compra da vivenda. E aí atoparíamos dous programas: por un lado, a axuda á compra de vivenda protexida; e aquí, vaia, esta si que está convocada, esa pódese solicitar. E temos tamén a axuda á adquisición de vivenda en centros históricos, tamén neste caso o programa está activo e pode solicitarse.



E creo que xa chegou para entender como está orientada a política da Xunta. Axudas para poder pagar o alugueiro, cero; e axudas para incentivar a compra, dúas activas. Ou, o que é o mesmo, axudas para as persoas en situación de maior vulnerabilidade, maior precariedade, dificultades para o aforro e o endebedamento, ningunha, cero; axudas para as persoas con certa estabilidade económica que lles permita solicitar unha hipoteca ou incluso pagar a vivenda en man porque teñen aforros, aí si que a Xunta pode botar unha man, aínda que en realidade na letra pequena esas axudas teñen tamén bastante de propaganda e pouco de orzamento.

En todo caso, queda claro cal é o criterio xeral da Xunta en materia de vivenda: canta máis axuda necesites, menos axuda che presta a Xunta; e que as políticas de vivenda non están dirixidas a mellorar o acceso á vivenda, senón a dinamizar o sector inmobiliario.

E alguén se preguntará escandalizado como pode ser que os programas máis urxentes en materia de vivenda estean todos, todos paralizados. Pois ten unha explicación moi simple: que a Xunta de Galiza limitou estes anos a súa actividade en materia de vivenda a xestionar única e exclusivamente os programas do Plan estatal de vivenda sen desenvolver as súas competencias. E agora, que non gobernan no Goberno central os seus, pois están bloqueando a convocatoria dos programas estatais. ¿Resultado? Non hai políticas de vivenda activas.

O Goberno estatal vén de aprobar ese novo Plan estatal de vivenda para o período 2022-2025, que o que fai é substituír o anterior plan de vivenda, que era o da etapa Rajoy. Ese novo Plan de vivenda mellora o anterior nalgúns aspectos importantes que, obviamente, non lle gustan nada ao Partido Popular porque é aumentar as contías de axuda ao alugueiro, fomentar o parque público de vivendas... Pero tamén hai que recoñecer que incorpora algunhas cuestións que si lle gustan ao Partido Popular, como son as bonificacións aos propietarios por vivenda alugada. Por tanto, ese novo Plan estatal de vivenda 2022-2025 é un plan que, con carácter xeral, serve para avanzar na mellora da accesibilidade, é máis redistributivo na repartición de fondos, pero tampouco supón un cambio de paradigma respecto do anterior.

Seguro que neste debate escoitamos un pouco as posicións esaxeradas. Unha parte da bancada entende que isto é case como un plan novo revolucionario, e na bancada Popular van botar as mans á cabeza porque ese Plan estatal de vivenda é unha cousa letal, xuridicamente imposible. E, na nosa opinión, cremos que hai unha visión ponderada e é que ese plan estatal ten avances, pero que tamén é continuísta en moitos aspectos chave co anterior.

Así que cremos que o boicot que está facendo o Partido Popular ten algo de confrontación partidaria pero é, sobre todo, plenamente coherente coa súa posición a calquera tipo de política de vivenda pública veña de onde veña. Porque, miren, o Partido Popular non só boicotea os programas de vivenda do plan estatal, tamén está boicoteando os programas dos fondos europeos. Hai 5 meses que se aprobou o real decreto que regula as axudas dos fondos europeos e a Xunta a día de hoxe aínda non fixo a convocatoria deses programas. O prazo para xustificar esas axudas acaba en 15 meses, o sector da construción, as posibles persoas beneficiarias están temendo —e con razón— que os fondos europeos finalmente queden sen executar por culpa do retraso da Xunta na convocatoria das axudas. Por tanto, boicotean o



Plan estatal de vivenda, boicotean os fondos europeos destinados á vivenda, pero é que tamén boicotean os propios programas da Xunta, porque hai poucos programas propios pero algún hai. Os dous máis notables son: Programa de vivenda baleira, con 4 vivendas mobilizadas; ou o Programa Rexurbe, con 9 inmobles rehabilitados, cando prometeron en campaña rehabilitar 3.000 vivendas. Fíxense se se boicotea a Xunta a si mesma, que os resultados dos programas sempre se poden contar cos dedos das mans.

Tamén incluso chegaron a boicotear o anterior Plan estatal de vivenda do Partido Popular cando cambiou o Goberno. En 2020, no medio dunha pandemia, non convocaron as axudas ao alugueiro que estaban estipuladas no Plan de vivenda de Rajoy. Tamén boicotearon a liña de axudas do Estado especiais durante a covid para o pago do alugueiro, tiñan un orzamento de 2 millóns de euros e deixaron medio millón sen gastar.

É dicir, boicotean os programas de vivenda estatais, boicotean os programas de vivenda europeos, boicotean os programas de vivenda propios da Xunta. É dicir, que non é que non lles guste o plan estatal do actual Goberno central, é que non queren políticas de vivenda. E esta é a cuestión, que o Partido Popular está camuflando nunha confrontación co Goberno central o que en realidade é unha negativa xeral a facer políticas de vivenda. (*Aplausos.*) E isto é moi grave, porque estamos perdendo recursos, Galiza está perdendo recursos e oportunidades por culpa do boicot do Partido Popular aos programas de vivenda estatal, europeos e galegos.

E sobre todo quen máis perde é a clase traballadora, xa sexan asalariados, pequenos autónomos, aos que cada día lles custa chegar máis dificilmente a fin de mes; e canta menos política pública de vivenda, máis hai que espremer os petos para pagar a vivenda. Por iso, dende o BNG exiximos que activen de forma inmediata a convocatoria de todos os programas estatais de vivenda. É unha vergoña que non haxa neste momento nin un só programa activo para axudar a facer fronte ao pago de alugueiro ante a actual situación da burbulla de prezos que temos.

Nós cremos que ese programa estatal é un parche de mínimos urxente e necesario para a política de vivenda, pero tamén hai que ir máis alá porque hai moitos problemas que non se resolven cos programas do Plan estatal de vivenda, que non quedan definidos aí, non se abordan; e que é a Xunta quen ten as competencias e quen ten a responsabilidade de facelo. E ese é o sentido da nosa emenda, porque cremos que non basta con que a Xunta active os programas estatais, ten que facer os seus deberes, ten que exercer as súas competencias para facer unha política de vivenda máis avanzada.

Como digo, o plan estatal ten liñas de mínimos, pero son as competencias propias as que nos van permitir abordar os problemas estruturais e outros de maior alcance. Son moitos os que poderíamos enumerar, pero centramos a nosa emenda nun que nos parece urxente e de máxima actualidade, que é frear de forma inmediata o prezo da vivenda. No contexto no que estamos, no contexto xeral do aumento insoportable dos prezos da vida, do empobrecemento da maioría social, a Xunta de Galiza ten que actuar de forma inmediata para frear os prezos da vivenda cun plan específico que require, evidentemente, de activar distintas medidas complementarias, pero tendo claro que o que se necesita é intervir o mercado da vivenda.



Remato xa. Eu estou segura de que agora a deputada do Partido Popular subirá aquí a escenificar unha confrontación co Goberno central, pero lembren que non é unha confrontación, é un boicot do Partido Popular a toda a política de vivenda: os fondos europeos, programas estatais, programas da Xunta... Esa é a cuestión: que non queren políticas de vivenda. A única diferenza coa cuestión do programa estatal, cos outros —cos fondos europeos ou os da Xunta, que vostedes tampouco fan— é que só hiperventilan cando se trata das cuestións relativas ao Estado porque lles interesa por confrontación partidaria. Pero en realidade o único que está detrás é un erro xeral de políticas públicas de vivenda que en nada se parece a esa imaxe idílica que a conselleira se empeña en difundir estas semanas na súa particular xira.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas, señorías.

Dende logo que que unha deputada socialista veña aquí pedir explicacións sobre as políticas de vivenda a un Goberno autonómico non deixa de resultar curioso actualmente. Porque están vostedes invadindo as competencias das comunidades autónomas; están cerceando o Estatuto de autonomía, señorías, e co visto e prace do BNG, que despois fala de boicot. Boicot, señora Fernández, ao Estatuto de autonomía por parte do BNG.

O borrador do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 foi enviado ás comunidades autónomas en xuño de 2021 e non volveu haber máis comunicacións do ministerio ata que foi aprobado no Consello de Ministros o 18 de xaneiro. O ministerio nin sequera respondeu ás alegacións presentadas polas distintas comunidades autónomas. Trátase dun plan caótico con 13 programas repetitivos, moitos dos cales veñen solapar os xa existentes na comunidade autónoma, o que obriga a suprimir algúns deles para non repetir aínda máis as actuacións dirixidas ao mesmo fin. Como exemplo de repetición de programas dirixidos ao mesmo fin son os destinados ao fomento do alugueiro, a vítimas de violencia de xénero, inquilinos en situación de vulnerabilidade, alugamento en concellos pequenos, entre outros. No plan estatal a rehabilitación queda reducida a un mero programa de axudas para accesibilidade ás vivendas e inmobles de vivendas, o que non se entende. As áreas de rehabilitación integral que tan bos resultados deron en Galicia quedan fóra do Plan de vivenda. Malia as propostas da Xunta de Galicia, poñendo en risco así a súa continuidade, que unicamente será posible a través do financiamento por medio dunha das liñas de axudas previstas con cargo aos fondos europeos. Por outra parte, o Plan de vivenda obriga a un financiamento do 30 % por parte das comunidades autónomas, polo que o esforzo do Goberno central se reduce de forma substancial respecto de plans anteriores. En definitiva, un desastre de plan e ademais cunha xestión moi complexa e con algúns programas absolutamente inaplicables.



Contéplase tamén o tan anunciado bono de alugueiro para mozos, que non está incluído no Plan de vivenda, senón regulado á parte no Real decreto 42/2022. O que vén significar que se trata dunha medida puntual que o Goberno central plantexa unicamente por un prazo de 2 anos; ou sexa, un incentivo puntual só ata a convocatoria das próximas eleccións xerais.

A regulación deste bono alugueiro para mozos resulta caótica, como tamén o é o Plan de vivenda. Todas as comunidades autónomas están agardando aclaracións, están solicitadas aclaracións por escrito ao ministerio dende o 24 de febreiro e o 8 de marzo. Peticións que foron reiteradas na Conferencia sectorial do 9 de marzo e, ante a falta de resposta, plantexadas tamén para unha conferencia bilateral a celebrar o 25 de marzo. Esta petición de aclaración é practicamente unánime por parte de todas as comunidades autónomas. E, para a súa correcta solución, require dunha modificación do real decreto que o ministerio se nega a concretar se vai ou non realizar. Son incongruencias ao real decreto, por exemplo, a que limita a posibilidade de acceso á axuda a algúns mozos que comparten vivenda con terceiras persoas por ter en conta as circunstancias persoais deses terceiros. Tamén existen problemas nos casos de mobilidade entre comunidades autónomas.

Todas as comunidades autónomas lle pediron ao ministerio unha plataforma informática para a xestión deste programa, dado que se contempla a posible mobilidade dos beneficiarios entre comunidades autónomas. Ademais, despois da expectación xerada durante meses e meses polos sucesivos anuncios, os estudos revelan que os mozos que se poderían beneficiar desta axuda son meramente residuais. En Galicia, segundo as estimacións feitas, apenas vai chegar a 1,4 % dos posibles beneficiarios. Os problemas do Plan de vivenda e do bono alugueiro para mozos veñen derivados do feito de que o ministerio deseñe programas sen contar con quen o vai xestionar —que son as comunidades autónomas—, sen ter en conta os seus criterios nin as necesidades específicas de cada comunidade e de cada territorio.

En canto aos puntos concretos da proposición do Grupo Socialista —que parece que tamén comparte o Grupo do BNG—, no punto 1, instan a que a Xunta de Galicia convoque de xeito inmediato as axudas dos programas do Plan de vivenda estatal. O que non sei é se presentan esta iniciativa por pura demagogia ou por pura ignorancia; saben —ou deberían saber, señorías— que para poñer en práctica o Plan estatal de vivenda en Galicia e publicar as correspondentes convocatorias é necesario, unha vez publicado o plan no BOE, primeiro, proceder á repartición de fondos entre as comunidades autónomas. A repartición foi autorizada polo Consello de Ministros o 1 de marzo de 2022, e acordouse definitivamente na sectorial celebrada en marzo. Segundo, a resolución de transferencia de crédito. E, terceiro, asinar o correspondente convenio de colaboración entre o ministerio e a comunidade autónoma. Unha vez cumpridos estes requisitos, a Xunta de Galicia poderá proceder á convocatoria das axudas e non antes.

Pois ben, non temos a resolución de transferencia de crédito nin está asinado o convenio entre o Estado e a comunidade autónoma, para o que ten que poñer data o ministerio. En consecuencia, a Xunta non pode publicar as convocatorias das axudas ata que o Goberno central faga o que lle corresponde. Repito, a resolución de transferencia de crédito e que se asine o correspondente convenio. E dío o propio real decreto, non hai que ter experiencia de



xestión; dío o propio real decreto, simplemente habería que lelo antes de vir aquí dicir cousas que non proceden.

Pero, malia isto, o delegado do Goberno en Galicia está a percorrer as vilas galegas anunciando axudas que aínda non se convocaron e cuxa convocatoria corresponde á Xunta de Galicia e non ao Goberno central. Está a facer propaganda, de xira publicitaria, con información incorrecta e sen coñecer as axudas que a comunidade autónoma vai convocar, xa que non é obrigatorio facer convocatoria de todas as liñas das axudas previstas no plan, mesmo cando non se adaptan, como dixemos antes, ás especificidades do noso territorio e da nosa comunidade.

A realidade é que a aplicación do plan vai de momento con 3 meses de retraso por culpa do ministerio, por culpa do Goberno de Pedro Sánchez, señora Otero.

O anterior plan xa rematou e rematou en decembro de 2021; non aprobaron o novo ata finais de xaneiro; non se decidiu a repartición dos fondos ata marzo; e, polo momento, non se pode aplicar porque non temos esa resolución de transferencia de crédito, nin tampouco o convenio asinado.

En definitiva, o Goberno vende un programa anunciándoo antes de tempo, sen contar coa participación das comunidades autónomas, con erros manifestos no texto que o regula, sen ferramenta informática e mentindo ao dicir que o bono alugueiro mozo vai ser case xeneralista cando a realidade é que en Galicia como moito vai chegar a 14 de cada 1.000 posibles beneficiarios pola limitación dos fondos destinados.

En canto ao segundo punto da proposición, está propoñendo algo que xa se está a facer. Os servizos sociais xa fan un seguimento das necesidades dos perceptores da Risga, entre os que se atopan os recursos de vivenda, e son os propios traballadores sociais os que lles activan os servizos oportunos.

Debería saber, señora Otero, que os servizos sociais comunitarios contan con ferramentas que lles permiten ter información actualizada en tempo real de acceso a todo tipo de recursos, polo que poden apoiar no acceso a eles a todas as persoas que o precisan.

En canto ao terceiro punto, o mesmo, están propoñendo algo que dende a Xunta de Galicia xa se está a facer; xa se recordou onte aquí ese tema e voullo volver repetir, por se non o entenderon, para que quede clariño.

En 2014 Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira no lanzamento do ticket eléctrico, ao que seguiron as axudas para evitar cortes de subministración no 2016. Galicia volveu ser unha comunidade autónoma pioneira no 2017 coa aprobación da Lei de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, que vostedes votaron en contra, como recordaba onte a miña compañeira. É a primeira comunidade en complementar o bono social do Estado a través do bono eléctrico galego do 2018. Dende 2014 ata 2021 a contía global das axudas ascende a 6,35 millóns de euros, con máis de 27.000 familias beneficiarias.



As axudas deste ano 2022 xa están abertas e contan cun orzamento inicial de 1,9 millóns de euros. No Consello da Xunta do pasado 17 de marzo o Goberno galego puxo en marcha unha serie de paquetes de medidas entre as que podemos destacar a de axilizar o lanzamento do bono social térmico para axudar aos fogares a afrontar os gastos; investimento de 13,1 millóns de euros que chegará a máis de 60.400 fogares vulnerables. E aprobouse tamén un complemento extraordinario de 100 euros para reforzar a contía do bono social térmico, habilitando fondos adicionais de 6,6 millóns de euros e levando así o investimento total nesta medida aos 19,7 millóns de euros.

Non podo deixar de referirme á emenda de adición presentada polo BNG. Por unha banda, vén plantexar medidas que xa están incluídas no Pacto social pola vivenda 2021-2025, posto en marcha pola Xunta de Galicia co aval de todos os sectores do sector da vivenda. Unha folla de ruta que prevé mobilizar 1.100 millóns de euros a través de medio cento de axudas, chegando a máis de 70.000 familias galegas, e contribuíndo tamén a manter arredor de 30.000 postos de traballo. Concretamente, a Xunta habilitará este ano 30 liñas de axuda para comprar, rehabilitar ou alugar vivenda entre os financiados con fondos propios europeos ou do plan estatal. Liñas de axudas que permitirán poñer á disposición de particulares, concellos e promotores máis de 150 millóns de euros para actuar no eido residencial. E redobrando tamén o compromiso da Xunta coa vivenda pública que se reflicte no impulso neste momento de 512 novos inmobles en toda Galicia e un investimento de 72,5 millóns de euros.

Segue o BNG tamén nesa emenda coa mesma teima, coas medidas intervencionistas. Señora Fernández, a Xunta non pon en marcha medidas intervencionistas, senón que aposta por axudar os galegos e as galegas que queren acceder a unha vivenda.

Para finalizar ben, penso que deberían analizar e estudar ben as iniciativas que presentan porque veñen aquí por un lado a propoñer algo que é inviable porque unha das partes aínda non cumpriu co cometido previo, como no caso do Goberno central no Plan estatal de vivenda, e a propor algo que xa se está facer dende a Xunta de Galicia; de aí a emenda de substitución que dende este grupo parlamentario presentamos á proposición.

En relación a algunhas palabras vertidas aquí pola señora Fernández, dende logo a señora Fernández mente máis que fala, porque o que dixo aquí dende esta sede parlamentaria sabe que é absolutamente certo. O que denota é que non xestionou nada na súa vida (*Murmurios*), porque sabe que as convocatorias se suceden e que non existe ningunha persoa necesitada sen acceder aos recursos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ... que ten en marcha a Xunta de Galicia. Fala dos fondos europeos, boicot ningún. Pregúntelle ao Goberno estatal, que novas instrucións continuamente impedindo ás comunidades autónomas que poidan sacar as convocatorias.

Execución orzamentaria. Bueno, seguimos na mesma liña. A ver se dunha vez deixan de mentir con absoluta mala fe, saben que a execución orzamentaria do IGVS está nas contas



anuais do IGVS publicada, e que os datos reais —vou repetir o dos últimos dous anos— 2020, 84,15 %; 2021, 88,36 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ... e no Plan estatal de vivenda —remato, presidente— 2018-2021, que contou cunha dotación de 106,5 millóns de euros do total deses fondos, o 100 % xa están comprometidos a través das convocatorias publicadas ao longo do período de vivencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

¿De verdade acaba de dicir vostede que ningunha persoa en Galicia necesitada dunha vivenda non ten acceso a unha? ¿De verdade vostede, que é a voceira en materia de vivenda —e aínda aplaudimos—, vén de dicir que en Galicia non hai ningunha persoa que precise dunha vivenda e que non acceda a unha? ¿Coñece vostede o que é o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda en Galicia? Pregunto, pregunto porque semella unha auténtica, de verdade, barbaridade.

Pero, por sacar algo positivo, a ver se sacamos algo en claro. Benvida unha afirmación, que non lle gustan as políticas de vivenda do Goberno do Estado —como non, non agardabamos menos—, porque invaden as competencias que son da Xunta de Galicia en materia de vivenda. Benvida. Benvida, diso falabamos. Benvidos. Miren, como tal entón, xa que as competencias son da Xunta de Galicia e o Estado está a invadilas. Desenvólvanas. (*Aplausos.*) É tal o desinterese e tan nula a vontade en materia de vivenda, que teñen convertido calquera debate nunha enumeración máis como dicíamos de anuncios, de programas, de plans que non se desenvolven.

Hai pouco neste Pleno pedíase que se cumprise cun dos acordos da Comisión 2, que consistía en presentar, como cómpre, o Plan de avaliación do Plan RehaVita de rehabilitación e de alugueiro 2015-2020. Que non presentan eses informes de avaliación que midan o impacto real deses grandes programas e deses grandes plans que vai anunciando o presidente da Xunta e a consellería.

Tense reclamado que rendan contas e non o fan porque é absolutamente insoportable esa falta de execución e, en consecuencia, esa falta de impacto de todos eses anuncios. E agora teñen a oportunidade, dicía vostede da responsabilidade de todas as administracións; nós aceptamos e anunciamos a emenda do grupo do BNG porque pensamos evidentemente que



ambas as dúas administracións, e máis neste momento, pero en materia de vivenda, como dicíamos, esta crise aí estaba antes, teñen que cumprir e axilizar a parte que lles corresponde.

O que non se entende, e falaba vostede de execución, pois presentan eses informes de avaliación. Non se entende que o Goberno da Xunta, presidido polo señor Núñez Feijóo, deixase nun contexto de crise sen gastar 2 de cada 3 euros dos fondos para o acceso á vivenda. Fondos que están minorados nos últimos anos, que xa son raquíuticos nos últimos anos. Período 2010-2020, a Xunta deixou sen executar en materia de vivenda e programas de acceso á vivenda 400 millóns de euros. E falaba vostede dunha xuventude galega, e nós dicimos unha xuventude que está atrapada nun auténtico bucle de inestabilidade, que presenta peores datos se nos comparamos ou observamos outras comunidades autónomas. Son case 320.000 mozas e mozos galegos de entre 15 e 34 anos que se ven na obriga de ter que vivir coa súa familia. Case o 67 % da poboación nesa franxa de idade.

Defendamos as competencias propias que vostede dicía invade o Estado. E eu falaba e convidábaa a observar o que di o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, que está absolutamente colapsado nestes últimos anos.

Mire, na cidade de Vigo, por exemplo, estamos nos niveis máis preocupantes da última década, con máis de 5.600 persoas inscritas —debe de ser por vicio— nese rexistro, demandando un alugueiro asequible. Por riba do 70 % desas persoas —case 6.000— están demandando e levan anos inscritas demandando un alugueiro de vivenda de protección oficial de promoción pública. Pero vostede di que ningunha persoa ou familia en Galicia que precise dunha vivenda non ten acceso a ela.

E agora, efectivamente, estamos asistindo a esa xira da conselleira de Vivenda e do presidente da Xunta de Galicia tamén para anunciar miles de vivendas en Vigo. ¿Sabe cal é o saldo do presidente Alberto Núñez Feijóo despois de 13 anos en materia de vivenda pública protexida en Vigo se facemos a media? Cinco ao ano, con case 6.000 persoas nese Rexistro Único de Vivendas.

Así que non dean leccións, asuman esas competencias que tanto queren coidar na práctica, sendo efectivos; 2 de cada 3 euros —insistimos— dos fondos de Galicia que se reservaron no 2020 para políticas de acceso á vivenda quedaron sen destino. Nun ano no que a pandemia abriu un período de incerteza e no peche de contas do pasado exercicio o 64 % do orzamento neste capítulo —que insistimos, nestes anos está minorado—, quedou sen gastar. Tampouco se lle deu uso a 1 de cada 3 euros orzados para a rehabilitación.

Miren, confrontaron na crise da pandemia, unha crise sen precedentes, unha política de confrontación que agora dá —como dicíamos— o seus froitos nesa campaña nacional para ser o líder do Partido Popular nacional, a confrontación na dereita dá froitos. Aproveiten esta crise para non manter a mesma actitude e convertan —como dicíamos, o que estamos a vivir, e tanto que se nos enche a todos e a todas a boca e temos que ser responsables nesa situación que falabamos na primeira iniciativa de familias afogadas—, en políticas claras,



en execución de orzamentos, e non esquecer que o problema do acceso á vivenda, por moito que digan vostedes, é un dos principais problemas que temos na nosa comunidade agudizado nesta última década. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Votación das proposicións non de lei

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Olalla Rodil.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara a outras prestacións sociais.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a través da súa deputada dona Noa Susana Díaz Varela.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música.

Non se presentaron emendas. Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista como engádega. Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de D. José Manuel Balseiro.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D^a Noelia Otero.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esa proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematadas a votacións, continuamos coa orde do día. Neste caso, interpelacións.



Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o incremento dos prezos e o seu impacto na economía e nos fogares

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Benvido de novo a esta Cámara, señor Corgos.

Sabe vostede, ou quero pensar que vostede é consciente ou cando menos máis consciente do que demostrou onte o señor Feijóo, que Galiza vive nestes momentos unha situación límite polas consecuencias que ten na sociedade e na nosa economía este medre disparado que estamos a ver dos prezos, unha inflación disparada, a máis intensa nos últimos trinta anos, que, aínda que os diferentes organismos e previsións económicas viñan dicindo que ía ser algo temporal, estamos vendo como parece non ter fin. E, sen ser a única causa que a intensifica a guerra de Ucraína, desde logo, vai influír tamén e, polo tanto, a previsión é que este mes no que estamos cando teñamos os datos vexamos como esa inflación sobe aínda con máis intensidade.

E, desde logo, esta situación condiciona o conxunto da economía galega, unha economía galega que hai que dicir que xa estaba ferida polas consecuencias da pandemia, tamén polas debilidades dun modelo económico e produtivo que non se recuperara aínda dos efectos da crise financeira de 2008 e que arrastraba xa antes da pandemia unha crise industrial moi profunda, e tamén condicionada pola crecente desigualdade social. Polo tanto, o que estamos vivindo con intensidade nestes días é un problema social e económico de primeira orde e por iso interpelamos novamente o Goberno con esta cuestión.

E mire, señor Corgos, igual que cando houbo unha pandemia planetaria non nos escoitaron ao Bloque Nacionalista Galego culpar o Partido Popular, non como fixeron vostedes na crise financeira, que parece ser que era culpa do BNG, pois a día de hoxe non imos culpar, como nos atribuíu onte o presidente da Xunta, o Goberno do Partido Popular da situación que estamos a vivir, que loxicamente ten un carácter internacional, non só galego. Agora ben, o que si que está claro é que o que vai escoitar dicirnos desde este grupo parlamentario son dúas cuestións que si fan que este sexa un problema con máis intensidade en Galiza e que, aínda que non só lle corresponde á Xunta palialo, ten unha responsabilidade fundamental.

Primeiro, porque hai que dicir alto e claro que este é un problema que se dá con maior intensidade neste país que no conxunto do Estado; e, en segundo lugar, porque desde logo vostedes teñen marxe para actuar e non o están facendo e, polo tanto, reclamamos que tomen decisións políticas para facer valer este país.

Porque o que non se pode permitir, señor Corgos, é que vostedes sigan instalados na parálise, porque basicamente o que estamos vendo é que o Goberno galego é..., levanta vostede as ce-



llas, pero é que basicamente están vostedes facendo de Goberno tertuliano, porque se dedican a comentar a realidade e a repartir culpas para outros axentes (*Aplausos.*) no lugar de actuar. E o que necesita este país neste momento non son nin tertulias nin un Partido Popular máis ocupado na supervivencia do seu propio partido que na supervivencia de quen o está pasando peor neste país.

Polo tanto, hoxe basicamente o que queremos con esta interpelación é que vostede faga o que non fixo o presidente da Xunta onte, que nos concrete como vai responder Galiza nun contexto que por certo infravaloraron nas súas previsións orzamentarias, porque xa no debate orzamentario advertiamos que vostedes simplemente relataban os riscos que representaba a suba dos prezos enerxéticos ou os colos de botella da industria, pero que non se estaban anticipando nin estaban prevendo escenarios que se ían complicando.

En todo caso, señor Corgos, insistimos, hai dúas cuestións claras. A primeira delas é que este é un problema máis intenso en Galiza. Primeiro, porque hai un diferencial galego: a inflación sobe máis en Galiza do que no conxunto do Estado. Onte o señor presidente da Xunta, como xa debe estar empadroadado cando menos mentalmente en Madrid, falaba da inflación do 7,6 %, pero é que este país tivo unha inflación nos últimos datos dun 8 %, máis décimas que o conxunto do Estado. E iso traducido á vida real pois o que significa é que o empobrecemento en Galiza vai máis rápido, porque á parte non é algo que pase só nos datos de febreiro, sabe vostede perfectamente coma min que, se imos aos datos dos últimos meses, tanto vendo a evolución mensual como a evolución anual, hai un diferencial galego que indica que a inflación nos afecta con máis intensidade e a iso temos que sumar cal é o colchón co que a sociedade enfronta esa realidade; é o certo é que temos unha media de salarios 600 euros máis baixos que no conxunto do Estado, temos das pensións máis baixas do conxunto do Estado; e iso o que significa é que o golpe máis forte e o colchón co que teñen que resistir os galegos e galegas é máis fino. Polo tanto, este é un problema.

En segundo lugar dicimos que esta situación afecta máis tamén a Galiza por como é a nosa estrutura económica, polo peso do sector electrointensivo, polo peso do sector marítimo pesqueiro, polo peso do sector agrogandeiro, que están moi afectados neste momento polo aumento dos custos de produción e polo impacto tamén que vai ter a baixada de consumo dos fogares e do ocio; e tamén un alto condicionante na nosa economía, a alta dependencia do comercio por vía marítima e estrada, estámolo vendo nestes días coa crise desatada na folga de transporte; ou tamén podemos falar da dispersión territorial combinada coa ausencia dun transporte público digno e suficiente.

Porque, claro, cando se pensa desde a óptica madrileña, pois desde logo é moi fácil substituír o vehículo privado para transportarte a traballar ou estudar por exemplo por medios como o metro ou cercanías. Pero, desde logo, neste país, a realidade é que a día de hoxe a maioría dos galegos e galegas non poden substituír o seu vehículo privado para os desprazamentos máis básicos; e, polo tanto, a afección pola crise dos combustibles é aínda máis intensa.

Polo tanto, señor Corgos, temos unha inflación máis intensa en Galiza, e temos unha afeccións máis intensa por como é a nosa economía e pola grave desigualdade social que xa tiñamos de antes. E neste contexto hai que preguntarse, ¿que fai a Xunta de Galiza ademais



de comentar a realidade? Pois vostedes podían tentar adiantarse, non o fixeron; vostedes podían tentar responder con urxencia, non o están facendo; ou podían dialogar, colaborar, escoitar alguén, e non o están facendo. E para proba a votación que vostede mesmo presenciou aínda que non sexa deputado hai escasos dez minutos, onde o Partido Popular ¿que fai?, dicir non, dicir non a suplementar as axudas á pobreza enerxética, dicir non a prorrogar a tarxeta básica e dicir non ás propostas construtivas que se fan desde a oposición para atender as urxencias desta crise de prezos.

E ata o momento basicamente o que fixeron foi anunciar unha e outra vez un plan de choque, dito así, plan de choque, pois aparentemente soa esperanzador, soa como algo que se presupón que un goberno cando anuncia un plan de choque pois concreta algo, pero basicamente isto é un bluf que non chega nin a tirita señor Corgos, por dúas cuestións. Primeiro, que se reduce a notas de prensa da Xunta e, segundo, que non se acompaña de medidas no *Diario Oficial de Galiza*. En todo caso, se profundizamos un pouco, ¿que vemos? No ámbito fiscal, tendo en conta que é un dos que poderíamos ter máis capacidade directa, toda vez que non temos competencias en política monetaria, vostedes xa non é que agora mesmo non propoñan ningunha cuestión fiscal de urxencia para aliviar a situación nos sectores máis vulnerables, é que na última lei de orzamentos aprobaron unha nova reforma regresiva no IRPF. Entón esta crise de prezos na que por exemplo a bombona duplicou case a súa contía no último ano pois un fogar galego no que a persoa ingrese uns 20.000 euros ao ano vai ter un aforro de doce euros que non lle vai chegar nin para cubrir esa bombona. Pola contra, un alto directivo dunha eléctrica pois tería un aforro de máis de 500 euros. E con esa política fiscal que vostedes non queren tocar, pois, desde logo, non é unha boa medida para enfrontar esta crise.

E volvendo a ese plan de choque, basicamente o que fixeron foi dúas propostas ou globos sonda. Por unha banda, falan así en xenérico de axudar ao sector primario e, cando se debulla un pouco, cando se debulla un pouco, basicamente o que está facendo a Xunta é ofrecer liquidez e ofrecer préstamos; que nós non dicimos que non haxa que incorporar esas medidas, pero desde logo hai que activar outras medidas de urxencia, iso é o que reclama o sector. E mire, dous titulares do día de hoxe: «A frota avisa: sen axudas directas non subsiste», «Agricultores e gandeiros da Limia piden axudas de extrema urxencia ao triplicarse os custos de produción».

Señor Corgos, desde logo, se esta é a situación, se os nosos gandeiros, se a nosa xente do mar non sabe como vai acabar o mes, desde logo, o que non están pensando é en facer investimentos a medio e longo prazo, o que necesitan son axudas directas, e nós preguntámoslle onde están as axudas directas. ¿Van facer o mesmo vostedes que fixeron cos autónomos e coa hostalería na primeira parte da pandemia cando esperaron oito meses a ser unha das últimas comunidades que arbitrou axudas directas? (*Aplausos*.) Nós pedímoslle que non o fagan. Porque desde logo o sector primario non pode esperar no noso país oito meses e non é o único. Polo tanto, apelamos a que o Goberno galego non cometa os mesmos erros.

E, en segundo lugar, basicamente dentro dese presunto gran plan de choque que aprobaron vostedes, e que, insisto, aínda non saíu no *Diario Oficial de Galiza*, a outra gran medida era



un paquete de promesas, no ámbito enerxético, que por unha parte son un lote de axudas, que ademais sabemos que ao final é reorganizar o que xa hai, que son maioritariamente fondos finalistas do Estado e da Unión Europea para investimentos en eficiencia enerxética; evidentemente, pois a eficiencia enerxética a medio prazo é algo importante para soportar as crises de prezos, pero compartirá comigo que, se un autónomo, autónoma, pequena empresa non sabe como vai pagar a factura de febreiro, de marzo ou de abril, pois desde logo, non está pensando en mellorar os seus equipamentos e necesita un soporte máis inmediato e máis de axuda directa. Tamén a xente que non pode pagar a súa factura dos consumos domésticos. Polo tanto, que vostedes que teñen os recursos económicos do bono social térmico desde decembro, que aínda non editaron esas axudas no *Diario Oficial de Galiza*, pois o que están anunciando de incrementalas só en 6 millóns de euros é absolutamente insuficiente e, insisto, veñen de votar en contra de mellorar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... ese recurso directo.

Polo tanto, este é o contexto —e con isto remato—, unha crise sen precedentes e unha parálise no Goberno tamén que hai precedentes, pero desde logo neste momento pois chove sobre mollado e iso é preocupante. Polo tanto, hoxe basicamente preguntámoslle ¿que vai facer a Xunta para combater as consecuencias deste medre disparado de prezos? Porque, señor Corgos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... vostedes gobernan un país, polo tanto, deixen de facer de tertulianos e fagan medidas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... que fagan valer este país e que nos axuden a resistir esta situación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede —preguntaba sobre a proposta, logo o desenvolvemento foi bastante diferente— pola valoración do Goberno galego sobre o impacto do incremento de prezos e que estaba a facer o Goberno da Xunta de Galicia.



O primeiro que queredía facer notar é que a súa interpelación está rexistrada o pasado 15 de febreiro. Dende entón a situación mudou a peor de xeito funesto pola invasión rusa a Ucraína, polo que a miña resposta atende ás circunstancias actuais, como non pode ser doutro xeito, e non ás que facía referencia na súa interpelación.

Porén, celebro que resulta interesante que nesta iniciativa o Bloque Nacionalista Galego non estea de acordo co presidente do Goberno de España respecto á orixe deste incremento acentuado dos prezos, que atribuíu nas pasadas semanas este incremento da alza de prezos á invasión rusa que comezou hai catro semanas. En efecto, xa dende finais do pasado mes de xaneiro o Fondo Monetario Internacional indicaba que as perspectivas de crecemento das principais economías mundiais se estaban a arrefriar. E estábanse a arrefriar por catro motivos: polo incremento dos prezos, por perturbacións nas cadeas de subministración, por niveis históricos de débeda das principais economías mundiais e por unha persistente incerteza.

Galicia non era unha excepción a este marco xeral, o seguimento da economía que realiza de xeito continuo a Xunta amosaba que a recuperación segue, pero que se enfronta a múltiples dificultades ao comezo do terceiro ano da pandemia. Esta nova conxuntura estaba suxeita a unha pronunciada incerteza e, polo xeral, os riscos inclinaban á baixa. ¿E a que me refiro cando digo que inclinaban á baixa? Pois que os mercados de futuro das principais materias primas e da enerxía indicaban prezos para finais de ano inferiores aos que había no mes de xaneiro. Isto aconsellou pospor calquera revisión do cadro macroeconómico ás perspectivas de primavera da Comisión Europea e do Fondo Monetario Internacional. Os riscos que eran obxecto de seguimento e que afectaban ao crecemento económico dos prezos eran a posible existencia de novas variantes do virus da covid e taxas de vacinación baixas nos países en vías de desenvolvemento; a estratexia de cero casos covid en China, que podía acentuar trastornos da subministración mundial; e os problemas e a crise no sector inmobiliario do xigante asiático e o seu traslado á economía xeral; unha alza sorpresiva da inflación nos Estados Unidos que puidese acrecentar a resistividade da política monetaria da reserva fiscal e o seu contaxio a través dos tipos de xuro á economía europea; e a agudización das tensións xeopolíticas e os disturbios sociais que estabamos vivindo mesmo nalgúns países da nosa contorna.

Este último risco convértese o pasado 23 de febreiro no desencadeante dun conflito bélico e humanitario e nun novo *shock* de oferta polo impacto da contenda nos mercados da enerxía e das materias primas en xeral. Este *shock* agrava de novo as tensións inflacionistas e afecta á recuperación económica. Europa é unha das rexións máis expostas a esta inflación segundo o Fondo Monetario Internacional, e xa non valen as receitas tradicionais propugnadas pola Comisión Europea en base á corrección vía prezos dos mercados e medidas de apoio cirúrxicas para sectores puntuais.

Feita esta contextualización, quixera salientar a preocupación do Goberno galego pola evolución dos prezos, que non é de agora; xa dende mediados do ano pasado asistimos a un crecemento continuado dos mesmos, agravado ata niveis inasumibles durante as últimas semanas. Por iso tomamos medidas e —como ben dixo vostede— por iso o puxemos de manifesto no debate dos orzamentos, e tamén tomamos medidas para mellorar a renda dispo-



ñible das familias. E acabamos de aprobar un plan de choque, aínda que non lle guste: primeiro pensamos, logo planificamos e logo executaremos as medidas —é a orde normal de executar cando se pensan ben as cousas—.

Así, unha das prioridades ao elaborar no outono os orzamentos para este ano xa foi deseñar unhas contas que axudaran ás familias e ás empresas a mitigar os efectos desta alza de prezos. Nas contas en vigor, non só mantivemos todas as rebaixas fiscais xa aprobadas en anos anteriores, senón que as ampliamos. E tamén mantivemos todos os beneficios fiscais que en parte vostedes querían retirar nas súas emendas. Ademais, dende o Goberno galego seguimos comprometidos co pago áxil aos nosos provedores, acadando uns niveis de pago de 15 días de media no exercicio 21, fronte aos 26 días do resto das comunidades autónomas; o que procura liquidez ás múltiples empresas coas que traballa a Xunta de Galicia.

Tamén somos conscientes de que unha das principais preocupacións e prioridades dos galegos é a vivenda—como se acaba de dicir hai uns intres— e de que os mozos son un dos colectivos con máis dificultades para acceder a unha, xa sexa en réxime de alugueiro ou en propiedade. Impulsamos o Pacto Social pola Vivenda ata o 2025, e nos últimos anos apoiamos máis de 2.500 mozos con axudas para o alugueiro e a adquisición de vivenda. E, ademais, dende finais do 2021 temos activadas liñas de axudas dirixidas a un aforro enerxético destinadas a pemes, industrias e familias; en total, máis de 23 millóns de euros. Esta aposta acelerarase no novo período de programación de fondos FEDER, cuxa programación se rematará este mesmo mes. Xunto coa aposta estratéxica para aumentar o peso das renovables e a autosuficiencia enerxética de Galicia no mix de consumo e produción da comunidade autónoma.

E temos que seguir, porque a situación así o require. Como dicía, xa non valen as receitas tradicionais perante un *shock* de proporcións non vistas dende a pasada crise do petróleo do século pasado e que se superpón ao legado da pandemia. ¿Cales son as súas consecuencias? Pois, como ben saben, os prezos enerxéticos están a medrar sen control e mostrando unha alta volatilidade no incerto contexto da invasión de Ucraína, o que afecta ao funcionamento normal do mercado eléctrico e á competitividade das nosas empresas. Ademais, esta circunstancia fai que no eido social sexa difícil de concretar os focos de vulnerabilidade e o alcance das axudas precisas. Por iso precísanse axudas globais, como as encamiñadas a reverter o incremento de recadación pública xerado polo maior prezo da enerxía. É precisa unha reacción inmediata do Goberno de España, é urxente un plan de choque que complemente as nosas medidas e que reduza a factura enerxética pola vía fiscal e compensatoria.

Na reunión telemática que tivemos o luns o vicepresidente segundo e mais eu coas dúas vicepresidentas do Goberno e coa ministra de Facenda, fronte a propostas cero da Administración central propuxemos as seguintes necesidades e prioridades de actuación.

A necesidade de buscar unha saída dialogada e axiña á folga do transporte e garantir corredores seguros para casos urxentes.

Actuar temporalmente sobre a fiscalidade, revertendo a suba de recadación polo encarecemento da enerxía, e tamén combinando con subvencións ao consumo e mesmo actuando sobre os prezos para axustar o custo dos carburantes e do gas.



Racionalizar o prezo da enerxía repensando o mecanismo de formación do mesmo, desli-
gando o gas do *pull* ou baseándoo nos mercados a prazo.

Realizar unha análise do impacto da guerra no abastecemento de determinados insumos de
materias primas con orixe en Rusia e Ucraína, para buscar alternativas aos nosos sectores
produtivos e, en especial, ao primario.

Flexibilización das medidas de apoio económico da PAC necesaria para os produtores agrí-
colas para encaixar as perdas xeradas neste mesmo ano.

Prorrogar o réxime de flexibilidade de axudas do Estado que termina o vindeiro mes de xuño.

E permitir reorientar actuacións Next Generation EU cara ao reforzo de alternativas ener-
xéticas e o apoio ás empresas.

A posibilidade de ampliar os prazos de execución destes mesmos fondos dado o axustado
dos seus prazos.

Deixar utilizar os remanentes ás axudas a autónomos do Real decreto lei 5/2021, en apoio
aos sectores máis impactados polos efectos da invasión.

E, finalmente, todo isto nun marco financeiro sostible a medio prazo que debe supor tamén
un control a medio prazo do gasto e manter déficits nunha senda estable para que a esta
crise non lle siga unha débeda pública. E para iso procurar seguir a aplicar políticas de rendas
e de prezos que traten de evitar efectos de segunda rolda e espirais inflacionistas.

Mentres lle facemos estas solicitudes ao Goberno central, a Xunta tamén fai os seus deberes.
No marco das nosas competencias porque as persoas e os sectores con máis problemas non
poden agardar máis, como vostede indicou. A semana pasada aprobamos no Consello da
Xunta unha batería de medidas co obxectivo de paliar as consecuencias da alza dos prezos e
chegar á liquidez; non todas elas teñen que aparecer no DOG, señora Presas, moitas delas
pódense mobilizar sen ningunha norma que precise a súa publicación.

Con medidas importantes, como axilizar o lanzamento do bono social térmico, unha medida
que chegará a 66.000 fogares e que se complementa con 100 euros a cada familia.

En segundo lugar tamén, inxectar liquidez no sector gandeiro pola vía do financiamento de
circulante, especialmente os 200 millóns da PAC, e tamén o financiamento de tipos de interese.

E pedirlle ao Banco de España que autorice a entidades financeiras a concesión dunha mo-
ratoria de 1 ano no pago das amortizacións dos préstamos a longo prazo.

Eliminar o pago de taxas nos portos de Galicia mentres dure a crise.

E, por último, aprobamos unha inxección extraordinaria para todo o transporte público para
viaxeiros en estrada fronte á suba dos carburantes.



Como xa avanzou o presidente onte, señoría, estas complementaríanse no vindeiro Consello da Xunta cun novo paquete de medidas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Corgos.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Corgos, falou vostede de pensar, planificar e executar. Como folla de ruta, eu cómprolla. O problema é que vostedes non a están aplicando; o problema é que non a están aplicando hoxe, pero é que non a aplicaron antes tampouco. Porque, evidentemente, estamos nun momento excepcional do punto de vista internacional, hai cuestións que non se poden prever. Pero, mire, é que tamén este país arrastra problemas estruturais polo que vostedes fixeron ou non fixeron os últimos 13 anos. *(Aplausos.)* Porque, mire, vou poñer dous exemplos. *(Aplausos.)* Hai cousas que non se poden prever, evidentemente, pois unha pandemia da dimensión do que vivimos coa covid-19 non o podía prever cunha bóla máxica ningún Goberno, pero si se podía prever ter un sistema sanitario público forte; si se podía prever, por exemplo, ter capacidade de desenvolver ciencia básica e facer produtos básicos. Ese tipo de cuestións os países si que as poden planificar, e vostedes non estaban á altura das circunstancias.

A dependencia dos combustibles fósiles, por exemplo, é algo que se sabe desde hai décadas, no que Galiza podía estar traballando máis do que o está. Ou a dependencia do noso sector agrogandeiro de insumos estranxeiros, iso é algo que se ten debatido neste país moreas de veces, incluso ao fío dos problemas que houbo de seca noutros anos e que desafortunadamente, tendo en conta que estamos no oitavo inverno máis seco desde que hai rexistros, pois seguramente poidamos volver vivir neste país. E non hai unha estratexia da Xunta para que, por exemplo, se poida aumentar a produción deses insumos básicos neste país e non se dependa de terceiros países. *(Aplausos.)* Ou incluso vén aquí un portavoz do Partido Popular e ridiculiza que esteamos pedindo anticipación e intentar capacidade de compra pública desde a Xunta, como se fixo na crise da pandemia da covid-19 ou na crise da seca anterior con outros exemplos. Entón, pois, claro, deses polvos estes lodos.

E o mesmo respecto do sistema enerxético. Benvido o Partido Popular a descubrir que o sistema que el mesmo creou privilexia que se pague coa tecnoloxía máis cara. Pero esas cuestións que tampouco quixeron atendelas a tempo e farían que a nosa economía fose máis resistente en contextos volátiles, porque nun contexto globalizado pois iso é o que ten que facer un país que sexa responsable. Pero a cuestión é que, traído hoxe, vostedes tampouco están tendo esa capacidade de pensar, planificar e executar da que vostede presume. Porque, basicamente, a Xunta a capacidade que ten no inmediato —no inmediato, nas urxencias— en algo que se pode facer de forma inmediata son medidas de tipo fiscal impositivo —que



non están avanzando por esa vía— ou medidas de axudas directas, que tampouco están facendo. E por riba, claro, vén vostede aquí falar de que hai que controlar o déficit público, e xa a venda antes da ferida. Efectivamente, hai que ter medida con como se empregan os recursos públicos, pero é que tamén nun Estado no que se rescatou a banca, sabemos agora que con máis de 100.000 millóns de euros, que esteamos escatimando en negociar e en impulsar desde a propia Administración galega axudas directas aos sectores máis damnificados que, insisto, igual non acaban enteiros o mes de marzo; pois, desde logo, non é o noso modelo; porque, se se puido rescatar sectores como a banca, se se está rescatando encubertamente tamén un día tras outro as eléctricas, tamén se debe rescatar a xente deste país. (Aplausos.)

E vostedes teñen marxe de actuación no ámbito das súas competencias. Moitas das reclamacións que vostedes lle están facendo ao Goberno central nós podemos compartilas; algunhas vímolas facendo desde hai moito tempo, como a cuestión do IVE eléctrico. Porque está aumentando a recadación o Estado e ten capacidade para facelo, e por algo de filosofía pura: se a enerxía eléctrica é un ben básico, pois ten que ter un gravame acorde.

Pero, en todo caso, nós hoxe o que lle pedimos é concreción sobre que medidas impulsa a Xunta de Galiza. Ben, agora se me pretende convencer vostede de que o bono social térmico non o teñen que sacar no DOG, vostedes verán; pero a cuestión é que eses cartos non están nos petos dos galegos e galegas que o precisan neste momento. E a cuestión é que se necesitan máis recursos porque non chegan a toda a xente que está con carencia material severa neste país. Polo tanto, se o modelo do Estado falla e non cobre toda a xente que necesita ese recurso, pois o que ten que facer, se queren espremer o autogoberno, é buscar solucións para que si chegue a todo o mundo.

En todo caso, nós insistimos, hai unha morea de cuestións que deberían poder facer vostedes desde a Xunta con vontade política. Onte a voceira do Bloque Nacionalista Galego entregoulle ao señor Feijóo un *dossier*, xa que marcha a Madrid que llo deixe no seu despacho, e pedímoslle que o estuden. (Aplausos.)

En todo caso, insistimos en cinco liñas: axudas directas ao sector primario; medidas fiscais para aliviar as rendas máis baixas; incremento das principais axudas sociais para compensar o IPC —como as axudas de violencia machista, de pobreza enerxética ou do ingreso mínimo vital— compatibilizándoo coa Risga, é dicir, compensando a contía que vostedes aboan da Risga e resolvendo por fin ese problema; tamén defendemos que se incremente en 100 euros as pensións non contributivas; e que se rebaixen as autovías e os títulos de transporte de competencia galega para axudar complementariamente tamén a como a crise dos combustibles fósiles impacta na xente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En resumidas contas, señor Corgos, hoxe vostedes xa votaron en contra de ampliar as axudas á pobreza enerxética e de ampliar a tarxeta básica. Esperemos que rectifiquen no inmediato esa tendencia porque, desde logo, vostedes teñen capacidade para responder e axudar a moita xente no inmediato...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e, se non o están facendo para limitarse na crítica ao Goberno central, quen vai pagar as consecuencias vai ser o país...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... e vai ser demoledor.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Señora Presas, perda coidado de que o presidente me pasará o seu *dossier* con medidas e serán avaliadas co máximo interese. E, se algunha delas pode contribuír a paliar esta situación, impulsarémosla recoñecendo que tamén poden facer propostas útiles, como nos gustaría que vostedes tamén recoñecesen que ás veces o Goberno da Xunta —só ás veces— tamén fai algunha proposta útil.

En relación con iso, coa política dos últimos 13 anos, quixera referirme aos obxectivos do último Plan estratéxico de Galicia, os obxectivos que se refiren ao abastecemento enerxético, que foron cumpridos e foron acordados, ou polo menos aprobados sen a oposición do seu grupo, no que atinxe á emisión de gases de efecto invernadoiro e de consumo final bruto de enerxía. Polo tanto, achacar agora a culpa da desastrosa conxuntura enerxética que estamos a vivir á inacción do Goberno galego cando cumprimos o obxectivo de reducir as emisións de gas de efecto invernadoiro nun 35 %, fronte a 2005, cando o baixamos nun 39 %, e aumentar o consumo final bruto da enerxía procedente de renovables nun 30 %, cando acadamos un 38 %, pois penso que o camiño ou, polo menos, as políticas a longo prazo e as estratexias si que estaban ben definidas e se conseguiron.

Reitérolle que a nosa preocupación pola alza de prezos continuada dende mediados do ano pasado foi permanente, e que se viu agravada no último mes coa invasión de Ucraína por parte de Rusia. E non só nos preocupamos, senón que o Goberno galego non agardou a esta situación bélica para tomar as medidas que podía e debía tomar dentro do eido das súas competencias.

Tamén instamos o Goberno central a que tome as súas, aínda que neste caso lamentablemente, como relatei antes, aínda estamos agardando a que se concreten.

Reitérolle que, na reunión do pasado luns, do vicepresidente segundo e eu mesmo coas vicepresidentas do Goberno e a ministra de Facenda non se avanzou ningunha novidade. Dende



Galicia propuxemos unha batería de medidas inmediatas que complementaban as tomadas pola propia Xunta. É urxente que se aplique unha baixada da fiscalidade dos combustibles, tal e como se acordou na recente Conferencia de Presidentes. ¿Por que outros países xa anunciaron axudas para facer fronte á inflación e o Goberno de España segue dicindo que non o fará ata o próximo día 29 ou 30?, como dixo onte o señor Álvarez. Os franceses xa saben que terán unha subvención de 15 céntimos de euro por litro de combustible porque xa o anunciou o seu Goberno. Os belgas xa saben que terán un fondo de 1.300 millóns de euros para axudas enerxéticas porque xa o anunciou o seu Goberno. E o alcance das medidas que poida tomar a Xunta de Galicia non é comparable co que se precisa para estas medidas no que atinxe ao prezo da enerxía e dos carburantes. E aquí os españois seguen agardando a que o Goberno do señor Sánchez, o seu socio, concrete medidas que di que non se fará ata o vindeiro 29 de marzo.

Os gandeiros, o sector do mar e os transportistas como ben indicou non poden seguir agardando. Mentres estes sectores están ao límite porque non lles compensa traballar a perdas, os consumidores ven como día a día está aumentando o prezo dos produtos básicos e baleirándose os lineais das tendas.

Señoría, neste Goberno galego estamos actuando e exercendo as nosas competencias. Estamos tomando medidas que consideramos necesarias para poder aliviar a situación das familias e das empresas.

Reitérolle, axilizaremos e pagaremos axiña o bono social térmico para axudar aos fogares a afrontar os gastos de calefacción, que se complementa cun bono adicional de 100 euros para compensar esa intensificación dos prezos nos últimos meses. Aprobamos este complemento extraordinario.

En segundo lugar, tamén a semana pasada decidimos inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante mediante avais, subvencionando os tipos de interese, adiantando os 200 millóns de euros da PAC e ademais reclamamos ao Banco de España que autorice as entidades financeiras á concesión dunha moratoria dun ano no pago de amortizacións dos préstamos. E o conselleiro de Medio Rural e máis eu seguimos traballando noutras medidas de axuda.

Para o sector do mar artellamos unha subvención que sirva para compensar aos profesionais do pago de dous meses de taxas portuarias, susceptible de ampliarse en caso de persistir a situación de escalada de prezos.

E aprobamos unha sección extraordinaria para todo o transporte público de viaxeiros.

Xunto coas medidas que xa adiantou o presidente onte de liñas de avais, novos préstamos, mecanismos de flexibilización de débeda, bono enerxía peme, bono turismo e reforzo das axudas para dixitalización e eficiencia do sector do turismo, e impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables.

Sería positivo que o BNG apoiara a Xunta de Galicia na petición de demandas ao Goberno de España para que complemente as nosas propostas, para achegar certezas aos sectores pro-



ductivos. E tamén sería positivo que o Goberno central deixe de buscar inimigos nos sectores afectados e empece a buscar solucións, porque a súa inacción pon cada día máis difícil a recuperación económica do tecido empresarial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promoción de fábricas de compoñentes para a automoción

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a interpelación ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

A transición do coche de combustión ao coche eléctrico é unha realidade que xa está obrigando a industria da automoción mundial a adaptarse. Algúns países estanse adiantando ás consecuencias negativas que esta transición vai provocar poñendo en marcha políticas e medidas que eviten a perda de capacidade produtiva e a perda de postos de traballo. A propia Unión Europea, consciente desta realidade, está actuando para frear a perda de competitividade. E, nesta situación de incerteza que atravesamos o sector da automoción a nivel mundial, en Galiza temos un Goberno galego que, tendo plenas competencias en materia de industria, permanece impasible.

Stellantis, a empresa matriz do sector na área de Vigo, leva dous anos de paradas continuas na produción por falta de microchips, o que está a provocar que o seu persoal e o das empresas auxiliares sufran unha situación de inestabilidade laboral insostible, pendentes permanentemente do teléfono, con cambios nos seus horarios de traballo continuos, o que afecta á súa vida persoal e familiar, especialmente no que respecta á conciliación, algo que lle deben a esa marabillosa reforma laboral apoiada polo Partido Popular e polo Partido Socialista. *(Aplausos.)*

A Unión Europea xa anunciou un plan dotado con 43.000 millóns de euros para fabricar compoñentes co obxectivo de anticiparse á escaseza de semicondutores no futuro e evitar así a dependencia actual de Europa dos países asiáticos, onde na actualidade se concentra o 80 % da produción destes compoñentes a nivel mundial.

O comisario de Mercado Interior da Unión Europea definiu esta iniciativa como unha prioridade económica e xeopolítica. Esperamos que a Xunta de Galiza xa estea a traballar para acollerse a este plan para garantir que na área de Vigo se implante algunha desas megafá-



bricas. Porque, señor Conde, se non o están facendo, perderemos un tren que non vai volver pasar, un tren que vai pasar de largo e que collerán nalgún outro lugar, moi posiblemente no norte de Portugal.

As políticas do Goberno portugués de atracción de empresas para que se asenten no norte do país traducíronse xa en máis de 7.000 novos postos de traballo. E xa anunciaron máis fondos con medidas enfocadas a atraer investimento e recibir novas empresas co obxectivo de reforzar así a súa posición na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Un Goberno, o portugués, que defende o emprego e a economía do seu país, xusto o que o Goberno galego non fai. (Aplausos.)

A única política que practica o Partido Popular no Goberno galego é a de botar balóns fóra, buscar culpables e lanzar anuncios que nunca chegan a concretarse.

Miren, teño aquí un pequeno resumo histórico, jeh! —non imos falar do actual, porque é coñecido— do que nós chamamos o *bluff* do coche eléctrico:

15 de xullo de 2010. A Xunta de Galicia prepara un plan de mobilidade eléctrico.

29 de marzo de 2010. Xunta, Citroën, Fenosa e Blue Mobility alíanse para potenciar o vehículo eléctrico.

10 de xaneiro de 2012. Galicia aposta polo coche eléctrico cun plan de alugueiro.

Ourense acollerá unha fábrica de vehículos eléctricos que creará un millar de empregos.

A Xunta anuncia que regulará por decreto as electrogasolineiras.

Podería seguir pero váiseme pasar o tempo. Basicamente anuncios, anuncios e máis anuncios. ¿Sabe como remataron estes anuncios?: O descoñecido resultado das subvencións da Xunta ao coche eléctrico. A firma viguesa galega de electrogasolineiras Blue Mobility pecha por atraso no vehículo eléctrico. Blue Mobility en concurso tras recibir 564.000 euros. O fracaso do automóbil eléctrico enterra en Galicia 40 millóns de axudas.

¿Sabe por que é isto? Porque non hai un plan para a automoción. Improvisación, anuncio e anuncios.

Dícialle antes que o Goberno portugués está traballando como hai que facelo. ¿E sabe cal é a diferenza entre o Goberno galego e o Goberno portugués? Concretamente —porque me vai dicir que isto é competencia do Estado— concretamente das cámaras municipais de Chaves, Melgaço e Vila Real. Que as administracións portuguesas traballan da man en lugar de enfrontar o sector co Goberno central, como fai vostede e o presidente Feijóo. E ademais teñen como prioridade a creación de emprego, mentres que o Goberno galego prioriza os beneficios das grandes empresas. Por isto non teñen un plan para o sector da automoción propio e limítanse a acompañar, a estar ao carón e a financiar o sector, como vostede acostuma dicir.



Señor Conde, deixen de facer seguidismo aos mandados da dirección de Stellantis, abandonen ese papel de submisión que manteñen ante Stellantis e póñanse a traballar para despreparar medidas que fortalezan o sector da automoción; teñen plenas competencias en materia de industria, exérzanas.

Acaban de publicar no BOE as bases para entrar no PERTE do vehículo eléctrico e conectado. Mudaron, xa non é condición excluínte a non produción de baterías, agora chega con ensamblalas. Casualmente o que fai Citroën na súa planta de Vigo. E a pregunta agora é: ¿Segue o Goberno galego apostando pola implantación dunha fábrica de baterías na área de Vigo? A posición de Stellantis non está clara. Bueno, ou si, jeh! Porque xa anunciou a instalación de tres fábricas de baterías en Europa, concretamente en Francia, en Alemaña e en Italia, e 2 en Norteamérica, pero non di nada da de Vigo.

E, pola outra banda, o proxecto que anuncia Stellantis, xunto con CTAG e o resto da industria da automoción para este PERTE, é unha candidatura conxunta con Madrid e Zaragoza, onde Stellantis ten centros de produción. A dúbida é que parte dese PERTE vai quedar en Galiza, que repercusión no emprego vai ter e como vai apuntalar o futuro do sector na área de Vigo.

O balance do sector do ano 2021, que se coñeceu hai un par de días, é, e pódolle asegurar que busquei a definición e quedeime cun simplemente moi preocupante. Nun ano no que Stellantis parou a súa produción máis de 60 días, nos que mandou para a casa pola aplicación dos ERTE máis de 15.000 persoas traballadoras, acadan unha facturación récord, a maior da súa historia: 11.200 millóns de euros, un 7,3 máis alto que no ano 2020. E ademais fabricáronse 495.000 unidades, a terceira maior produción dos 60 anos da factoría de Vigo. Ata aquí todo ben, perfecto. O problema vén cando a eses datos se lle contrastan o número de persoas empregadas no sector dese ano 2021, porque, fronte ao incremento da produción e facturación, reduciuse o número de persoas contratadas nun 6,1 %: 1.530 persoas menos. A redución dos empregos na transición ao coche eléctrico é unha ameaza real, unha ameaza da que están alertando todos os expertos e todos os países. Por isto, é necesario apuntalar o sector con máis actores que garantan a competitividade do sector e que produzan para outras marcas.

Hai que rachar con esa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante. Diría a miña avoa que non podemos seguir poñendo todos os ovos na mesma cesta, señor Conde; hai que repartilos para garantir que no caso de que rompa unha cesta queden os outros ovos.

No BNG entendemos que este non é un bo momento para o Partido Popular. O presidente Feijóo está preparando a mudanza para Madrid, cidade que como sabemos é o súmmum da liberdade, e non como A Coruña, Santiago, Vigo, que vivimos nunha auténtica ditadura... (Aplausos.) E, ademais, están buscando inquilino para Monte Pío. Vouvos dicir unha cousa, poden tirar vostedes do Rexistro de Demandantes de Vivenda, que como xa dixo a miña compañeira hai xente dabondo para que vaia vivir para Monte Pío e que está buscando un lugar onde vivir.

Sentimos moito molestalos, pero o futuro do país non espera. Non podemos esperar a que apareza un novo presidente ou que estea presente a tempo completo no país, e teñen que



actuar. A Xunta de Galicia ten plenas competencias en materia de industria, teñen que exercer. Deixen de buscar culpables e tracen unha folla de ruta para o sector da automoción que garanta o futuro e o emprego na comarca de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Saudamos os alumnos que acaban de entrar, os alumnos de sexto de primaria do centro plurilingüe San Benito de Lérez, en Lérez, Pontevedra. Benvidos ao Parlamento. (*Aplausos.*)

E tamén as persoas que nos acompañan hoxe na tribuna.

E agora, para responder a interpelación, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Únome ao saúdo aos estudantes que nos acompañan e que poden ter a oportunidade neste caso de acudir a un debate sobre un sector tan importante para o tecido produtivo galego como é o sector da automoción.

O certo, señora González, é que sería moi difícil entender o discurso do Bloque Nacionalista Galego se non souberamos que vostedes desprezan continuamente a iniciativa privada. O esforzo que cada día fan centos de miles de industrias, de empresas e de autónomos para tentar precisamente manter a actividade e os empregos nun escenario adverso.

É certo que nestes momentos a preocupación de todos é como facer fronte a uns prezos enerxéticos nunca vistos e tamén como poder conseguir esas materias primas que son vitais para manter a actividade industrial, tanto no sector da industria como tamén no sector primario. E, dende logo, a urxencia de que o Goberno desbloquee de forma inmediata o paro do transporte que está afogando todo o tecido produtivo, tamén o sector da automoción.

Cómpre, en definitiva, ser firmes e contundentes na defensa da democracia das liberdades que compartimos na Unión Europea, e nese contexto Galicia dende logo seguirá estando ao lado da súa industria e dos seus traballadores, polo que vai sendo hora seguramente, señora González, de que vostedes tamén decidan se queren estar con Galicia ou ben se queren poñer ao lado do indefendible. (*Aplausos.*)

Porque o certo, señoría, é que ata o de agora o Bloque Nacionalista Galego permanece nunha ideoloxía estéril, inútil para os sectores produtivos, que fai que vostedes antepoñan o seu modelo de economía planificada e controlada dende o ámbito público, seguramente seguindo referentes en Cuba, en Venezuela ou na propia Rusia. Esa é a prioridade do seu partido, o que vostedes permanentemente traen a esta Cámara, máis que defender o sentir dos intereses da maioría dos galegos e das galegas, que queren estar ao lado do pobo ucraíno e que



queren tamén que se lle baixen os impostos inmediatamente para poder paliar a maior inflación posible dos últimos 33 anos.

Neste contexto debo insistir noutra realidade que o Bloque Nacionalista Galego sistematicamente se nega a admitir, a realidade dos apoios que dende a Xunta de Galicia estamos trasladando ao sector da automoción. Tanto a fábrica de Stellantis en Vigo como a industria da automoción galega en xeral formada por máis de 200 empresas, son todo, señora González, todo un exemplo, a nivel nacional e internacional grazas á súa aposta pola excelencia, pola dixitalización, pola innovación e pola sostibilidade e o seu talento, aínda que vostedes permanentemente queiran trasladar unha imaxe contraria.

Fala vostede do desenvolvemento do coche eléctrico. Debería saber que trasladar a este Parlamento que hoxe a fábrica de Stellantis en Vigo xa fabrica sete modelos eléctricos grazas tamén ao apoio da Xunta de Galicia. (Aplausos.) Seguramente vostede debería revisar o Plan estratéxico do sector da automoción que se está desenvolvendo dende o ano 2004, precisamente para traballar dende a perspectiva da colaboración público-privada, o clúster apoiado pola Xunta de Galicia precisamente para impulsar esa competitividade, esa produtividade e poder incrementar ese valor engadido e, polo tanto, dar as respostas dende a Administración ao que necesita o sector.

Debería saber, señora González, que se está desenvolvendo o cuarto plan estratéxico para que o sector se poida anticipar aos novos escenarios de mobilidade e que se poida transformar o sector cos novos retos e as novas oportunidades.

Señora González, Galicia séntese orgullosa do sector da automoción galego. Galicia séntese orgullosa de que o primeiro coche autónomo que percorreu as estradas españolas saía desde Vigo no ano 2014 nun programa conxunto coa Xunta de Galicia. Galicia séntese tamén orgullosa de que a planta de Balaídos de Stellantis xa fabrica nestes momentos o Peugeot e-2008 e unha ampla gama de furgonetas eléctricas, tamén grazas ao apoio da Xunta de Galicia. Unha aposta na que, como saben, non está o sector só e dende logo o papel da Xunta de Galicia, debería recoñecer, porque foi así, recoñéceo o propio sector, que o feito de que Stellantis Vigo conseguise os novos modelos foi tamén grazas ao apoio da Xunta de Galicia.

Dende a Administración, señora González, levamos investidos máis de 200 millóns de euros para que a industria da automoción galega se sitúe na vangarda, na vangarda de novos procesos de fabricación, de deseño, de desenvolvemento de validación de produtos e de sistemas para o vehículo do futuro; e estamos traballando conxuntamente o sector e a Xunta de Galicia no coche conectado, autónomo verde e no coche eléctrico. E ímolo seguir facendo, señora González, seguiremos apoiando o sector da automoción, porque iso é o que fai un Goberno responsable e sobre todo un Goberno predicible que defende a industria galega e que defende o emprego. É o que fai para que Galicia se consolide como punto de referencia internacional en mobilidade conectada e eléctrica porque é o que estamos facendo hoxe, desenvolvendo un novo proxecto de fábrica intelixente e sostible, facendo 4.0, que está desenvolvendo Stellantis en Vigo tamén co apoio da Xunta de Galicia.

Son proxectos que vostede coñece e que vostede simplemente intenta ocultar para precisamente trasladar unha imaxe totalmente distorsionada do que é o sector da automoción en



Galicia e sobre todo do que é a colaboración público-privada entre a Xunta de Galicia e o sector da automoción.

O que fai un Goberno serio e responsable, señoría, é apoiar o sector da automoción, e farémolo tamén para que Galicia volva ser pioneira en tecnoloxías como é a pila de hidróxeno. E, por suposto, imos seguir tamén apoiando no eido da formación o sector, co estudo das tecnoloxías emerxentes, da axenda galega de capacidades e co plan de formación, que o próximo ano terá máis de 100 millóns de euros de apoio.

En definitiva, señora González, seguimos traballando co sector da automoción, que é un sector de vangarda e de referencia a nivel nacional e internacional, aínda que vostedes intenten trasladar outra imaxe. E o que imos facer é seguir ao lado da industria da automoción, precisamente para que no contexto dos proxectos europeos o sector da automoción consiga o respaldo que merece, non só para financiar os diferentes investimentos, senón porque sabemos e somos conscientes, señora González, de que Galicia se xoga a estratexia para que esta electrificación permita que no ano 2025 Stellantis teña unha nova gama completamente electrificada. E niso nos imos dedicar e nos estamos dedicando precisamente para que o Goberno puidese rectificar e abrir esa ventá para que os procesos de Stellantis, de Ceaga e de CTA poidan ter encaixe.

O que non está claro, señora González, é a posición do Goberno con Galicia, aínda non está claro. Como ben sabe, o que demostrou ata o de agora o Goberno, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, é apoiar o proxecto de Seat e de Volkswagen, antes incluso da publicación das propias convocatorias oficiais, que foron o pasado venres. Moi difícil de explicar que un Goberno se pronuncie publicamente apoiando un proxecto cando non temos a convocatoria. Preocúpanos enormemente e creo que vostede debería estar igual de preocupada por como o seu socio de Goberno pode traballar desta maneira. Polo tanto, nós imos seguir polo miúdo o desenvolvemento deste PERTE e saber se realmente todos os fabricantes acoden en igualdade de condicións a esa convocatoria. E esperemos que Stellantis e Volkswagen poidan competir en igualdade de condicións; e esperemos que na letra pequena o Goberno non estea discriminando cara a Volkswagen os investimentos que quere apoiar cos proxectos europeos; e esperemos que Vigo reciba os investimentos e os apoios que están recollidos no proxecto de Autoáncora. Iso é, señora González, o que a vostede lle debería preocupar e que parece que a vostedes non lles preocupa. *(Aplausos.)*

Polo tanto, imos seguir traballando e esperemos que con obxectividade, e seguiremos apoiando o sector da automoción con ou sen o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Farían ben se seguramente vostedes cambiaran a súa actitude e amosasen seguramente un mínimo respecto pola industria, polas empresas e sobre todo polos autónomos e polos traballadores que están desenvolvendo e que están convertendo que Galicia hoxe en día sexa un referente no sector da automoción.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Réplica, señora González Iglesias.



A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Primeiro de todo, señor Conde, o BNG non despreza a iniciativa privada. E ademais non ten vostede máis que falar cos empresarios e coas empresarias de Vigo e pedir referencias sobre o conselleiro do bipartito, Fernando Blanco —que ademais foi inxustamente tratado—, (*Murmurios.*) e pregúntelle que opinan das políticas industriais do señor Fernando Blanco cos empresarios de Vigo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Aquí ninguén... e, é máis, eu fixen referencia aos datos positivos e que consideramos moi positivos e que están moi ben. O problema non é ese. Ademais, vostede insistiu precisamente no que eu lle dicía; é dicir, apoiar, seguir ao lado e acompañar. Non se trata diso, señor Conde, non se trata diso. Trátase de poñerse á fronte, de trazar unha folla de ruta; por suposto, de acordo cos sindicatos, empresariado, etc. Aquí ninguén fala de comunismo radical, bolxevismo do que vostede fala, nin de Venezuela nin de Bogotá; falamos de traballar da man e de trazar unha folla de ruta.

Porque, mire, hai algo que eu nunca contaría con chamarlle, ipero é vostede un auténtico negacionista, aquí! Porque a realidade é que, cando está diante do sector, recoñece a situación do sector, polo menos así o recolle a prensa, ao mellor ten que falar cos periódicos que lle recollen mal as súas declaracións. E, é máis, eu diríalle que este risco, que ademais é real —que non é unha visión catastrofista, como a vostede lle gusta pensar, do Bloque Nacionalista Galego—, a transición cara ao coche eléctrico ameaza máis de 3.000 empregos que xa non serán necesarios cando desaparezan os coches de combustión. E vostede mesmo o recoñece nesas declaracións, polo que entendo que estamos de acordo, aínda que aquí diga o contrario. E, en tal caso, non nos faga caso a nós, vámoslle dicir que non nos faga caso ao Bloque Nacionalista Galego, fágalle caso ao presidente Feijóo, que di que «fronte a este marco incerto aposta por unha folla de ruta clara e precisa e non nos podemos permitir a improvisación» —recollido textualmente—. Estea pendente, cando pase por Galiza —entre viaxe a Madrid e Madrid— e fale con el, que lle explique a que se refire con esas declaracións. Pero nós concordamos co presidente da Xunta de Galiza, non podemos seguir improvisando, non podemos seguir limitándonos a apoiar, a acompañar e a estar ao carón. Non podemos seguir dependendo de Stellantis unicamente, estando de acordo en que Stellantis é fundamental e en que temos que apostar e apoiar a Stellantis; pero non pode ser a única folla de ruta. E non o dicimos nós, dío o sector. (*Pausa.*) Mire, o que hai que facer..., si, señor Conde, e vostede sábeo, aquí non o pode dicir, están coas mans atadas e nós entendémolo, pero a realidade é esa.

E, mire, outra cousa máis. Vén aquí dicíndonos que llo pidamos ao Goberno do Estado. Eu non sei como fai a Xunta de Galiza cando lle presentan un proxecto na súa consellería. Imaxino que virá un clúster ou un empresario, entra pola porta e di: mire, quero diñeiro para poñer en marcha... calquera historia, sen máis. Eu imaxino que teremos que levar un plan, un proxecto a Madrid que sexa imposible que boten abaixo. ¿Que está facendo a Xunta de Galiza para defender o sector da automoción en Madrid? ¿Cales son os pasos que deu vostede, señor Conde, como conselleiro de Industria en Madrid para defender a industria da automoción? ¿Estamos pendentes de que saia publicado? ¿Vaime dicir que non colleu o teléfono e fixo unha chamada para saber como van ser as condicións do PERTE? (*Pausa.*) É que de



verdade que a deixadez de funcións é alucinante se vostede me di que non fixo absolutamente nada diso, porque ese é o seu traballo, señor Conde. O seu traballo é estar en Madrid petando na porta para que a industria galega siga adiante e para ter un plan de futuro. E iso é o que teñen que facer, apuntalar o sector da automoción, que é fundamental non só para Galicia senón para Vigo e para a comarca.

E non respondeu vostede ningunha das miñas tres preguntas: do diñeiro a Stellantis, a automoción, Autoáncora. Pero, ¿van vostedes trazar unha folla de ruta, van redactar un plan para a automoción que apunte o seu futuro? *(Pausa.)* Espero que na réplica me conteste.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Peché da interpelación. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, lamentablemente cando hai que pedir referencias sobre a política industrial do Bloque Nacionalista Galego, seguramente vostede debería falar cos traballadores de Ence, debería falar cos traballadores da central térmica das Pontes, debería falar cos traballadores de Elnosa e debería falar seguramente tamén cos traballadores de Alcoa, que pola falta do seu apoio lamentablemente hai industrias que están paradas precisamente por esa visión ideolóxica que ten o Bloque Nacionalista Galego da industria do noso país. *(Aplausos.)*

Seguramente vostede me fala do que está facendo a Xunta de Galicia e eu creo que na miña primeira intervención xa llo trasladei, profundarei na réplica, pero seguramente cando falamos do sector da automoción o que debería facer o Bloque Nacionalista Galego é deixar de apoiar de forma explícita o Goberno de España. Vostede simplemente ten que confirmar como o sector da automoción está recibindo unha negativa permanente por parte do Goberno de España para a súa competitividade. Debería comprobar como onte o Consello de Ministros aprobou a planificación eléctrica 2021-2026 e deixou fóra a conexión de Vigo, a rede de transporte de 220 quilovatios, así como a propia subestación eléctrica de Balaídos. Elementos e investimentos que son claves para a competitividade do sector da automoción e para a competitividade da planta de Stellantis. Levamos reclamando ao Goberno este investimento, un investimento que xa estaba na planificación eléctrica 2015-2020, unhas alegacións que presentamos ao Goberno para que se fixeran estes investimentos; e, lamentablemente, as expectativas non son nada boas para o sector da automoción. As expectativas para a fábrica de Stellantis non son nada boas porque esta infraestrutura estaba chamada directamente a beneficiar a competitividade de Stellantis e tamén de toda a industria de Vigo, e mellorar tamén a calidade do servizo que ofrece aos fogares. Aí é onde está a Xunta de Galicia, e lamentablemente aí é onde non está nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista



de Galicia. E, por suposto, como o Goberno de España está beneficiando outras comunidades autónomas fronte á competitividade do sector da automoción de Galicia. Lamento que o Bloque Nacionalista Galego tamén estea apoiando o Goberno de España nestas iniciativas.

Fálame vostede, señora González, tamén do futuro e da falta de apoio ao sector da automoción. Debería saber —sábeo toda Galicia menos o Bloque Nacionalista Galego, moitas veces pásanos isto no Parlamento— como a Xunta de Galicia creou unha oficina específica co sector da automoción, co CTAG e con Stellantis precisamente para desenvolver un proxecto que está concretado en 1.200 millóns de euros de investimentos que deberían ser a resposta que dera o Goberno de España no PERTE. ¿Vai ser así? Pois verémolo. Ata o de agora o único que sabemos é que o Goberno de España apoia o investimento de Volkswagen e non o investimento de Stellantis. E veremos a ver se esa letra pequena, a ver que di; dende logo, as dúbidas están aí. E é unha dúbida razoable, porque foi a propia ministra a que fixo este apoio explícito a un proxecto dunha fábrica antes de publicar a convocatoria oficial. E o Bloque Nacionalista Galego calado, e o Partido Socialista de Galicia calado, e a defensa do sector da automoción en mans exclusivamente do grupo parlamentario maioritario da propia Xunta de Galicia.

E falábame vostede —non me vou esquecer, loxicamente— dos proxectos de semicondutores. Debería saber que nós, como Xunta de Galicia, xa lle temos trasladado ao propio presidente do Goberno que estes investimentos, vinculados ao Plan europeo de semicondutores, dependen dos incentivos que dende a Comisión Europea e dende o propio Goberno a través dos fondos europeos se poidan facilitar. Trasladámosllo ao presidente do Goberno cunha carta o 30 de novembro do ano 2021, anticipámonos. É indispensable que o Goberno dedique fondos europeos para que España se poida beneficiar deste plan. A pregunta é se realmente o Goberno o vai facer. O que lle podó dicir é que esa carta non ten ningunha resposta concreta sobre apoios concretos que os fondos europeos poidan permitir que o sector da automoción en España se poida beneficiar do Plan europeo de semicondutores. Non vaia ser, señora González, que xa perdemos o tren das baterías e agora perdamos tamén o tren dos semicondutores. Se vostedes seguen apoiando este Goberno, ao mellor encontrámonos con ese escenario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Consellería de Política Social respecto do sector das residencias de maiores

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Benvida, señora conselleira.



Antes de empezar, quero saudar o sector de residencias de maiores aquí presente a través da Asociación de Traballadoras de Residencias de Miores de Galicia (Trega), e a través tamén de traballadoras e traballadores do sector en representación dos sindicatos que se unen por unha causa xusta, como son CIG, UXT e Comisións Obreiras. E tamén saudar a Asociación Rede de Familiares de Persoas Miores Usuarias de Residencias, que non puideron asistir presencialmente por un imprevisto pero que seguirán o debate.

A semana pasada, o colectivo de traballadoras de residencias manifestouse anunciando unha folga indefinida sen precedentes; todo iso en Galicia, nomeadamente, o sector en Galicia. E tiveron a oportunidade de falar unha vez máis con elas e, nomeadamente, recordo que unha delas me dixo unha frase que me quedou gravada e ten toda a razón, díxome: «Non tiñamos que estar aquí». E non tiñan que estar aí, señora conselleira, se o Goberno galego cumprira as recomendacións do Consello de Contas hai 5 anos no informe demoledor sobre a situación das residencias de maiores en Galicia. Non tiñan que estar aí se a Consellería de Política Social escoitara as traballadoras cando levan anos denunciando que o persoal non é suficiente, que traballan con sobrecarga laboral e que as condicións laborais son precarias; nun traballo que, por suposto, é vocacional pero tamén moi duro. E non tiñan que estar aí, señora conselleira, se escoitara tamén os familiares dos residentes, das persoas maiores, que en reiteradas ocasións denunciaron incumprimentos da normativa ou malas praxes nos coidados dos seus familiares —por dicilo de xeito suave—.

Pero a realidade é que a Consellería de Política Social e o Goberno galego realmente non querían que estivesen alí, pero por outros motivos totalmente distintos. Non queren ruído, nin folgas, nin tampouco que todo o que... Pretenden realmente dende o Goberno galego que todo o que leva acumulando o sector se invisibilice. E por iso vostede, señora conselleira, non se dignou a reunirse directamente coas traballadoras, infravalorando desta forma a gravidade do asunto, porque non as escoita, señora conselleira.

Unha vez máis anuncian esta folga indefinida. E ¿que fai vostede, señora conselleira? ¿Que fai o Goberno galego? Xa sabemos que tratar o tema directamente vostede non, pero si asinar unha orde no DOG a semana pasada determinando como servizos mínimos a mesma que está regulada no Decreto 243/1995, que regula as condicións que deben cumprir os centros de atención residencial para persoas maiores. Ou o que é o mesmo, vostede ordenou uns servizos mínimos que impiden levar a cabo unha folga á práctica totalidade do persoal das residencias de Galicia. (*Aplausos.*)

Unha de dúas, señora conselleira, unha de dúas, ou pretenden coartar os dereitos das traballadoras do sector a facer folga, ou dúas, vostede está a recoñecer publicamente que en realidade as residencias de maiores en Galicia levan traballando en mínimos todos estes anos.

Consideramos urxente que o Goberno galego, a través da Consellería de Política Social, apoie o sector, escoite as súas demandas e medie na consecución dos obxectivos dirixidos a mellorar a atención das persoas maiores residentes e das traballadoras e traballadores do sector, porque a consellería non se pode desmarcar polo feito de que sexan residencia privadas. Primeiro, polas case 4.000 prazas concertadas pagadas con diñeiro de todos os galegos e gale-



gas; e, segundo, porque o benestar das persoas maiores é responsabilidade directa da súa consellería. E así tamén o recolle a propia Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais: atribúe á Administración autonómica competencia para a regulación das entidades, servizos e centros públicos ou privados que presten servizos sociais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo as normas nas que se determinan as condicións de apertura e funcionamento, modificación, capacitación do persoal e cese da actividade dos centros. E o benestar das persoas maiores que viven nunha residencia é directamente proporcional ás condicións que teñen as traballadoras e traballadores desa mesma residencia. E iso é competencia directa súa, señora conselleira. E falamos en moitas ocasións sobre as condicións das traballadoras do sector das residencias de maiores e tamén da falla de persoal, pero tamén falamos da función supervisora da inspección; de como o Consello de Contas destapou que o número de centros previstos pola inspección era do 100 % no ano 2010 e foi baixando progresivamente ata chegar a un 39 % no 2016. Ou o que é o mesmo, a medida que incrementaban o número de prazas privadas, baixaba o número de inspeccións. E isto é unha fórmula perversa para o benestar das persoas maiores que viven nas residencias, para as propias traballadoras e traballadores das mesmas, pero tamén para as residencias que fan ben as cousas e que cumpren a normativa, que son moitas, pero que teñen que xogar cunha competencia desleal, moitas delas auténticos imperios económicos.

E reitero o mesmo que noutras ocasións: se vostedes optan polo modelo excesivamente privatizado, teñen a obriga de compensar este feito cun incremento potente dos técnicos de inspección que fagan de ollos alá onde a Administración competente non chega, para velar polo cumprimento da normativa, xa que en si está totalmente obsoleta dende o 1995. Porque é tal o extremo, que Galicia é a comunidade autónoma que maior proporción de prazas privadas ten de toda España. E, á vez que ocorre isto e que vostedes fomentan isto, é a segunda comunidade autónoma de toda España que menos inspectores técnicos ten para a supervisión das residencias de maiores de toda España.

Polo tanto, o Goberno galego non pode supervisar as súas propias competencias, e con iso están a practicar a política de ollos que non ven... Convócase unha das folgas máis importantes e representativas do sector porque están a agardar a renovación dun convenio caduco dende o 2019. A Xunta de Galicia, como Administración competente na materia, ten que tomar unha posición ao respecto. E cito unhas verbas significativas ao respecto, textualmente: «Todas as residencias de Galicia, xa sexan públicas, privadas ou de iniciativa social, están baixo a tutela da Xunta de Galicia e baixo estreito e continuo control».

Supoño que aquí aos representantes do Partido Popular e á mesma conselleira soaranlles estas palabras, porque son as súas palabras textualmente, señora conselleira, que pronunciou aquí neste hemiciclo en varias ocasións. Pero, se estas son as súas palabras, realmente non se están a corresponder coa propia realidade, cando non está atendendo o problema que ten.

Teñen que ter valentía, mirar aos ollos ás traballadoras, mediar e tomar posicións sobre a actualización salarial e mellora das condicións laborais que reclama o sector, así como un incremento do persoal en función do número e grao de dependencia dos residentes, entre outros.



Están en xogo cuestións moi relevantes para a propia seguridade e coidados das persoas maiores, tendo en conta que cando existe falta de persoal en condicións precarias as primeiras afectadas son as propias persoas maiores, polo que é urxente que a Xunta de Galicia tome decisións ao respecto.

Ao longo desta lexislatura tivemos moitos debates sobre as residencias de maiores. Cada proposta que fixemos, cada reclamación de información, cada vez que fixemos visibles as denuncias do sector, tanto das traballadoras e traballadores, como familiares dos residentes, vostede, señora conselleira, usou retorcidamente as traballadoras nos seus discursos, usándolas como cortina de fume para tapar a súa falta de xestión. E a credibilidade política baséase en acompañar as palabras con accións. E vostede practicou moito o eloxio ás traballadoras, pero só de palabra, non de obra. É o momento de transformar os eloxios e agradecementos en realidade de fuxir en palabras baleiras sen compromiso.

Reúnase con elas, escoite as demandas e medie nesta situación, señora conselleira. Unha conselleira como a de Política Social require de valentía, de sensibilidade para afrontar problemas moitas veces seguramente moi incómodos. Pero é que o Goberno galego, a través dos seus ollos, ten que mirar de fronte ao colectivo e dar unha resposta. E ten hoxe a oportunidade ademais, porque aquí están presentes e, se ten uns minutos despois do debate, sería oportuno que puidera recibir e falar con elas, xa que están aquí presentes.

E recoñecer non só de palabra, senón tamén de obra, todo o traballo que levan feito estes anos cun déficit de persoal que eleva a carga e a presión laboral a niveis que impiden exercer uns coidados de calidade para as persoas maiores, que son a súa responsabilidade directa. Déficit de persoal que vostede mesma recoñece cando determina uns servizos mínimos que comprometen a práctica totalidade do persoal, impedindo con iso exercer os seus dereitos á folga.

O colectivo de traballadores de residencia fai un traballo moi duro, pero non esquezamos nunca que o sector de coidados é o futuro do noso país mentres sigamos nesta dinámica de despoboación e envellecemento que temos; non só a nivel social, senón a importancia tamén económica do sector coidados. Polo que lle pido, señora conselleira, que deixe de practicar a política de ollos que non ven, sabendo que moitas destas traballadoras están a traballar nunhas condicións de sobrecarga laboral e ademais nalgúns casos con salarios por debaixo do salario mínimo interprofesional. E non esquezamos que as traballadoras das residencias inevitablemente establecen lazos de afecto cos propios residentes, coas persoas maiores. E o feito de non ter uns momentos para parar a escoitalas, a falar con elas, ver como nalgúns casos incumpren a propia normativa incluso ofrecendo dietas pobres ou desequilibradas, por dicilo dunha forma suave, moitas das que se atreveron a denunciar estes feitos perderon os seus postos de traballo. (*Aplausos.*) E moitas outras, as que non o denunciaron pecharon a boca por medo a perder o seu posto de traballo. Todo o noso recoñecemento.

A pandemia foi a gota que colmou o vaso, porque tivérona que afrontar partindo de condicións que levaban anos denunciando. E, cando ninguén se atrevía a entrar nos hospitais nin nas residencias, aí estiveron ao pé do canon.



Porque os motivos polos que convocan a folga xa existían antes da pandemia, pero decidiron que no peor momento da pandemia non era momento para facelo, por responsabilidade e por iso agardaron que as residencias estiveran mellor para deixar claras cales son as súas prioridades.

Hoxe dende o Grupo Socialista instamos o Goberno galego a que través da Consellería de Política Social apoie publicamente as demandas do sector das residencias de maiores, que está a convocar unha folga indefinida, exixindo a renovación do convenio laboral, que blinde o incremento salarial que corresponde ás traballadoras e que é de xustiza para o sector; así como o aumento de persoal segundo o número e o grao de dependencia dos residentes entre outras demandas.

Vostede sempre basea o novo modelo residencial en aproveitar a tecnoloxía incluso. Falábase de robots como Copito de Castela-León onde gobernan agora, por certo con Vox, pero non existirá nunca un robot ou calquera tipo de tecnoloxía que substitúa ou mellore a atención dunha traballadora. Nunca a tecnoloxía substituirá unha mirada, nin unha conversa, nin unha caricia, nin un abrazo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Hoxe cóidanos a eles e a elas, pero o tempo pasa rápido e mañá con sorte chegaremos a maiores e coidarannos a nós, e as súas condicións laborais serán directamente proporcionais á calidade dos nosos coidados. Practiquemos a empatía, isto tarde ou temprano afectaranos a todos. Escoitemos o sector.

E remato coa frase con que empecei: Non tiñamos que estar aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Eu fíxenlles ese sinal porque as normas non permiten que a xente que nos visita, os acompañantes que temos invitados na tribuna, se manifesten a favor ou en contra. É a norma que temos e pídolles, por favor, que a respecten. Nada máis.

Ten agora a palabra para responder a conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, persoas que nos acompañades nesta sesión plenaria, señora Ortega, moi bos días a todos.

O obxecto da súa interpelación é a negociación dun convenio colectivo no que, como estou segura de que vostedes saben, a Xunta de Galicia non participa. O Estatuto dos traballadores



establece que a negociación colectiva se desenvolve entre os representantes do persoal e tamén os empresarios. E, polo tanto, o Goberno galego non é que non queira, é que nin pode nin debe inmiscirse no diálogo entre as partes.

O Goberno galego, como non podería ser doutro xeito, respectará os acordos aos que cheguen os traballadores e as empresas, e de verdade que confiamos en que canto antes poidan chegar a un consenso, que poidan chegar a un consenso satisfactorio para ambas as partes sen que a atención ás persoas maiores se resinta.

Polo tanto, en resposta ás súas preguntas, en primeiro lugar, a Consellería de Política Social reuniuse cos sindicatos no ámbito das súas competencias; é dicir, para a fixación duns servizos mínimos, que se publicaron no *Diario Oficial de Galicia* o pasado mércores 16 de marzo.

En segundo lugar, a flexibilización das condicións de contratación non é unha decisión que adoptase a Xunta de Galicia, senón que adoptou o Goberno central. Se repasan o *Boletín Oficial del Estado* do pasado 31 de decembro, verá a resolución do Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 que o regula. Cando o necesitan para garantir a continuidade do servizo, as residencias están a contratar persoal ao abeiro desta medida de alcance nacional e respectando sempre as premisas que marca.

Para calquera axuda ou para calquera consulta técnica, os traballadores saben moi ben que teñen á súa disposición a Dirección Xeral e o Consello Galego de Relacións Laborais, adscritos ambos á Consellería de Emprego e Igualdade.

De feito, señora Ortega, xa lle avanzo que as organizacións sindicais veñen de solicitar ao Consello de Relacións Laborais que o mediador actúe de oficio, e este vén de aceptar esta petición, algo que só sucede en ocasións de gran relevancia pública. *(Aplausos.)*

O mediador vén de convocar as dúas partes a unha xuntanza para referendar o acordo, e eu estou plenamente convencida de que, se os deixamos falar, esta situación laboral vai solucionarse.

Tamén me gustaría pararme no respectivo á formación, algo que é moi importante. Eu estou de acordo en que en todas as profesións e en todos os ámbitos é preciso avanzar na capacitación dos profesionais, pero nos centros de servizos sociais cobra unha importancia aínda maior, porque non soamente permite que os traballadores optimicen o seu tempo e saquen o máximo partido del, senón que tamén axuda a reforzar a calidade asistencial.

Por iso vimos de poñer en marcha o I Plan de formación continuada dos servizos sociais da historia de Galicia. Unha iniciativa formativa sen precedentes destinada aos profesionais dos centros de día, dos centros de menores, dos centros socio-comunitarios e, por suposto tamén, das residencias de maiores.

Falamos dun completísimo programa de máis de 300 actividades e máis de 6.000 horas, que van destinadas a 10.000 profesionais de todos os centros de Galicia. Sexan da categoría profesional que sexan: auxiliares, profesionais de limpeza, traballadores sociais, de enfermería,



médicos, fisioterapeutas, inspectores e outros moitos. Tamén destinado a todos os centros sexan da titularidade que sexan. E os traballadores poderán optar entre a modalidade presencial e a modalidade *online*. Con estas actividades atendemos as dúbidas do persoal e fórmanse nas técnicas de coidado máis avanzadas.

Queremos que esta aposta decidida pola capacitación dos profesionais non sexa algo puntual, nin sexa algo efémero, senón que virá para quedar. Por iso a partir de agora todos os centros residenciais de Galicia será necesario que contén de forma anual cunha oferta formativa que estea adecuada ás necesidades e tamén aos retos do seu persoal. Formación e asistencia continua na negociación a través dos organismos de relacións laborais dos que dispón a comunidade autónoma. É así, e de xeito construtivo e dentro das nosas competencias como a Xunta de Galicia apoia todos os profesionais das residencias privadas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

A verdade é que non esperaba esta resposta, señora conselleira, esperaba algo máis e o sector penso que esperaba algo máis. Decepción absoluta. ¿Estanos a dicir, señora conselleira, que non poden mediar cando o propio ente fiscalizador, o propio Consello de Contas nas súas recomendacións cita cuestións relacionadas co persoal?

Señora conselleira, o peor que lle pode pasar a un político no exercicio das súas funcións é perder a credibilidade. Vostede leva dicindo moito tempo que implantará en Galicia un novo modelo de residencias que non semella cambios a día de hoxe substanciais, nin para as persoas maiores, nin para o sector de traballadoras e traballadores. Vostede di que aumentará o número de técnicos de inspección. ¿Para cando?, ¿para cando ese número significativo? É que non só están en xogo as condicións laborais dos traballadoras e traballadores, é que está en xogo a propia seguridade, o propio benestar e os propios coidados de calidade que merecen as persoas maiores en Galicia.

Vostede di que aumentará o número de técnicos de inspección, pero non o fai. Seguimos agardando esas promesas que nunca chegan, e chega aquí hoxe e practicamente non di nada, simplemente que non ten nada que ver vostede nisto, ¿lavan as mans? ¿De verdade esa sensibilidade que merecen as persoas que estiveron traballando durante a pandemia, que vostede tanto as usou realmente para intentar agochar as súas incompetencias pedindo aplausos para elas? Os aplausos agora é o momento de facelos, reúnanse con elas, fale con elas agora que están aí arriba no hemiciclo. (*Aplausos.*)

E a vostede isto non a pilla de sorpresa, non é novata, señora conselleira. Porque é conselleira de Política Social hoxe pero era conselleira de Política Social na lexislatura pasada e anteriormente foi directora xeral de Maiores, nada máis e nada menos, polo que vostede tivo



que recibir acuse de recibos de máis queixas, denuncias, avisos de incumprimento da normativa que ninguén. Se os recibín eu, imaxino vostede moitísimo máis.

Falabamos do modelo de residencias, do novo modelo residencial falan moito en prensa, pero é que isto realmente tamén é modelo residencial. As condicións laborais das traballadoras que executan con todo o cariño do mundo os coidados aos maiores; e a folga, textualmente dicían folga nas residencias de Galicia, «las están convirtiendo en una cadena de montaje», iso é o que está sucedendo nas residencias de Galicia, señora conselleira.

Comprendo que ademais está nunha situación bastante..., co tema da comparecencia do señor presidente Feijóo onte, queda nunha situación bastante comprometida vostede, señora conselleira, porque cito textual: «respectuoso co sufrimento das familias, e do conxunto dos traballadores que están nunha situación especialmente delicada, na maioría de sectores de Galicia», palabras de onte do señor Feijóo referíndose aos transportistas.

¿Para cando ese mesmo respecto para as traballadoras e traballadores do sector de residencias de maiores de Galicia? *(Aplausos.)* Porque este problema non vén de agora, vén de hai moito; e tampouco vén da pandemia, vén de antes da pandemia. E non quixeron facer ruído porque, se quixeran facer ruído, farían a folga no momento en que máis doe tamén, no medio da pandemia, que ademais de maior repercusión tamén sería o máis cómodo para elas, cando ninguén se atrevía a entrar en residencias con gromos, porque ata tiñamos medo de baixar o ascensor, de baixar a basura, de tocar o ascensor, pero elas sabían o que tiñan que facer. Estiveron ao pé do canón cando ninguén quería entrar nas residencias co medo no corpo tamén, porque tamén teñen familias e tamén tiñan que chegar ás súas casas despois de traballar co medo no corpo por recoller o virus e chegar ás súas casas coa súa familia. Pero estiveron ao pé do cañón dando o mellor de si, para non deixar a xente tirada, para non deixar os nosos maiores tirados. ¿E esta é a resposta da Consellería de Política Social, señora conselleira? Por responsabilidade, devólvannllelo dende o Goberno galego. Reúnanse agora mesmo, que as teñen aí, e solucionen esta situación, señora conselleira. De verdade que non é de recibo o que acaba de facer, non esperaba isto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Peché da interpelación, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

E, señora Ortega, eu teño o máximo respecto cara ás reivindicacións do persoal das residencias de maiores, de todas, das públicas, das de iniciativa social e, por suposto, tamén de todas as privadas. E estou convencida, estou segura de que vostede tamén obtén o mesmo respecto ca min.

Pero o xeito de respectalas é actuar no marco das nosas competencias e non extralimitarnos en ningún caso desas competencias.



Dentro, insisto, dos límites que nos marcan as leis estatais e as leis autonómicas, estamos a traballar para mellorar a atención nos centros de maiores, en todos eles, en todo tipo de centros, sexa cal sexa a titularidade. Por iso, hai tres meses presentamos unha proposta líder en España para mellorar o sistema residencial de Galicia, aprendendo, por suposto, como di vostede, das leccións aprendidas especialmente nos últimos meses.

Este novo modelo residencial baséase en catro piares fundamentais. Por un lado, a humanización do trato e a formación continuada, como lle estaba dicindo, de todos os profesionais das residencias de maiores.

En segundo lugar, o aproveitamento da tecnoloxía, por suposto que si, para perfeccionar a atención ás persoas maiores.

En terceiro lugar, mellorar a coordinación entre dous mundos, o mundo social e o mundo sanitario, que en Galicia traballan cada vez máis unidos e traballamos da man.

E, en cuarto lugar, continuar implementando reformas estruturais e arquitectónicas, que se comezarán a aplicar en todas as residencias de nova construción.

Nestes momentos o Goberno central está embarcado tamén na redacción duns criterios comúns para as comunidades autónomas, un esforzo que por suposto agradecemos e que ten que facerse sempre dende o realismo. Calquera achega para mellorar as residencias ten que poñer nunha balanza dous elementos que son importantísimos e que son innegociables. Por un lado, ten que mellorar a calidade da atención ás persoas maiores e, por outro lado, garantir a accesibilidade a un servizo como é o servizo residencial.

Señorías, o sistema residencial de Galicia está avanzando, avanza coas 13.000 prazas sostidas con fondos públicos, o dobre que cando gobernaban o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Avanza, por suposto, cuns obxectivos claros para mellorar a atención aos nosos maiores, que é o que marca, precisamente o novo modelo de residencias de Galicia. Avanza con ese plan de formación pioneiro para que os traballadores se formen e se adecúen tamén aos novos retos. E avanza e así o espero a través do diálogo, a través do diálogo entre as empresas e os traballadores, sen intromisións, sen interferencias e con todo o apoio que necesiten dende o ámbito laboral, con altura de miras, con proporcionalidade e con lealdade.

Señora Ortega, pídlle que deixemos negociar, pídlle que deixemos que cheguen a acordos, que deixemos que as partes implicadas solucionen o problema sen interferencias. Iso si, con toda a axuda que necesiten, porque falando sabe vostede moi ben que é como se entende a xente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Alteración da orde do día.



O señor PRESIDENTE: Imos substanciar tres preguntas.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a planta de Alu Ibérica na Coruña

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señor vicepresidente segundo.

Antes de comezar esta pregunta, quero amosar todo o apoio do Grupo Parlamentario Popular aos case 300 traballadores de Alu Ibérica na Coruña que están a vivir momentos complicados e cheos de incerteza. Por certo, unha situación que este grupo parlamentario e a Xunta de Galicia levan advertindo dende hai moito tempo. A situación de Alu Ibérica desgraciadamente é un fiel reflexo das malas decisións adoptadas polo Goberno do señor Sánchez. Podemos falar dunha situación crítica no sector como consecuencia dun prezo eléctrico que impide competir en igualdade de condicións co resto de países europeos nos que si se están a tomar medidas.

Centrándonos en Alu Ibérica, hai que recordar que foi o propio Goberno socialista quen avalou a venda das plantas de Avilés e da Coruña a parte de Capital Group, a pesar da continua advertencia que se fixo dende a Xunta de Galicia e incluso que tamén deixaron entrever os responsables de industria do Goberno do Principado de Asturias, xa que era unha venda que non ofrecía garantías e, como se está a ver co paso do tempo, non podía ofrecer garantías porque non as había.

Unha situación preocupante que chocaba co triunfalismo do Goberno central por aquel entón; un triunfalismo exacerbado, por exemplo, por parte do delegado do Goberno aquí en Galicia, o señor Losada, que falaba dun éxito colectivo grazas a un Goberno socialista. Ou a ministra de Industria a señora Reyes Maroto, que falaba dun éxito colectivo, un éxito de todos. Algo que dicían mentres máis da metade da plantilla de Alu Ibérica practicamente non tiña carga de traballo.

Por iso, ante esta inacción por parte do Goberno do Estado, gustaríame preguntar: ¿de que información dispón a Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a planta de Alu Ibérica na Coruña en relación coa implicación do Goberno de España na procura dunha solución de futuro que permita manter a actividade industrial e o emprego?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Pardo, efectivamente, a Xunta de Galicia leva moitos meses advertindo que o futuro de Alu Ibérica precisa da implicación de todas as partes, sen diferenciación ningunha, para que poidamos axudar a converter a fábrica da Coruña nunha planta de aluminio verde na que prime a economía circular. Ese é o obxectivo compartido da Xunta de Galicia xunto cos traballadores, porque así o levamos identificado e así o estamos definindo no contacto permanente que temos co propio comité de empresa. De feito, temos elaborado da man do cadro de persoal un caderno de ventas, precisamente, que foi entregado, xa tanto ao Goberno como ao administrador concursal para que poida servir de panca para identificar ese proxecto e ese investidor industrial que permita darlle continuidade á actividade e aos empregos.

Pero tamén é certo que para acadar este obxectivo necesitamos a suma de todos, a aportación de todos e, por iso, é moi importante nestes momentos contar coa implicación do Goberno central. Un Goberno que ten que asumir a súa responsabilidade, unha responsabilidade que parte do peche en falso de Alcoa no ano 2019 ao bendicir o propio Ministerio de Industria unha solución parcial do Fondo Parter con fecha de caducidade de dous anos. E unha responsabilidade tamén por manterse á marxe na venda posterior ao Grupo Riesgo en abril do ano 2020.

O Goberno segue sen poñer enriba da mesa tamén un prezo eléctrico que garanta a viabilidade da produción de aluminio primario en España e, polo tanto, a produción de aluminio primario en Alu Ibérica. Todos sabemos que os contratos bilaterais son unha parte da solución. Nestes momentos a industria electrointensiva española paga de media 228 euros/megavatio, que é máis do dobre que en Francia e practicamente un 20 % máis que en Alemaña. Pero nestes dous países a aplicación do marco enerxético permite que en Francia o prezo de mercado se poida diminuír en 26 euros, que en Alemaña se poida diminuír o prezo de mercado en 27 euros, e en España, pola aplicación do marco enerxético, sobe 10 euros/megavatio o custo da electricidade. Polo tanto, sen esa colaboración, vai ser moi difícil darlle continuidade á produción de aluminio, loxicamente, sen non temos ese prezo.

E o Goberno segue tamén, lamentablemente, sen colaborar para desbloquear a situación e buscar unha solución. Anuncia que hai tres investidores, pero non lle comunica nin se pon en contacto con ninguén para identificar eses investidores e poder traballar con eles. Polo tanto, esperemos que o Goberno poida ser parte da solución porque, dende logo, a Xunta de Galicia si que está traballando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ... para ser parte desa solución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Pardo.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, vicepresidente segundo.



Como vostede ben indica, estamos ante un Goberno central incapaz de asumir responsabilidades. Un Goberno central obsesionado cunha mal chamada transición enerxética e que está a provocar a maior crise industrial das últimas décadas. Un Goberno central incompetente por non querer exercer as súas competencias. Un Goberno central que ten na súa man arranxar o problema enerxético industrial deste país e que non é outra que ofrecer un marco enerxético estable que lles permita ás nosas industrias ser competitivas. Un Goberno central que non escoita, non escoita a petición dos traballadores, non escoita a petición deste Parlamento para acometer unha intervención temporal a través da SEPI ata que se encontre un novo investidor; por certo, aquí neste Parlamento, aprobado por unanimidade de todos os grupos desta Cámara. E un Goberno central que non escoita, pero que ademais é o campión da mentira; podemos lembrar como nun mitin o presidente Sánchez, acompañado pola alcaldesa da Coruña, lles dicía aos traballadores que «*en 9 meses hemos garantizado el futuro de Alcoa*». Esas promesas que facía o presidente Sánchez en campaña, unha vez finalizada a mesma, quedaron en papel mollado, xa que desgraciadamente estamos ante un Goberno central que non ten unha política enerxética; e non o digo eu, dío a propia ministra de Industria, a señora Maroto, que dixo: «O Goberno comprométese a traballar por unha política industrial neste país e a acometer cambios no prezo da enerxía». E en dous anos non só non o fixeron, senón que por riba agravaron o problema.

Por iso, señor vicepresidente, gustaríame preguntar ¿como valora a situación da industria electrointensiva e a inacción do Goberno central neste senso?

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Peché da pregunta. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pardo, efectivamente, estamos nunha situación enormemente complicada, estamos nun proceso concursal. E, polo tanto, nós dende a Xunta de Galicia, e dende o máximo respecto ao traballo que se está levando a cabo por parte do administrado concursal e do propio xulgado, estamos de acordo cos traballadores en que é posible sentarse a negociar un futuro para Alu Ibérica na Coruña e buscar outras alternativas para a totalidade do cadro de persoal. Entendemos que é posible se realmente todos sumamos esforzos e somos capaces de traballar conxuntamente. E, polo tanto, identificar eses investidores, compartir a información e, sobre todo, traballar para que poidamos identificar ese proxecto industrial viable. E tamén, lóxicamente —e así o temos trasladado—, poder incluso acometer unha intervención temporal da fábrica a través da SEPI se fose necesario ata que se atope ese investidor. Ese é o compromiso da Xunta de Galicia e, polo tanto, nós imos seguir traballando nesa dirección.

É certo que necesitamos esa implicación do Goberno; primeiro, na identificación dese investidor industrial e compartir as diferentes opcións; e, en segundo lugar, tamén coas me-



didás que precisa unha empresa electrointensiva como é Alu Ibérica. E, polo tanto, precisamos que o Goberno pase dos anuncios aos feitos. Eu recordo nesta Cámara que o 2 de marzo deste ano o presidente do Goberno anunciou que se ía reducir o 80 % das peaxes do transporte. Hoxe, día 23, non temos ningunha medida concreta que ratifique ese anuncio feito por parte do propio presidente do Goberno. E, igual que esta medida nos parece indispensable e que forma parte das alegacións que nós temos presentado, tamén lle estamos pedindo que se poida aplicar a máxima compensación de CO₂ indirecto, que está estimada en 450 millóns de euros para este ano 2022; que se poidan publicar as poxas de enerxía marxinal, e que tamén se poidan facilitar os contratos bilaterais a prezos competitivos e tamén comprometidos e prometidos a través dese Estatuto de consumidores electrointensivos.

Polo tanto, o futuro de Alu Ibérica pasa por ese dobre compromiso. En primeiro lugar, co traballo dende o punto de vista industrial; e, en segundo lugar, se fose necesario —como dicía— a intervención da propia SEPI. E, en segundo lugar tamén, cun prezo eléctrico competitivo que necesariamente nestes momentos está afogando as empresas. Están parando a súa actividade empresas como Ferroatlántica, como Megasa, como CELSA. ¿Como imos poder identificar un investidor industrial se non somos capaces de garantir un prezo competitivo para manter a actividade industrial? Iso é o que lle estamos pedindo ao Goberno e, dende logo, os traballadores saben que contan con todo o noso apoio para traballar nesta dirección.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto das ofertas presentadas polas empresas que optan á compra do estaleiro de Barreras.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Os 130 anos do estaleiro Hijos de Barreras teñen luces e sombras. Un estaleiro que foi nacionalizado nos anos 70, que se mantivo baixo o paraugas estatal ata que foi privatizado por Aznar no ano 2011. Que no 2011 presentou un concurso de acredores voluntario que finalmente foi superado por medio dunha ampliación de capital e un plan de pago coas empresas auxiliares. En 2013 a petroleira mexicana Pemex entrou no capital de Barreras facéndose co 51 % do accionariado presentando un plan moi ambicioso, pero pese aos anuncios da empresa mexicana e do propio presidente da Xunta, gran valedor desta venda, quedou en nada cunha empresa que se viu obrigada a cancelar os proxectos e os grandes investimentos anunciados.

En 2017, asinou un contrato coa división de cruceiros da cadea hoteleira Ritz-Carlton para a construción dun cruceiro de luxo chamado *Evrima*, pero de novo os sobrecustos e atrasos deixaron nunha grave situación económica o estaleiro.

En 2019, a acumulación dunha débeda de 50 millóns de euros coas empresas subcontratadas introduciu de novo a Barreras nunha situación preconcursal. E para desbloquear o proxecto do *Evrima* a filial de cruceiros viuse obrigada a adquirir o 100 % do estaleiro.



A finais do 2020 terminou a turbulenta relación do estaleiro coa petroleira Pemex, criticada recentemente polo presidente mexicano ao catalogala de estafa por parte da Xunta de Galicia, organismo que xestionou as negociacións entre o estaleiro e a petroleira mexicana. A situación de Barreras non mellorou con esta adquisición e xa en decembro de 2021 tres empresas españolas —Armón, Gondán e Marina Meridional— presentaron ofertas vinculantes para se faceren coas instalacións do porto de Vigo.

O pasado xaneiro de 2022, a consultora Kroll presentou un concurso voluntario de acredores con tal de evitar que as instalacións de Vigo seguisen devaluándose. Dende a consultora propúxose unha venda directa da unidade produtiva do estaleiro a unha das tres empresas que fixeran ofertas en firme. E o 9 de febreiro deste ano a xustiza galega autorizou o administrador concursal para iniciar o proceso de venda directa, e habilitou un último prazo de 10 días para que as empresas interesadas mellorasen, se así o estimaban oportuno, as ofertas vinculantes presentadas. Unha vez que se recibiron as ofertas, o administrador concursal abriu un prazo de audiencia tanto para os traballadores como para a concursada, os acredores e a Autoridade Portuaria, tras o cal os xestores do estaleiro nomeados pola xuíza emitirían un informe de valoración co resultado, ademais de permitir o inicio do procedemento para executar a venda directa.

Nesa liña, dende o noso grupo pensamos que o Goberno da Xunta de Galicia —parte responsable dos problemas de inestabilidade do estaleiro— debería utilizar as súas competencias en materia industrial e de emprego para avaliar e cuantificar as propostas presentadas, co fin de informar o administrador concursal sobre cal é a proposta que mellor garante a actividade no estaleiro e a estabilidade no emprego.

Por todo iso, señor Conde, desexamos preguntarlle se pensa o Goberno galego elaborar o dito informe que avalíe e cuantifique as ofertas realizadas polas empresas que optan á compra de Barreras. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Martín Seco, é curioso que sempre o Partido Socialista, cando quere falar de política industrial, se dirixa á Xunta de Galicia con esas dúas ideas finais que vostede traslada: a Xunta de Galicia é responsable de que unha empresa privada que actúa con criterios privados e con xestión privada, pois calquera cousa que pase é responsabilidade da Xunta de Galicia. E, en segundo lugar, claro, como temos as competencias pois loxicamente seguramente non as esteamos aplicando correctamente.

A miña pregunta a vostede, se mo permite, é: ¿de que se nos acusa no caso de Barreras? Voulle facer o relatorio da actuación da Xunta de Galicia con respecto a este estaleiro.



Como sabe vostede, grazas á Xunta de Galicia este estaleiro, que estaba nun concurso de acredores no ano 2011, grazas á acción de Política Industrial da Xunta de Galicia, este estaleiro tivo carga de traballo cando poucos apostaban polos nosos estaleiros. Ano 2012.

Apoiamos a capitalización do estaleiro cando necesitaba desenvolver e diversificar a súa actividade produtiva, ano 2013. Ofrecémoslle financiamento, señor Martín Seco, devolto na súa totalidade pero que lle permitiu construír o flotel, ano 2017. Promovemos a continuidade da actividade naval na ría de Vigo precisamente apoiando a industria auxiliar cunha liña específica de préstamos para o rescate das empresas que estaban afectadas pola situación do estaleiro galego; 23 empresas que se beneficiaron desta liña de axudas por un importe de practicamente 14 millóns de euros, ano 2020.

Ademais, no ano 2021 puxémonos á disposición do Goberno de España comprometendo 8 millóns de euros para investir no estaleiro precisamente na situación de dificultade que atravesaba. Un Goberno que desbotou o compromiso e a colaboración da Xunta de Galicia, e que tampouco lle concedeu o préstamo de 30 millóns de euros no fondo de solvencia que lle solicitou o propio estaleiro. Ano 2021.

E neste ano 2022 non teña ningún tipo de dúbida de que a Xunta de Galicia volverá estar outra vez apoiando o estaleiro. E a Xunta de Galicia, dende logo, apoiará a proposta de compra de Barreras que permita manter esa carga de traballo e que, polo tanto, permita darlle viabilidade ao propio estaleiro. Estaremos apoiando o estaleiro e os traballadores na resolución que poida facer o administrador concursal sobre as diferentes ofertas que ten.

Polo tanto, señor Martín Seco, se algo está facendo a Xunta de Galicia no sector naval é apoiar os estaleiros, a industria auxiliar, os traballadores. E, de forma concreta, se algo ten feito a Xunta de Galicia con respecto ao naval de Vigo e con respecto a Barreras é apoiar incondicionalmente todas as necesidades —financeiras e doutro tipo, tamén comerciais—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ... que precisou o estaleiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ... para manter a situación que ten a consellería.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica. Señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Seguramente, señor Conde, dentro dos seus logros da Xunta de Galicia non mencionou vostede a liquidación de Vulcano, e por que non se reúne co comité de empresa que lle pediu a súa reunión e vostede escóndese unha vez tras outra. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A Xunta, falando xa de presente, debe ser parte activa neste proceso, e o propio comité de empresa comunicou que as ofertas presentadas polas diferentes compañías no ámbito social van dende unha oferta que contempla a continuidade de arredor de 20 traballadores a outras dúas que apostaban polo mantemento do conxunto de persoal. En canto ás instalacións, tamén atopan diferentes perímetros nas ofertas realizadas, dous deles só inclúen a parte concesionaria, e a outra aposta polo mantemento dos talleres situados en terreos privados.

Dende a sección sindical de UGT, sindicato maioritario no comité de empresa —hoxe aquí presente e ao que aproveito para saudar e pedirlle a vostede que se reúna con eles—, din que se debería valorar e defender as ofertas que manteñen o emprego e a estabilidade nun proxecto industrial fiable despois dos bandazos que leva dado o estaleiro; unha reivindicación que vén defendendo dende o primeiro minuto.

Segundo o propio presidente do comité de empresa, Sergio Gálvez, o novo propietario debe manter o emprego existente. E sinalou a contradición que constituiría prescindir dun persoal experimentado nun momento en que faltan bos profesionais con experiencia no sector naval. E en Barreras hainos cunha experiencia profesional de 30 anos.

A asociación do metal, ASIME, tamén avogou por unha solución que dea garantías para o estaleiro para acabar con estes sobressaltos nesta empresa centenaria. Dende o punto de vista industrial, todos apuntan a que a oferta de Gondán é a que ofrece maiores garantías e leva aparelhada carga de traballo inmediata, ademais de estar apoiada por unha empresa con traxectoria, experiencia e internacionalización que insufla carga de traballo inmediata a Barreras, xa que o estaleiro asturiano ten as súas gradas ao completo e necesita construír novos buques.

Polo tanto, señor Conde, vostede que dicía: «*La Xunta de Galicia siempre va estar por una propuesta que permita la actividad en el astillero*», non entendemos por que...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor SECO GARCÍA: ... non fai efectivos eses [...] que necesitan os traballadores.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco. *(Aplausos.)*

Peche desta pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Martín Seco, ¿quen lle está a dicir que a Xunta de Galicia non está tendo unha posición activa na situación de Barreras? ¿Quen lle está ocultando que a Xunta de Galicia xa se reuniu como mínimo en 3 ocasións co comité de empresa e cos traballadores para abordar a situación que ten Barreras? ¿Por que lle ocultan a verdade ou simplemente a está ocultando vos-tede?

Mire, a Xunta de Galicia ten nestes momentos como máxima prioridade cooperar co xulgado e coa Administración concursal para buscar a mellor solución para o estaleiro, non teña a máis mínima dúbida. E nós estamos avogando por unha proposta que inclúa unha oferta viable a longo prazo, porque entendemos que é a mellor garantía posible para o futuro e o mantemento do emprego. Así llo temos trasladado ao comité de empresa, co cal mantemos ese contacto permanente e, dende logo, non teñan tampouco ningún tipo de dúbida, nin vostede nin os traballadores, que nós respectaremos a proposta que se elixa porque estamos respectando unha decisión dun administrador concursal e unha Administración xudicial, pero non só a respectaremos, senón que a apoiaremos. Porque aí é onde estará a Xunta de Galicia para garantir esa viabilidade de futuro. *(Aplausos.)*

Pero, se lle parece, señor Martín Seco, ¿por que non abandonamos o seu papel de portavoz do Goberno e nos poñemos de acordo o Partido Popular de Galicia, a Xunta de Galicia e o Partido Socialista de Galicia en apoiar o sector naval fronte ao Goberno?

Fágolle dúas propostas. A primeira é por que non apoia o que xa ten solicitado a Xunta de Galicia ao Goberno con data 26 de outubro do ano pasado, para que se asegure por parte do Goberno a inclusión do sector naval dentro das axudas de incentivos rexionais para o período 2021-2027. ¿Estamos de acordo? Na última proposición de lei abstivéronse. ¿Poñémonos de acordo?

Segunda proposta. Que lle parece se lle trasladamos ao Goberno que no PERTE do naval, que é unha oportunidade precisamente para o sector naval e para a industria auxiliar cun investimento de 300 millóns de euros, que lle parece se lle pedimos ao Goberno que sexa transparente e que dea a coñecer cales son os criterios concretos que se van incluír nunhas bases reguladoras que non coñecemos, e unhas convocatorias que non están publicadas. ¿Que lle parece se traballamos conxuntamente?

Mire o Goberno equivócase, equivócase cando considera que as comunidades autónomas non podemos facer aportacións no PERTE ao naval. E o Partido Socialista equivócase cando simplemente está referendando o centralismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ... do Goberno de España nestes momentos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.



Pregunta de D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego do inminente comezo da construción das fragatas F-110 en Ferrol contratadas polo Ministerio de Defensa

O señor SECO GARCÍA: É unha pena que non se dedicara nin un minuto a falar de Barreras e só do Goberno de España, seguro que vai con Feijóo de camiño a Madrid. *(Aplausos.)*

Mire, pese aos malos augurios do Partido Popular de Galicia, pese a que o Goberno de Mariano Rajoy deixou a compañía Navantia en quebra técnica, sostida con préstamos participativos da SEPI, pese a que o ministro Morenés do Partido Popular, moi interesado en poñerlle mísiles da súa empresa ás fragatas en contra dos informes da Armada, tivese paralizados os contratos. Pese a todo isto a ministra de Defensa Margarita Robles anunciou hai uns días que a Armada contará en 2027 coa primeira fragata F-110, un buque que comezará a construírse en breve co corte de chapa de dous bloques nos talleres do estaleiro ferrolán. Con este anuncio cúmprense os fitos programados e, como dicía, pese ás continuas declaracións dos dirixentes do Partido Popular e do Goberno galego que anunciaban atrasos e estiveron meses dedicándose a criticar o Goberno de España sen poñer encima da mesa medidas propias en competencias que ten a Xunta de Galicia, como o emprego e formación, para axudar aos traballadores e traballadoras afectadas pola falla de carga de traballo derivadas da mala xestión do seu Goberno en España ata o ano 2018.

Esta construción vai ser un impulso esencial e fundamental para a Armada e para toda a comarca ferrolá. Un contrato histórico de 4.300 millóns de euros que lanzou o Ministerio de Defensa co que se poden crear ata 9.000 postos de traballo, tanto de xeito directo como indirecto. E, como dicía a ministra, o proxecto vai indisolublemente unido a Ferrolterra.

A contratación de persoal irá en curva ascendente conforme se vaian desenvolvendo as distintas tarefas construtivas e, como anunciaba o presidente de Navantia, tamén será inminente a posta en marcha do taller de subbloques.

Nos próximos meses, tras o corte dos primeiros ferros de aceiro, procederase á revisión definitiva do deseño que implica o lanzamento total do programa que xerará ocupación no estaleiro ferrolá para os próximos dez anos.

O programa está considerado por Navantia como a pedra angular da dixitalización do estaleiro ferrolá nun momento no que a compañía pública está plenamente inmersa no Plan de transformación dixital 4.0. Unha das principais innovacións que presenta este contrato é o Xemelgo dixital, unha réplica virtual que se desprega sobre o propio barco ou de forma remota en terra, que elevará os estándares de mantemento predictivo do buque, uns investimentos en innovación que serán ademais exportables ao mundo civil, que ademais permitirá que a F-110 poida ser tamén comercializada a nivel internacional, revertendo na economía de Ferrol e sostendo o tecido produtivo da industria de defensa en Galicia.

Ademais disto, Navantia ten en marcha o Plan estratéxico para a fábrica de turbinas, co obxecto de soste este negocio tan especializado e que unicamente se realiza neste estaleiro, e



traballando en novas oportunidades de negocio para a eólica flotante, para poder garantir a continuidade de Navantia-Fene como centro de referencia no sector eólico a nivel europeo.

Por todo isto, señor Conde, preguntolle: ¿Que opina o Goberno galego sobre o inminente comezo da construción das fragatas F-110 en Ferrol, o maior contrato da historia do Ministerio de Defensa en Ferrol? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Martín Seco, entendo que xa que vostede na súa pregunta se está referindo ao Goberno, agora podo falar do Goberno. Porque vamos..., se mo permite, loxicamente. Porque, claro, a vostede entendo que esta mañá lle trasladaron unha tarefa moi complicada: ser portavoz do Partido Socialista Obreiro Español nestes momentos en Galicia é un verdadeiro reto. Eu felicítooo polo menos por intentalo. *(Aplausos.)*

Mire, seguramente me fala vostede de formación e de emprego. Eu recórdolle que cando falamos de Navantia, as gradas deste estaleiro están baleiras desde o mes de agosto, baleiras, sen carga de traballo, pola xestión —entendo— de Navantia. E seguramente vostede lle debería recordar á ministra de Traballo que volva por Ferrol e que volva por Navantia, e que vexa como as gradas as ten baleiras. A ministra que sempre dicía que defendía o sector naval e que realmente se está agochando no Goberno do Partido Socialista para prexudicar co seu silencio a Ferrol. *(Aplausos.)*

En calquera caso, señoría, eu recórdolle que foi o Goberno socialista o que non foi capaz de executar os 252 millóns de euros incluídos polo Goberno de Mariano Rajoy para as fragatas F-110 nos orzamentos de 2018, que estiveron no 2019 e no 2020; tres anos consecutivos sen executar un orzamento que deixou o Goberno do Partido Popular nos orzamentos.

E que no ano 2021 tan só incluíu 66 millóns de euros para ese ano e que este ano está adicando tan só o 2,7 % do investimento necesario. Señor Martín Seco, 2,7 % de todo o investimento necesario para desenvolver as fragatas.

Debería recordar que Navantia non ten ese buque ponte que nós lle reclamamos a Navantia para que non estiveran as gradas baleiras. ¿Pero pódeme explicar por que o Goberno si lle encargou a Cádiz ese mesmo buque ponte? ¿Queremo explicar? ¿Por que Cádiz ten carga de traballo e Ferrol non? ¿Pódeo explicar desde o Partido Socialista de Galicia? Seguramente o ten difícil.

En calquera caso, señoría, eu o que lle pregunto é ¿onde está o compromiso do Goberno de España, onde está o compromiso do Partido Socialista de Galicia con Ferrol? ¿Por que o goberno non dá unha resposta concreta ao pacto de estado que lle temos trasladado, con com-



promisos concretos de todas as administracións? Por suposto tamén da Xunta de Galicia, 80 millóns de euros que xa temos investido en Ferrol vinculado a este pacto de Estado. ¿Onde está o goberno? Lamentablemente ausente e en silencio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor Conde, o papelón teno vostede, sempre escondidos os problemas industriais de Galicia. Pero as preguntas pódelle dicir ao señor Feijóo que llas faga no Senado ao Goberno cando lle toque.

A política de propaganda na Xunta de Galicia, señor Conde, xa a coñecemos todos, que, por certo, é a única política que fai o Goberno Feijóo e na cal vostede é un alumno avantaxado. Botando balóns fóra aos problemas industriais, nos cales vostede ten competencia plena e vendendo como propios os éxitos das empresas que nada teñen que agradecer ao seu departamento.

Non é difícil atopalo nunha foto cando algunha empresa fai un investimento, pero, señor Conde, é imposible atopalo nunha foto reunido, aportando solucións, con alguén da industria que pase por problemas. Unha situación coñecida polos axentes do sector (*Aplausos.*) onde vostede xa é denominado como o conselleiro da desindustrialización.

E nesa liña gustaríame saber que fixo e fai o seu departamento para impulsar a actividade nos estaleiros públicos de Ferrol. Que fai ou fixo o seu departamento para o impulso económico industrial das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. A única medida para o desenvolvemento industrial de Ferrolterra que tomou o seu Goberno é poñer unha oficina da Xunta de Galicia en Ferrol, ou facer un librillo *Competicións ao Goberno do Estado sobre as necesidades da comarca*. ¿Iso é todo o que ten que aportar á política industrial en Ferrol?

¿Por que non fan un verdadeiro plan de reindustrialización destas comarcas para garantir que as empresas auxiliares teñan alternativa e carga de traballo a Navantia? ¿Por que non melloran a situación do solo industrial deste territorio? ¿Por que non melloran as comunicacións viarias de Ferrolterra? ¿Por que non melloran as infraestruturas portuarias e a situación da pesca e do marisqueo? ¿Por que non utilizaron as súas competencias plenas en política industrial para darlle un maior impulso ao proxecto do Estaleiro 4.0? ¿Sabe vostede por que non o fan? Porque, despois de ver como se pecha Gamesa nas Somozas ou Vestas en Viveiro nun momento do impulso das enerxías renovables, todo o mundo ten claro que vostedes hai moito tempo que renunciaron a facer política industrial.

Señor Conde, a Xunta de Galicia tamén ten as competencias en emprego e formación. E preguntolle, se o Goberno do Estado en Navantia garantiu co plan industrial o traballo de todos os seus traballadores en Ferrol,...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: ... ¿por que vostedes non fan o mesmo coa [...]? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Martín Seco, non se confunda, a Xunta de Galicia dálle a benvida a que o Goberno rectifique e que, polo tanto, se comprometa coa execución das fragatas F-110. Esa é dende logo a nosa ocupación e, dende logo, vai ter toda a colaboración da Xunta de Galicia.

Pero ao mesmo tempo eu sígolle preguntando: ¿por que o Partido Socialista de Galicia non apoia ese buque ponte, non o apoiou no seu momento? Eu preguntolle por que o Partido Socialista de Galicia segue sen apoiar a construción do dique seco que permitirá a competitividade do estaleiro de cara ao futuro; por que seguen facendo de portavoz do Goberno e do presidente de Navantia que veu aquí a Ferrol, a Galicia a dicir que non van construír o dique seco. Nós dende logo non imos compartir esa decisión e imos seguir reclamando para Ferrol os investimentos que precisa para que o sector naval sexa competitivo. Non teña a máis mínima dúbida, (*Aplausos.*) co seu apoio ou sen o seu apoio.

Fálame das actuacións da Xunta de Galicia. Mire, nun estaleiro público propiedade do Estado onde, por certo —anote tamén—, a Xunta de Galicia ten solicitada a súa participación no Consello de Administración de Navantia, tena solicitado formalmente. ¿Sabe cal é a resposta? Silencio. Silencio. ¿Vai apoiar vostede desde o Partido Socialista a participación da Xunta de Galicia no Consello de Administración de Navantia? Dende logo, xa está solicitado formalmente, tan só falta seguramente o seu apoio e o seu visto e praxe para que o Goberno mude a súa posición.

En calquera caso, señor Martín Seco, fálame das actuacións. Mire, nun estaleiro público propiedade do Goberno do Estado, esta Xunta de Galicia ten adecuado o seu marco de axudas para dotar de fondos directos o propio estaleiro de Navantia para que desenvolva os seus proxectos. Ese proxecto do que vostede está presumindo, o Xemelgo dixital, conta cun apoio de 2,5 millóns de euros a fondo perdido da Xunta de Galicia, ¿que lle parece? Que lle parece se ademais Navantia está participando en tres unidades mixtas que están cofinanciadas coa Xunta de Galicia por un importe de preto de 5 millóns de euros. ¿Que lle parece, señor Martín Seco? Este Goberno non vai dudar en darlle todo o soporte en materia de innovación, en materia de formación, en materia de dixitalización, en materia de eficiencia enerxética que precisa o estaleiro, pero o Goberno é o que ten que asumir os investimentos para que este estaleiro sexa competitivo. Polo tanto, asumir a construción do dique seco, dotalo de carga de traballo, e por suposto,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ... permitir que a Xunta de Galicia poida participar no Consello de Administración de Navantia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

Continuamos co punto número 8, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de lei de vivenda estatal que se tramita no Congreso dos Deputados e da súa invasión de competencias autonómicas exclusivas nesta materia

O señor PRESIDENTE: E corresponde agora formular a pregunta a dona María Begoña Freire Vázquez, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Dende este Grupo Parlamentario Popular estamos realmente preocupados pola deriva que está a tomar o Goberno central en materia de vivenda, tomando decisións sen ter en conta a opinión das comunidades autónomas nin a súa experiencia de xestión e moito menos a realidade da súa poboación de dos diferentes territorios. Claro exemplo é o Plan estatal de vivenda 2022-2025 e a regulación do bono alugueiro mozo. Claro exemplo é tamén o nivel de improvisación en relación coas axudas ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia que se financian con fondos europeos e nas que o Goberno central cada poucos días remite novas instrucións sobre a aplicación dos fondos, obrigando a modificar as bases das convocatorias co conseguinte retraso.

Pero, ademais disto, co Proxecto de lei de vivenda o Goberno central PSOE e Podemos pretende invadir as competencias que as comunidades autónomas teñen atribuídas como propias en materia de vivenda e impoñer os seus criterios. O Proxecto de lei de vivenda invade



estas competencias, o que xa se ten manifestado por activa e por pasiva dende a Xunta de Galicia, dende outras comunidades autónomas e mesmo dende o Consello Xeral do Poder Xudicial, que emitiu un informe claro e contundente ao respecto.

Xa tivemos ocasión de preguntarlle sobre este extremo noutra sesión plenaria cando o dito proxecto estaba iniciando aínda a súa tramitación parlamentaria. Pero o pasado 10 de marzo o texto legal superou o debate de totalidade no Congreso dos Deputados. Superou o debate de totalidade no Congreso pese a que cinco grupos parlamentarios, entre eles o Popular, pedisen a súa devolución ao Goberno por invadir as competencias autonómicas en materia de vivenda. Chama a atención que o texto saíse adiante no Congreso non só grazas ao voto dos grupos que apoian o Goberno central, senón tamén ao de partidos como o do BNG, que se abstivo na votación das emendas á totalidade. É dicir, por unha banda, a Xunta de Galicia pedindo a retirada desta norma por falta de consenso e diálogo e por invadir as competencias exclusivas en materia de vivenda atribuídas na Constitución e no Estatuto de autonomía, e o BNG absténdose no debate de totalidade, facilitando así a continuación coa tramitación dun texto claramente inconstitucional e que atenta contra Galicia.

Por todo o exposto, plantexamos a seguinte pregunta: ¿Cal é a valoración da Xunta de Galicia respecto da aprobación no Congreso dos Deputados dun texto como a Lei de vivenda estatal, que invade as competencias autonómicas exclusivas nesta materia?

De momento, máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Freire, dende a Xunta de Galicia levamos meses alertando sobre o texto da futura Lei de vivenda. Dende o minuto 1, cando comprobamos que se trataba dunha lei a todas luces inconstitucional e que invade as competencias exclusivas que ten Galicia e que teñen as comunidades autónomas nesta materia, así o puxemos de manifesto nas nosas alegacións, así o fixemos público, así llo trasladamos ao ministerio, e así tamén se manifestou o Consello Xeral do Poder Xudicial.

E na mesma liña tamén se vén de pronunciar o Consello Galego da Competencia, que considera que a lei introduce medidas claramente ineficientes para facilitar o acceso a unha vivenda; e que considera a limitación dos prezos do alugueiro como unha intervención contraria ás leis da competencia que pode ter efectos perversos, é máis, opostos aos buscados.



Non somos a única comunidade que o di, son moitas as comunidades autónomas que están poñendo o berro neste sentido. E, pese a todo iso, o pasado 10 de marzo, este texto superou o seu primeiro trámite no Congreso, aínda que 5 grupos parlamentarios pedisen a súa devolución, esa devolución do texto ao Goberno. Co que desafortunadamente se perdeu unha nova oportunidade de rectificar, de falar coas comunidades autónomas, de poñer freo a ese intento intervencionista do Estado.

O texto, polo tanto, vai seguir adiante coa súa tramitación, pese a todas as advertencias realizadas dende os diferentes sectores. E farao grazas non só ao voto do PSOE, non só ao voto de Podemos, senón tamén á abstención do BNG —algo que nos chama moitísimo a atención—. Non se entende como un partido que se proclama nacionalista se absteña ante un proxecto de lei en que o Estado de forma unilateral pretende entrar a regular aspectos que lle competen a unha comunidade autónoma, como é o caso da vivenda protexida, como é a xestión do parque público de vivendas, como son os períodos de protección que afectarán ás promocións... Chama moitísimo a atención esta actitude, porque hai outros grupos nacionalistas, é o caso do PNV, que si se abstiveron; abstivéronse e mostraron o seu rexeitamento porque incorre esta lei en evidentes excesos en relación coas competencias das comunidades autónomas.

Polo cal, aquí hai unha dobre vara de medir. Sabemos o que opinamos dende a Xunta de Galicia, fomos claros; sabemos o que opina o sector; sabemos o que opina a cidadanía; tamén sabemos o que opina o PSOE...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ... pero parécenos alarmante esa opinión do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Dende logo, é preocupante que o Goberno estatal se atreva finalmente a tramitar un texto de Lei de vivenda que a todas luces é inconstitucional —como vostede dicía—; do que foi advertido previamente polas distintas comunidades autónomas, mesmo por Galicia, e fixo caso omiso; do que foi advertido tamén polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial e polo Consello Galego da Competencia; e do que tamén é advertido por distintos grupos parlamentarios no debate de totalidade do mesmo.



É preocupante tamén que o BNG se abstivese nesa primeira votación no Congreso e non se sumase á petición de devolución ao Goberno por invasión das competencias autonómicas. Estas actitudes o que veñen demostrar é quen de verdade está a defender os intereses de Galicia e dos galegos e galegas, e quen se sitúa de perfil por media conveniencia política e interese partidista de apoiar o bipartito PSOE e Podemos, e boicoteando a Galicia.

Grazas, señora conselleira, porque a este Grupo Parlamentario Popular lle consta que dende a Xunta de Galicia se vai defender a Constitución, se vai defender o Estatuto de autonomía, se van defender as nosas competencias exclusivas en materia de vivenda e se vai defender a Galicia.

Grazas, señora conselleira, por non permitir o atentado que pretende o Goberno de Pedro Sánchez. Conta co total apoio do grupo maioritario desta Cámara, co apoio do Grupo Parlamentario Popular. E lamentamos, unha vez máis, que non conte cos grupos da oposición para sumar na defensa dos intereses de Galicia.

Moitas grazas, señora conselleira.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Freire, non teña a menor dúbida de que dende a Xunta de Galicia non imos dar marcha a atrás, non podemos dar marcha a atrás. É inconstitucional a todas luces esta nova lei, a nova Lei de vivenda; é unha materia que compete única e exclusivamente ás comunidades autónomas. E, de feito, e a pesar de todo o proceso vivido, por segunda vez consecutiva pediuse por parte da Xunta de Galicia unha conferencia sectorial única e exclusivamente para tratar este tema co resto das comunidades autónomas, ao cal a ministra nos respondeu que primeiro había que aprobara e despois fariamos a conferencia sectorial; este é diálogo que ten o Goberno central coas comunidades autónomas.

Estamos nun momento crucial, máis de 30 liñas de axudas. Temos o Observatorio da Vivenda en marcha, está participado por todos os sectores, os fondos europeos, o plan estatal... E todo isto vese ensombrecido e con gran preocupación por esta Lei de vivenda.

Opuxémonos dende un principio, non é un capricho, é a Constitución, e faise de costas ás comunidades autónomas simplemente para manter un Goberno aí no púlpito e que non rache porque se ve que era unha exixencia dalgún dos grupos políticos que agora van da man. Pronunciouse o Tribunal Constitucional e pronunciouse tamén dende o ámbito das competencias e isto vai ter un impacto, un impacto do cal terán que dar conta aqueles que o están apoiando; un impacto de carácter económico, pero sobre todo un impacto para aquelas familias que queren unha vivenda.



Todo isto á parte cun dobre sinsentido: ignorar as alegacións das comunidades autónomas e ignorar o ámbito sectorial. Polo tanto, dende Galicia, igual que outras comunidades autónomas: Andalucía, Castela e León, Madrid, Murcia, e comunidades autónomas gobernadas tamén por aqueles que queren sacar esta lei adiante, pedimos que non se invadan as competencias en materia de vivenda.

Facer política de vivenda é facer política para as persoas, pero non é frear o desenvolvemento das persoas. Polo tanto, si é certo que deberíamos ser claros e transparentes. E sabemos que é o que opina o PSOE neste sentido e a verdade é que debería clarificar o BNG de que lado está, e sobre todo clarificar porque aquí dá unha mensaxe e o señor Néstor Rego no Congreso pois vota outra cousa distinta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ... ou simplemente non lle interesa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A52-fronteira de Portugal

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleira, foi en febreiro do ano 2009 cando o Goberno de Pérez Touriño decidía adxudicar a construción dunha autovía libre de peaxe Rande-Celanova. A partir desta infraestrutura, a formulación do Goberno bipartito era desenvolver unha nova actuación que permitise conectar a AG-31 dende Celanova ata o paso da Madalena, na fronteira con Portugal. Conectaría así a vila de San Rosendo coas poboacións da Baixa Limia e vertebrando o territorio, cun investimento aproximado de 20 millóns de euros, propiciando o asentamento poboacional nesta comarca.

Dende o ano 2013 o Partido Socialista veu reivindicando en distintas iniciativas que esta prolongación da autovía se desenrole. No ano 2020 a Xunta de Galicia anuncia a licitación do contrato para a redacción do proxecto de mellora da estrada convencional OU-540 ata a ponte de Lindoso, por importe de 199.488 euros. A reforma anunciada pola Consellería de Mobilidade e Infraestruturas suporá un investimento de 9 millóns de euros, menos da me-



tade do previsto hai 13 anos. Este proxecto exclúe da licitación as variantes dos núcleos de Vereas e Bande, tramos clave para que esta vía de comunicación acade unha eficiencia completa, por canto non soamente se mellorarían os tempos de viaxe, senón que ademais se eliminaría o tráfico pesado dos núcleos citados. Este recorte orzamentario supón un novo agravio nos investimentos precisos para vertebrar a provincia de Ourense, especialmente na comarca da Baixa Limia, limitando de xeito importante a conectividade co norte de Portugal.

A día de hoxe, unha vez materializada a chegada do AVE a Ourense, esta sería probablemente a infraestrutura de maior interese estratéxico para a provincia de Ourense. Conectaría Ourense con Porto en hora e media, con Braga en unha; cunha área de afluencia de 3 millóns de habitantes, consolidando a provincia de Ourense como porta de entrada do AVE. Así o entenden non só o PSdG, senón tamén o mundo empresarial, o sector do comercio, colectivos sociais e cidadáns, que amosaron o seu apoio unánime á iniciativa de recollida de firmas posta en marcha por Pablo Álvarez, veciño da comarca.

O luns 14 do presente, a conselleira presentaba o Proxecto de mellora na Estrada, e queda patente a nula importancia que o Goberno galego lle dá a unha demanda longamente esperada. Lonxe de expectativas albergadas en todos os sectores, revélasenos unha proposta pobre e de todo punto insuficiente para satisfacer as potencialidades que dun lado e outro da fronteira se veñen alimentando. E por iso lle preguntamos as razóns de por que se muda ese proxecto cando no ano 2013 o proxecto era a conectividade Celanova-Portugal.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, a min..., estou desconcertada con todo o relatorio que vén transmitindo vos- tede; parece que está en contra de que invistamos máis de 10 millóns de euros na mellora dese eixe vertebrador entre Celanova, a zona da Baixa Limia e Portugal. Parece que non quere que invistamos máis de 10 millóns de euros na mellora da seguridade viaria, na mellora de conectividade e na mellora desa estrada que beneficiaría, dende logo, moitos veciños, e, polo tanto, non quere que invistamos máis de 10 millóns de euros na conectividade desa estrada na conexión con Portugal. E ao mellor quere que fagamos o mesmo co Goberno de España: deixar fóra o rural dos Fondos Next Generation, que é o que está a facer o Goberno de España e vostedes calados. E así é a realidade e a hipocrísia do que estou escoitando aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non queren que actuemos (*Aplausos.*) dotando de 13 quilómetros de carrís de adiantamento e, polo tanto, señorías, se ten algo que concretar, a min gustaríame que no proceso de información pública conteste as súas alegacións e o 27 de abril ten a oportunidade para facer alegacións construtivas e coherentes, coherentes co seu partido, e coherentes con todos estes anos de atrás que tiveron anos tamén de goberno.



Eu creo que o que están é incómodos co que está a facer Pedro Sánchez e a ver se mesturamos moitas cousas, claro. Xa se sonroxa cando digo Pedro Sánchez, polo tanto están incómodos e queren desviar a atención desas aldraxes do Goberno de Pedro Sánchez ao rural. Esa evidencia, a pregunta fixérona vostedes e eu estouna contestando.

Intensidade de tráfico desta obra, 2.600 vehículos cara a Portugal son 700, 13.000 os veciños desa comarca para conectar, e por iso non teñen fondos Next Generation, porque é o criterio que marca o Goberno de España para non investir no rural e soamente investir nas cidades. Os seus alcaldes, calados, mirando para outro lado; a declaración institucional da Xunta de Galicia non a impulsan nin a queren apoiar aínda que sexa un ano despois, aínda están a tempo.

Lei de mobilidade sostible, eu lina, ¿leu vostede o anteproxecto de lei de mobilidade sostible do Goberno socialista? Rendibilidade económica, financeira, socio elemental tamén para facer as estradas, con estes criterios e con este anteproxecto de lei do Goberno socialista, non se fai ningunha obra de infraestrutura no rural. Polo tanto, esa hipocrisía que ten vostede, debería vostede ser algo máis humilde. Con esta lei non se fai ningunha infraestrutura no rural e, polo tanto, pecan de incoherencia; para o Partido Socialista a mobilidade é un privilexio non un dereito. (*Murmurios.*) E aí está este anteproxecto de lei, parece que queren negocios con esas concesións, si de pés en sombra, como a de Celanova á que facía referencia vostede. Polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ... non pequen de tanta hipocrisía.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Eu véxoa bastante nerviosa na contestación a esta pregunta (*Aplausos.*) e bastante irrespectuosa coa oposición. Porque, mire, señora conselleira, non olvide que é que falamos dunha estrada de competencia, de titularidade autonómica (*Aplausos.*) e, polo tanto, é competencia da Xunta de Galicia a súa conservación e deseñar a súa mellora. Ademais, eu falaba de que o bipartito tiña previsto investir 20 millóns de euros e vostede rebaixa a 10. Eu quero unha mellora desa infraestrutura.

A escusa dos fondos europeos que recibía a Xunta, ata estes momentos para vertebrar o territorio, ¿onde se investiu? Na Baixa Limia, non. E non había aínda os Next Generation.

No proxecto que vostedes presentan queda palmariamente demostrado o escaso ou nulo interese que vostedes teñen por unha comarca profundamente olvidada. Consegue vostede con esta proposta o consenso maioritario —e vostede sábeo— en considerar un parche esta obra



coa que pretende despachar o dereito dun territorio a unhas vías de comunicación propias do século XXI. Nun ano no que o Goberno alardea dos orzamentos máis expansivos da historia da comunidade, pare a considerar se non é o momento de facer xustiza con esta terra ao tempo que abre un abanico moi atractivo de oportunidades para sectores tan indispensables para o noso futuro como é a industria, o comercio e mesmo o turismo.

Se de verdade o seu departamento quere ser ambicioso, póñase a traballar nas instancias e cos axentes que sexan precisos para iso. Ambicioso foi o proxecto que trouxo o AVE á cidade de Ourense. Estea vostede á altura desa visión política e facilite a conexión de centos de miles de persoas a esta revolución ferroviaria na que se asentán boa parte das nosas oportunidades. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peché da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Dende logo, soamente escoito demagogia. Nós vimos aquí a falar de investimentos con fondos propios en estrada, dunha estrada autonómica, por suposto que si, pero estrada autonómica da Xunta de Galicia agora e tamén durante o bipartito; durante o bipartito non *(Murmurios.)* era competencia da Xunta de Galicia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero déixenme falar! Que vou agora a contestarlles.

No rural si que vostedes non invisten... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ... aquí hai que abordar infraestruturas con racionalidade, tamén estamos en Rede Natura, e nós estamos traballando con este investimento de máis de 10 millóns de euros para conectar coa fronteira portuguesa, tamén coas variantes de Vereas e de Bande, que tamén é investimento, e comprenderá vostede que para facer unha autovía ata a fronteira de Portugal, o lóxico é un acordo internacional entre o Goberno de España e o Goberno de Portugal, e non tería sentido facer unha autovía ata o límite de Portugal sen que Portugal actuara nesa estrada; e sería nese caso unha autovía trasfronteiriza e, polo tanto, precisase un acordo de ambos gobernos se se quere e se se planifica unha autovía.

As actuacións que estamos a planificar, dende logo son compatibles, non son excluíntes entre si con relación a unha autovía para conectar coa fronteira portuguesa. Pero eu digo: este é o folleto do bipartito. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que hai aquí para conectar entre Celanova e a fronteira portuguesa? Esa é a súa planificación, claro, un folio en branco *(Aplausos.)* E veñen vostedes aquí... Douullo, doulle o folleto do bipartito, que está aquí, que está en branco, está en branco para unha vía de alta capacidade, en branco. E vén vostede aquí a recriminarme a min por querer investir máis de 10 millóns de euros...



O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ... nesa conexión e as variantes de Vereá e Bande, dende logo que eu non podo...

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade. Silencio. Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ... compartir as súas reflexións, está aí o folleto; se quere, déixollo ao presidente para que tomen nota do que facían vostedes e sexan coherentes, non tan incoherentes, aposten polo rural, deixen de defender o Goberno de España, que está facendo unha aldraxe ao rural, estámolos vendo (*Aplausos.*) en todos os sectores. E pídolle que aleguen o Anteproxecto de lei de mobilidade e que se sumen aos fondos Next Generation para que o rural tamén poida acceder a eses fondos de Next Generation para a mellora da mobilidade.

Dende logo, nós facemos trato equitativo, vertebración territorial, igualdade de oportunidades; e o Goberno de España non nos está a deixar para conectar o rural. Nós apostamos polo rural, gustárame que vostedes axudaran tamén á Xunta de Galicia a apostar polo rural e non defendan tanto o Goberno de España.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Infórmame o letrado que o ruído que se oía era debido a un movemento de sillóns. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o que me dixo, transcribo o que me dixo, é debido a un movemento de sillóns (*Risos.*) Na parte de abaixo, non, non dixo que era un movemento de sillóns na parte de abaixo. Eu transcribo, preguntalle: ¿que foi ese ruído? E díxome: son uns movementos de sillóns da parte de abaixo. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Bueno, vamos alá, veña, para brincadeira xa chegou. Bueno, bueno. Tranquilos.

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas a levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade laboral das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar nas liñas concesionadas á empresa Monbus na comarca de Ferrol.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, quero dicir que estou abraiado de que o Partido Popular, o partido que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia teña que utilizar preguntas ao Goberno para falar do BNG; iso é que estamos facendo algo ben e xa se notan nos nervios por esa bancada. (*Aplausos.*)



Pero, bueno, indo ao tema. Boa tarde, señor conselleiro, hai moito neste mesmo hemicycle pediamos a comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza para que dera conta, para traer tamén ao debate público as irregularidades e incumprimentos dos contratos públicos por parte do grupo empresarial Monbus no que ten que ver co servizo de transporte público no noso país. Esta situación dáse nun contexto no que a Xunta de Galiza está a permitir, por acción ou omisión, a consolidación do monopolio deste grupo empresarial e instauración da precariedade no servizo de transporte, a cal afecta, fundamentalmente, a tres sectores da nosa sociedade: usuarios e usuarias —nun primeiro momento—, pequenas e medianas empresas, e traballadores e traballadoras do propio grupo empresarial. Hoxe vimos falar deste último grupo, concretamente no que ten que ver coa vulneración sistemática das condicións e dereitos laborais das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar.

Nesta mesma sesión plenaria e na anterior falouse longo e tendido sobre os dereitos e necesidades das mulleres galegas, falamos dun sector completamente feminizado onde a práctica totalidade das acompañantes do transporte escolar son mulleres que están vendo como se incumpren, por unha banda, os mínimos exixidos nos contratos de transporte e, pola outra, as condicións ofertadas pola empresa ao concursar a estes contratos.

As traballadoras acompañantes do servizo do transporte escolar das comarcas de Ferrol e As Mariñas veñen denunciando que non se cumpren as horas mínimas establecidas nos pregos, chegando moitas delas a ter xornadas de media hora de traballo. Que non se cumpren tampouco as tipoloxías e modalidades de contratación, as cales eran fixas descontinuas coa anterior empresa e, despois da subrogación, viron reconvertidos os seus contratos a temporais, cando a oferta da empresa era a do 100 % dos contratos indefinidos para estas traballadoras. E se xa fosen poucos estes incumprimentos, estas mesmas traballadoras están vendo como mes a mes existen atrasos no cobro das súas cativas nóminas, traballadoras ás que o grupo Monbus non lles aplica o convenio colectivo do transporte de viaxeiros, senón que lles está pagando en base aos salario mínimo interprofesional.

A nosa pregunta —ou algunha delas—, señor conselleiro, é: ¿por que a Xunta de Galiza está a permitir que un grande grupo empresarial continúe a machacar un dos sectores máis golpeados, máis precarizados da nosa sociedade? Ante a falta de solucións por parte de Monbus e da Xunta, as traballadoras xa anunciaron mobilizacións nas vindeiras datas, e aquí ten os recortes de prensa: «*Acompañantes de los autobuses escolares en Betanzos y Ferrol avisan con protestas*», «*Protestas do persoal acompañante do transporte escolar*», «*Acompañantes do transporte escolar de Ferrol e Betanzos denuncian a precarización laboral e os incumprimentos de Monbus co servizo*», «*O servizo de transporte escolar anuncia mobilizacións en marzo*». Diferentes medios, diferentes momentos deste mesmo ano, solucións ningunhas. Ante a falta de solucións —como dicía— xa están vendo de mobilizarse.

E a pregunta fundamental que imos facer é se se vai poñer a Xunta de lado das machacadas e das precarizadas ou unha vez máis se vai poñer de lado de quen precariza, incumpre e engana polos seus intereses económicos (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.



Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Bueno, moitas grazas, señor presidente.

Imos ao tema, como vostede dixo. Vostede fala de irregularidades, fala de precariedade laboral, fala de dereitos laborais, eu creo que vostede ten unha certa confusión. Este é o Parlamento de Galicia, cuxo órgano no cal se dirimen os conflitos laborais entre unha empresa e un traballador, no caso hipotético de que existan, que eu non vou discutir que existan ou non, pero certamente vostede confúndese claramente.

Eu digo porque, eu creo que, se vostede ou as persoas que teñen competencias, perdón, que teñen ou están a padecer esta situación, obviamente, hai que plantexar as denuncias onde corresponde, que é na Inspección de Traballo, é así, ¿non? Creo que iso é absolutamente indiscutible.

A verdade é que sempre é importante e sempre é bo falar de certezas e falar de realidades, e a certeza é que Galicia, sen dúbida, é a comunidade autónoma de España que máis recursos adica ao transporte escolar; de feito, cun 5 % da poboación escolar, adicamos en torno ao 22 % do gasto do conxunto de España. Unha certeza tamén é que en Galicia temos 82.000 nenos e nenas que todos os días se soben nun transporte escolar na porta da súa casa ou moi próximo e van ao centro escolar, aproximadamente 780 centros educativos.

Outra certeza é que o sistema de transporte escolar está, digamos, dividido entre a Consellería de Educación, en torno ao 47 % das rutas, e a Consellería de Mobilidade, en torno ao 53 % das rutas. E outra certeza é que vimos de plantexar ou vimos de resolver os novos contratos escolares, os novos contratos de transporte escolar, que plantexamos en 57 dotes, que chegan a 424 centros.

Outra certeza é que, dentro destes contratos, destes últimos contratos que están resoltos, excepto un, nestes momentos hai uns pregos, e eses pregos dan todas as garantías para os traballadores e as traballadoras do transporte escolar. E outra certeza tamén é que en maio do ano 2021 esta consellería, xunto aos tres sindicatos maioritarios (Comisións Obreiras, UXT e a CIG), fomos capaces de asinar un acordo onde se fixan as características dos contratos de transporte entre as empresas e os seus traballadores. E outra certeza é que tamén nese acordo de maio se creou unha comisión de seguimento dos contratos de transporte, onde, no caso hipotético de que chegase algunha queixa á Consellería de Educación, esta queixa sería transmitida aos encargados de garantir e velar polo cumprimento dos acordos; ata o momento non chegou ningunha á Consellería de Educación.

Co cal, a verdade é que, se seguimos falando de certezas, vemos que temos as condicións laborais das persoas que prestan este servizo pensamos que cubertas. ¿Pode haber irregularidades? Si, pero haberá que denuncialas no órgano competente. Non o discutimos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
En todo caso, intentar trasladar una cuestión puramente laboral..

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
... profesional a una cuestión puramente política... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois.

Réplica, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, unha vez máis un exercicio de balóns fóra ou, como se di na miña terra, «balóns á veigha», pero aquí o problema é que está moi ben o que garanten os pregos, neste caso dúas horas de mínimo de traballo para as acompañantes de transporte escolar; o problema é que non se están cumprindo ese pregos, pero nin os pregos da Xunta, da Consellería de Educación, pero tampouco as propias ofertas que fan as empresas que lles fan gañar puntos para conseguir esas licitacións.

Entón, ¿para quen traballa o grupo Monbus? Para a Xunta, é un servizo público ao final, ou é que é a Xunta a que traballa para Monbus, ao mellor é que están confundidos aí. *(Aplausos.)*

Polo tanto, ¿quen debe velar polo cumprimento deses contratos?, ¿quen debe velar polo cumprimento deses pregos?, ¿quen debe facer o traballo de inspección, de control e de sancións se é preciso? A Xunta, a Xunta e non hai outra. E están as traballadoras de Ferrol e de Betanzos na prensa, día si día non, anunciando mobilizacións. O propio sindicato ten interposto denuncias e queixas a este respecto. ¿Como pode dicir que non existe nada? ¿Como pode dicir que se está velando polo cumprimento destes pregos e destas ofertas cando non se inspecciona, cando non se controla? Ese é o gran problema. Pode vostede, e vostede sábeo perfectamente, igual que o sei eu. O outro día reuníame cun director dun centro de ensino e díciame: «menos mal que co que teño de director, menos mal que non teña aínda transporte público». Porque che contan, as ANPA, as direccións, que a día de hoxe é a empresa quen fixa cando entran e cando non entran os nenos e nenas na escola, ¿por que? Porque existe unha duplicidade de vehículos que se utilizan en liñas regulares, en liñas de transporte escolar, cuestión que é completamente ilegal, como vostede sabe; é algo que tamén denuncian as traballadoras e traballadores do servizo escolar, de que non hai suficientes vehículos nin condutores, de que se chega tarde, de que hai retrasos, de que se ten que ir a toda velocidade cos nenos e coas nenas por aí porque se teñen que cumprir horarios para poder permitir esta duplicidade.

¿Van seguir traballando para a Xunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor RIÓS SANTOMÉ: ... ¡perdón! Para Monbus? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Peché da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señor deputado, vostede si que bota balóns ás leiras, ás veigas ou ás leiras, como vostede prefira, porque dicir aquí que un director dun centro educativo di que «menos mal que non hai transporte escolar» e despois diga que, como falou con el, sabe como funciona o transporte escolar alguén que non o ten, pois certamente é botar o balón ás leiras. (*Aplausos.*) Pero, bueno, non pasa nada porque vostede me di aquí que o que lle repetín eu. Hai unha comisión de seguimento que se creou cun acordo en maio do 2021 coas tres forzas sindicais. Na Consellería de Educación non chegou ningunha denuncia, non quere dicir que non as haxa, non quere dicir que haxa problemas, que os hai obviamente, como non vai haber problemas de axustes horarios no transporte escolar se todos os días 82.000 nenos saen da súa casa, 3.000 rutas escolares saen da súa casa, e prestamos un servizo absolutamente modélico, ¿con problemas? Por suposto que hai problemas, pero son 82.000 nenos que todos os días saen da súa casa e van á porta do colexio. ¿Hai problemas?, por suposto que si. Agora, tamén hai certezas, e eu creo que lle estou falando das certezas.

Mire, ¿que permitiu este acordo que asinamos no 2021 con tres sindicatos, insisto, un deles era a CIG? Pois, mire, ¿que posibilitou?: que haxa unha maior estabilidade laboral dos profesionais, algo que non é nada menor, tanto dos contratados directamente coas empresas como dos subcontratados. ¿Que tamén nos permitiu?: que estas empresas xenerasen formación específica para os traballadores. ¿Que nos permitiu?: ter un acordo onde, cando haxa unha única denuncia ou un escrito que remitir á Consellería de Educación, esta o poñería en coñecemento da Inspección de Traballo, que é quen ten que dirimir estas cuestións. ¿Que plantexa tamén?: o respecto dos horarios, tendo en conta que no transporte escolar se comeza moi cedo en gran parte. ¿Que posibilitou tamén?: que haxa un número mínimo de horas para eses traballadores e traballadoras, en torno a dúas horas; hai que ter en conta que é un servizo e un transporte pois moi peculiar e un traballo moi peculiar. ¿Que posibilitou tamén este acordo?: que os salarios cumprisen co establecido nos convenios colectivos e no acordo marco galego 17 do 2021, algo que non era nada menor, como tampouco é nada menor o incremento que houbo dun 34,6 % no concepto de Seguridade Social para estes traballadores e traballadoras.

A partir de aí, eu, está claro que vostedes teñen unha percepción diferente e que confunden o Parlamento coa Inspección de Traballo. Obviamente, cando hai un incumprimento dunha empresa cun profesional e cun traballador hai que ir polo cauce correspondente, o que non se pode é, como vostede intenta trasladar aquí, é unha problemática política dunha cuestión que é puramente laboral ou profesional dentro dunha empresa e os seus traballadores.

Se nós tiveramos constancia na Consellería de Educación dalgunha problemática...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ... das que vostede aquí denuncia, nós temos a obrigaón de trasladarlla á Inspección de Traballo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro; está claro o tema.

Xa está.

Grazas, grazas, conselleiro, xa chegou. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde conselleiro.

Volve, como pode ver, a sanidade da Mariña aquí ao Parlamento, e como sempre hai bastante crispación, porque imos intentar facelo dun xeito máis dialogado, máis respectuoso e mellor á fin e ao cabo.

Para comezar e para que vexan, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego xa imos agradecer de corazón todas esas infraestruturas, melloras enerxéticas, melloras arquitectónicas que realizaron sobre o Hospital da Mariña. De verdade, moitísimas grazas, e xa o dicimos antes de que o poidan dicir vostedes.

Logo tamén quería pedir desculpas por non ter estudado medicina nin enfermería, porque aquí xa se dixo moitas veces que, se non es un profesional sanitario, pois evidentemente como vas saber falar de sanidade. Entón, antes de nada xa pido desculpas por adiantado.

Pero afortunadamente sei ler, afortunadamente sei escoitar e afortunadamente pois aínda me xunto coa xente que desde a Mariña ten certos problemas e os reclama.

E, despois disto, pois podemos facer unha pequena avaliación de como vai a sanidade da Mariña, despois destes debates ao longo destes meses e destes anos. E por sorpresa, desgraciadamente, pois non cambiou nada. O colapso no hospital segue a ser absoluto, diario; as baixas séguense sen cubrir, as prazas que se ían cubrir séguense sen cubrir, as vacacións séguense sen cubrir; as derivacións a Lugo seguen a ocorrer, o mesmo ocorre nos centros de saúde; e o que é peor é que o que vostedes mesmos votan a favor, o que vostedes mesmos se comprometen a mellorar non o fan; e como din para a mostra un botón pois ímolo ver aquí.

Votaron a favor de recuperar o servizo de HADO-paliativos en todos os concellos do distrito sanitario; a día de hoxe, ségueno soamente ofertando catro de catorce. Votaron vostedes a favor de cubrir as prazas coas que contaba o servizo de radioloxía, un total de cinco, e a día de hoxe, hoxe mesmo soamente hai un, normalmente hai dous e os días que temos esa ex-



trema sorte de que vén algún outro traballador do resto da provincia pois hai tres. Tres de cinco como máximo e ás veces contadas. Votaron a favor de facer todo o proceso de cribado de cancro de mama na Mariña sen ningunha derivación a Lugo. Acabou este proceso hai uns poucos días e até o último día seguiu habendo derivacións a Lugo.

Máis mostras tamén do colapso do que falaba antes: a lista de agarda de ecografías é de máis dun ano e a día de hoxe hai xente que segue esperando por unha ecografía desde agosto de 2020, que se di pronto, desde agosto de 2020 para facer unha ecografía. E o triste é que podería falar, seguir falando —oxalá tivese o tempo que tiña o presidente no día de onte— desgraciadamente de eivas, eivas e eivas que hai na sanidade mariñá, e encima eivas da sanidade pública dunha mínima calidade.

A pregunta que tiñamos rexistrada é se están dispostos a levar a cabo unha mellora na sanidade pública da Mariña que implique máis orzamento, máis persoal, máis servizos; pero, vendo tamén que incumpren o que vostedes mesmo prometen, pois xa prefiro preguntarlles se son conscientes desta realidade con total sinceridade e polo menos se están dispostos ou dispostas a recoñecela, que xa sería un paso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Castro, de novo falamos efectivamente neste Parlamento da atención sanitaria da Mariña, e voulle responder de entrada a pregunta que vostede tiña formulado. Dende o primeiro momento, si estamos dispostos a contar con máis orzamento, máis persoal e máis servizos na área sanitaria da Mariña e en todos os distritos. (*Aplausos.*) E iso é así, porque, en primeiro lugar, hai anos que se están empregando máis recursos poñendo á disposición dos pacientes e dos profesionais máis infraestruturas; e tamén saben votedes que traballamos para contar con máis persoal, especialmente no vinculado ao ámbito da atención primaria.

Na última resposta que dei neste pleno a unha pregunta relacionada co Hospital da Mariña destacaba a tipoloxía e as características deste hospital que, sendo por definición comarcal, parécese moito máis a un hospital dunha categoría superior. E iso é así tanto pola cifra de poboación que atende, 65.000 cidadáns, como polos servizos e infraestruturas que se foron incorporando no Hospital da Mariña, moi lonxe dese desmantelamento de hospitais comarcais co que vostedes nos teñen acusado.

A realidade é que nos últimos anos os servizos son máis e mellores, e os últimos investimentos na reforma e ampliación do centro son a constatación da aposta por contar cun centro cada vez mellor dotado.



En canto aos servizos, sen reiterar a enumeración de todos os que foron incorporándose nestes anos, si me gustaría destacar o gran paso que supuxo para os pacientes oncolóxicos o feito de que fosen tratados no Hospital da Mariña sen desprazarse a Lugo, ou a recente creada unidade de retina ou a unidade de patoloxía cervical. A organización das áreas sanitarias, así como a estrutura e funcionamento específicos da Mariña, neste caso, responden ao obxectivo de garantir a mesma accesibilidade de calidade asistencial a todos e todas, independentemente de onde viva o paciente. Por iso, hai especialidades, como a neurocirurxía ou hemodinámica, que se atenden en Lugo por cuestións de pericia ou especialización dos profesionais, ou a pesar diso tamén é certo que a Mariña é o único centro que asume, por exemplo, as cirurxías coloproctolóxicas derivadas do cribado do cancro de colon. E non é certo, señor Castro, que cada vez derivemos máis pacientes a Lugo, de feito é totalmente falso. Os únicos pacientes que tiveron que ser trasladados ao HULA como consecuencia de situación excepcional e co único fin de non comprometer a atención sanitaria na Mariña foron os pacientes da UCI covid durante a última onda da pandemia. Por certo, igual que foron derivados a Lugo dende o hospital de Ferrol.

Vostede emprega unha e outra vez os mesmos argumentos, como a teoría das pésimas condicións de traballo que lles ofrecemos aos profesionais, o que xustifica, segundo vostede, o déficit de especialistas. Vostede sabe moi ben que os especialistas que estamos en déficit non é por ese motivo, pero é certo que tanto dende a dirección do centro como da área sanitaria sempre busca ofrecer a maior estabilidade para todos os especialistas cos que se conta, ofrecendo, por exemplo, interinidades, e facendo un seguimento específico de cada especialidade. O que si imos facer é investir outros 15 millóns máis a eses 15 que xa se engadiron, aínda que a vostede non lle pareza moito, e tamén, —como tamén debera saber— imos incorporar unha resonancia magnética para o hospital pública da Mariña, neste mesmo ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, de novo, presidente.

Ben, di que están dispostos, xa é un paso, pero o que ocorre a diario hoxe, onte e mañá é que, por exemplo, o luns mesmo: un paciente oncolóxico chega ao Hospital de Burela, non por motivos oncolóxicos senón por outro tipo de doenzas, e vaise do hospital seis horas despois sen ser atendido. Fanlle a triaxe ás 11 e vaise ás 5 da tarde para a súa casa sen ser atendido, ¿por que?, porque chega persoal de urxencias e di: é que en urxencias estamos a tope e non podemos atenderte. Esa é a realidade, día si e día tamén. *(Aplausos.)*

Entón, o mesmo lle podo falar con total sinceridade, o mesmo lle podo falar daquelas persoas que seguen agardando unha ecografía do 2020, porque vostede poderalle vender iso, pero vaille dicir a esas persoas que non se poden facer unha ecografía desde 2020, ¿vostedes están mentindo? Non creo que estean mentindo ¿Vostede vaille dicir a este doente —que non é un



caso illado, nin moito menos — que está mentindo, que funciona perfectamente o Hospital da Mariña? ¿Vostede vaille dicir á traballadora do hospital que lle di que non pode atendelo porque está a tope, porque en urxencias non dan para máis, porque están colapsadas, que está mentindo? ¿Menten todos menos a Xunta? ¿Somos todos tontos e tontas menos a Xunta, supoño? (*Aplausos.*)

E logo entendo o dos médicos, ao mellor hai un pouco de ausencia de médicos e que buscarán máis atención, máis traballadores e traballadoras para a atención primaria, paréceme moi ben. Pero, claro, logo imaxino a conversación que poden ter desde a consellería cara a posibles traballadores.

Señor médico ou médica que ao mellor está traballando en Irlanda ou en Francia, ¿pódese vir á Mariña, onde ao mellor algunha tarde ten que ser a única médica para atender unha vila de ao mellor 16.000 habitantes como Viveiro por menos soldo? ¿Apetécelle vir, quizais, a San Cibrao onde está a metade do plantel? ¿Apetécelle ir a Ribadeo, onde falta máis de un cuarto? Ao mellor responden que non, ao mellor iso algo ten que ver en que non haxa médicos e médicas, e ao mellor é por iso que a sanidade da Mariña siga así a día de hoxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO de SANIDADE (García Comesaña): Grazas.

No ámbito da atención primaria saben vostedes que estamos ante unha situación complexa a nivel nacional, na que existe, entre outras cuestións, un importante déficit de profesionais, máis insidioso nos territorios periféricos. Pero dende a Xunta de Galicia temos posto medidas en marcha e vostede sábeno, pero deixan de empregar este argumento do desmantelamento, non deixan de facelo tanto nos comarcais como na atención primaria. E, lonxe diso, hoxe temos unha nova proba desa insistencia. É curioso que o BNG en Madrid recoñeza nun pacto cos grupos da esquerda que a primaria sofre un problema a nivel nacional, pero aquí parece que o problema é deste conselleiro ou do presidente Feijóo. Pero resulta, efectivamente, que recoñece que hai un problema a nivel nacional entendendo tamén que nas comunidades gobernadas polos seus amigos pasa o mesmo, señor Castro. É que aínda é máis destacable do pacto que, mentres que aquí vostedes din que desmantelamos a primeira adicando o 30 % do presuposto da consellería a atención primaria, en Madrid, só pidan vostedes o 25 % dese presuposto.

Dende a Consellería de Sanidade, ademais de necesidades de manter e incrementar o investimento en primaria por riba ademais do que considera o Bloque, cremos preciso tomar outras medidas. De feito, puideron vostedes reclamar nese pacto a solicitude deste mesmo Parlamento da creación da especialidade de urxencias, cuestión sobre a que o Goberno central non atende a razóns a pesar da unanimidade de todo o ámbito sanitario. Tampouco propuxeron nese pacto a creación de máis prazas MIR destinadas fundamentalmente á primaria



para poder contratar máis profesionais no futuro ou mesmo este mesmo ano. E tampouco formularon vostedes necesidade de flexibilización da acreditación das prazas de formación ou da mellora do programa formativo.

Vostedes saben que en Galicia temos tomado numerosas medidas para mellorar a organización da atención primaria e optimizar os recursos; sen embargo, prefiren referirse a situacións puntuais como a que vostede acaba de comentar en Viveiro, do día 7 xaneiro, señor Castro.

O certo —digo— é que a área sanitaria de Lugo, igual que outras áreas, fan todo o posible para cubrir as vacantes existentes; sen embargo, as dificultades é certo que continúan. Por isto, na vindeira oferta de prazas de nova categoría profesional de facultativo especialista de atención primaria incluíranse as vacantes de difícil cobertura dos concellos da Mariña, iso si, co seu voto en contra.

Polo tanto, señor Castro, máis orzamentos, máis persoal e máis servizos.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta sobre o seu sistema de atención á dependencia

O señor PAZOS COUÑAGO: Boa tarde, conselleira.

Calquera que teña escoitado o discurso da oposición durante os últimos anos podería chegar á conclusión de que Galicia é unha comunidade autónoma gobernada por un grupo de desalmados empeñados en impedir o avance dos tempos e obsesionados especialmente por sumir no desleixo os beneficiarios potenciais da Lei de dependencia. É tal o esforzo da oposición por reiterar esta mensaxe sobre o suposto desleixo da Xunta, que debo confesar que eu mesmo me sorprendín cando o pasado 21 de xaneiro vostede deu a coñecer a cifra alcanzada por Galicia en materia de dependencia: 65.000 persoas dependentes atendidas, 65.000. Pode que esta cifra non cause por si mesma un fondo impacto na opinión pública, pero penso que, se se pon no contexto axeitado, polo menos nos permite coñecer quen está a dicir a verdade e quen está faltando á mesma cando falamos de dependencia en Galicia.

Un dos datos que pode resultar útil para poñer en contexto o traballo do Goberno Feijóo nesta materia é coñecer o número de persoas dependentes que se atendían en Galicia cando o bipartito, PSOE-BNG, cedeu o testigo, salvo que alguén me corrixa, roldaban os 15.000. Salvo que os do non permanente pretendan negar a realidade matemática, parece evidente que debemos chegar á conclusión de que máis de 50.000 novos beneficiarios se incorporaron durante os sucesivos gobernos de Alberto Núñez Feijóo para acadar a actual cifra récord de 65.000 persoas dependentes atendidas. Parecen cifras dignas de consideración e non semella que sexa fácil alcanzar este obxectivo.



Porque cómpre lembrar que todo isto acadouse a pesar de que as previsións legais de que o Goberno do Estado financiase o 50 % da Lei de dependencia nunca se cumpriron. A pesar de ter que asumir o pufo multimillonario que deixaron os autoproclamados excelentes xestores da esquerda galaica. A pesar de contar con menos recursos, ata 2.000 millóns menos por ano durante a maior parte destes 13 anos. A pesar de ter que xestionar os recursos públicos durante a maior crise financeira da nosa historia recente. A pesar de ter que xestionar, case sen solución de continuidade, unha pandemia sanitaria mundial sen precedentes. E non me quero esquecer dun elemento esencial que permaneceu constante e inmutable durante estes 13 anos de goberno, a pesar de non contar co apoio da oposición galega nin un só minuto de todo ese tempo, nin estiveron, nin están, nin xa se lles espera.

Por iso, señora conselleira, non é sinxelo entender como, a pesar de todas estas dificultades, Galicia é unha das comunidades autónomas con mellor ratio de cobertura de España en materia de dependencia, e por iso quixemos que vostede fixese en sede parlamentaria un balance sobre o sistema de atención de dependencia en Galicia para que todos poidamos distinguir o gran da palla ou, se prefiren, os datos das falacias. Agardamos os datos.

Moitas grazas, conselleira. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señor Pazos, alégrame de verdade que vostede traia a este Pleno do Parlamento de Galicia (*Murmurios.*) unha pregunta que é moi necesaria na nosa comunidade: como continuar impulsando e como continuar mellorando o sistema de atención á dependencia, que sempre foi e seguirá sendo sempre un dos piares e un dos principios nos que imos continuar traballando dende o Goberno galego.

O grande avance que rexistrou Galicia nos últimos 13 anos pódese explicar moi ben —como vostede di— con cifras. Dende o ano 2009 Galicia multiplicou por catro o número de persoas dependentes atendidas, pasando das 15.000 atendidas que había no ano 2009 ás 65.400 persoas dependentes atendidas que temos a día de hoxe. Duplicamos o número de prazas sostidas con fondos públicos en residencias, pasando das 5.500 ás máis de 13.000, e ás que lle imos sumar, ademais, 2.000 prazas públicas máis nesta lexislatura. Creamos as casas do maior que todos coñecemos no noso rural para atender as persoas maiores que tanto traballaron para Galicia, que temos a día de hoxe e queremos pechar este ano 2022 con 120 casas abertas en pleno funcionamento.

Reforzamos de forma histórica o servizo de Axuda no Fogar investindo este ano máis de 100 millóns de euros; reforzamos o servizo de Xantar na Casa, no que xa temos máis de 1.700 persoas dependentes que reciben día a día un menú san e un menú equilibrado. E imos continuar avanzando na teleasistencia para que todas as persoas maiores que viven soas se sintan seguras no seu propio fogar.



Señorías, estes recursos que lles acabo de nomear permitíronnos acadar unha cobertura récord en Galicia. Galicia nestes momentos é a segunda comunidade autónoma de España cunha maior porcentaxe de persoas dependentes atendidas, o 95 % das persoas que teñen a dependencia recoñecida xa reciben nestes momentos a súa prestación ou o seu servizo, nove puntos por riba da media nacional.

Pero por suposto que é preciso seguir mellorando e seguir reforzando os servizos. Por iso puxemos en marcha un plan de choque na atención á dependencia, para reducir á metade os tempos de agarda e tamén para reducir á metade o número de folios que ten que cubrir unha persoa cando solicita a dependencia. Imos continuar levando máis axudas e máis servizos a todas esas persoas maiores que teñen un grao de dependencia.

Sen dúbida ningunha, con estes datos, demostrase que Galicia avanza, e Galicia avanza e faino con toda a contundencia no ámbito social porque para este Goberno as persoas son o primeiro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, conselleira.

Se entendín ben, Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior porcentaxe de persoas atendidas, nove puntos por riba da media nacional, cuadruplicado o número de dependentes atendidos, duplicadas as prazas de residencias de maiores sostidas con fondos públicos, líderes estatais no SAF; recentemente presentábanse nesta Cámara as melloras no Programa Xantar na Casa para previr a soidade non desexada. Pero, a pesar de todo isto, a oposición afirma que non estamos comprometidos coa dependencia. Eu estou seguro de que todo pode ser mellorado e a atención á dependencia tamén. Porque ademais a mellora dos servizos públicos é un labor que xamais chega a termo, sempre existen novos retos que abordar, sempre hai novas melloras que implementar. Vostede, por certo, xa adiantou algunhas das que están por vir.

Pero esa realidade non debiera ocultar outro feito incuestionable, non se poden acadar as cifras que vostede relatou sen un compromiso decidido da Consellería de Política Social. A oposición acostuma a medir o compromiso nas boas intencións, pero nós preferimos facelo en termos orzamentarios, e talvez na súa réplica poida ofrecernos datos ao respecto.

Dá igual o que digan, conselleira. En todo caso, a min confórtame saber que cada día son máis as galegas e os galegos que abren os ollos ante a realidade. Como mostra hoxe pasáronme esta foto, é moi interesante, é unha foto da CIG manifestándose diante dun concello gobernado polo BNG protestando pola privatización dos servizos sociais municipais. Como ve, como ve, a realidade é teimuda, sempre se impón e acaba aparecendo, ata nas persoas e organizacións máis insospeitadas. Quen me ía dicir a min que a CIG nesta Cámara me ía aceptar un consello.



En todo caso, parabéns, conselleira, polo moito avanzando. Conta co apoio deste grupo para todo o que queda por facer e pode que non conte co apoio da oposición, pero non esqueza que si conta coa confianza...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... maioritaria das galegas e galegos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Señor Pazos, Galicia destina neste momentos máis de 430 millóns de euros na atención á dependencia, e aínda que, como todos sabemos, o Goberno central demostrou o seu propósito de emenda, os avances seguen sendo moi insuficientes, porque a día de hoxe dous terzos da factura total da dependencia aínda é sostida polos fondos da Xunta de Galicia, aínda é sostida esta factura co peto dos galegos e das galegas. Na nosa comunidade aínda non se está cumprindo a Lei de dependencia e aínda queda moito por facer e moito por avanzar.

Pero, ¿que significa isto? Significa que o Goberno Central ten que investir 150 millóns de euros máis cada ano para chegar a cumprir a Lei de dependencia. Porque, mentres continúen incumprindo, continúa incrementándose a débeda que o Goberno central ten pendente con Galicia e que dende o ano 2009 xa ascende a máis de 1.000 millóns de euros de débeda na factura de todas as persoas dependentes.

Pero, así e todo, a Xunta de Galicia ten un compromiso férreo coas persoas maiores e coas persoas con discapacidade. Por iso a día de hoxe cuaduplicamos o número de persoas dependentes atendidas. Pero para que estes recursos cheguen cada vez a máis persoas maiores e a máis persoas con discapacidade, necesitamos —como dicía— do compromiso das demais institucións, co compromiso dos concellos galegos para que executen todas esas horas do Servizo de Axuda no Fogar que teñen asignadas e, por suposto, tamén ogallá co compromiso do Goberno central para que se cumpra dunha vez por todas esa Lei de dependencia, ese financiamento 50 % Estado/50 % comunidade autónoma.

Señorías, melloramos os recursos que lle citei xa anteriormente e deseñamos un plan de choque en dependencia, pero, sen dúbida, todos estes plans representan a maior reforma do sistema de atención á dependencia en Galicia dende a súa creación. Mellorar a atención á dependencia non é so un dos grandes obxectivos do Goberno galego, senón que debe seguir sendo sempre unha prioridade para o futuro de Galicia.

Todo isto e moitísimo máis é o que merecen os galegos e as galegas dependentes, pero tamén ese apoio incondicional ás súas familias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación crítica na que se atopa a frota pesqueira galega

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, no 2021 o prezo do gasóleo pesqueiro mantívose á alza durante todo o ano. No mes de novembro a frota pesqueira galega xa daba a voz de alarma sobre uns prezos que se encareceron no 2021 preto dun 60 %, situando o litro en 62 céntimos e sen que a Xunta movera un dedo para paliar ese aumento.

A esta altura e xa dende o 2020, moito antes de ningún conflito bélico en Europa, xa pesaba sobre a frota a ameaza da OMC de prohibir as exencións fiscais aos combustíbeis pesqueiros. E, o que é peor, a propia Unión Europea, mentres defendía esas exencións na OMC, preparaba medidas para acabar coas subvencións aos combustíbeis fósiles consecuencia do pacto verde europeo e para eliminar a exención do imposto sobre hidrocarburos do que a frota se beneficia.

A Comisión Europea prevé como prioritaria a tributación do combustíbel no seu plan Fit for 55, o que suporía un gravame a partir de 2023 dun mínimo de 3 céntimos máis por litro.

A este respecto, e mentres vostede dicía aquí que estaba elaborando informes para demostrar o grave impacto que esas medidas terían nos máis de 4.200 buques galegos, a súa colega, a conselleira de Medio Ambiente, declaraba no mes de setembro diante da reunión do Consello Consultivo de Política Medioambiental para Asuntos Comunitarios, a transcendencia do Fit for 55 que, segundo ela, supón que por primeira vez a lexislación europea vai por diante da propia tecnoloxía.

Estaría ben, señora conselleira, que nos aclarase cal das dúas mente: a conselleira de Medio Ambiente ou vostede. E agora, en plena loucura de prezos e despois de máis dun ano sen tomar nin unha soa medida, obviando as súas propias competencias e querendo tapar a súa propia irresponsabilidade, seguen adicándose ao mellor que saben facer: botar balóns fóra. Na sesión de hoxe vimos varios exemplos.

No que vai de 2022 a suba do combustíbel pesqueiro é de máis dun 107 %, e nos últimos quince días pasou de 0,67 a 1,16 euros. Aínda así, a inacción do Goberno estatal e do da Xunta é clamorosa.

A invasión rusa en Ucraína comezou hai un mes e, mentres vostedes continúan en permanente campaña electoral, a frota galega está amarrada a porto sen ver a día de hoxe a efectividade de ningunha desas medidas que din que tomaron, e aturando un presidente da Xunta totalmente ausente, metido no traxe de candidato a presidente dun Partido Popular desnortado e coa única preocupación de instalarse na liberdade de Madrid.

Ademais da propaganda, señora conselleira, ¿que actuacións concretas van levar a cabo para paliar os efectos que xa está a ter o incremento do prezo do gasóleo pesqueiro, a perda de ingresos do sector, o amarre da frota e a máis que previsíbel perda de postos de traballo na pesca? (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente, señorías.

Señora Pérez, o primeiro que quero facer é aproveitar as miñas primeiras palabras para agradecerlle que se teña unido xa á preocupación pola vixencia do sector marítimo-pesqueiro e pola delicada situación que está a vivir nestes momentos. Eu teño que dicirlle que nós desde que chegamos ao Goberno estamos traballando por e para a defensa deste sector. Así, dende o ano 2016 xa son máis de 30 millóns de euros os que temos destinados ao sector transformador para melloras nas eficiencias enerxéticas, e preto de 2 millóns de euros para a axuda de cambio de motores e de eficiencia enerxética tamén no que ten que ver coa frota. Quero dicir que ningún dos expedientes presentados que cumprira cos requisitos exixidos pola lexislación vixente quedou sen atender.

E en relación en concreto á súa pregunta, teño que dicir que onde di «ten previsto» lle teño que dicir «estamos facendo», porque xa levamos días traballando nas medidas e avanzando para que o sector saque beneficio delas o máis pronto posible.

Deste feito teño que lle dicir que tivemos xa reunión, tanto co sector pesqueiro como cos representantes da industria da transformación e da comercialización, e que destas xuntanzas saíron as medidas que nos pediu o propio sector, e esas medidas xa están en marcha, as que teñen que ver coa Xunta; e tamén xa fixemos pública a comunicación aos outros sectores administrativos, que están cursadas estas peticións para que as apliquen o máis rápido posible.

Dentro das que xa temos en marcha, teño que recordarlle que no Consello da Xunta da semana pasada tomamos o acordo e aprobamos o acordo de facer unha exención temporal das taxas portuarias ao 100 % como mínimo en dous meses e, se non se resolve esta situación, esa medida alongarase o tempo que faga falta.

Vaise tamén proceder á axilización do aboamento das axudas concedidas, tal e como fixemos durante a pandemia do covid. Amais o sector pediunos outras medidas que foron xa demandadas ao Goberno central e á Unión Europea. Entre elas están a xeración de apoios conducentes á rebaixa do prezo dos carburantes, como fixeron outros países; ou accións que acaden resultados análogos, a concesión de axudas *de minimis* —temos pedido tamén o incremento dos *de minimis* porque 30.000 euros non chegan para nada—; a flexibilidade interanual nas cotas de pesca para que a frota aproveite o ano que vén as posibilidades de captura que non poidan levar a cabo este ano; e, en todo caso e independentemente de que se habilite un marco temporal excepcional dos fondos europeos, cuxa tramitación adoita ser lenta, cremos que o Goberno central debe adoptar medidas de xeito inmediato para apoiar o sector marítimo-pesqueiro ante o encarecemento do gasóleo e o paro do transporte. Non podemos esperar ata o día 29 de marzo, pois esa data entendemos que xa será tarde para moitas empresas.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señora conselleira, parafraseando a señora Rosa Quintana, non lle vou consentir que nos diga vostede que non estamos preocupados. Nós estabamos preocupados dende hai moito tempo, e vostedes, señora conselleira, tamén. O que non estaban nin están é ocupados. (*Aplausos.*)

A bonificación das taxas portuarias que anunciaron aínda non está plasmada no *Diario Oficial de Galiza*. E non houbo para unha situación excepcional ningunha medida excepcional por parte do Goberno galego.

Sabe vostede que nas comunidades autónomas queda unha boa parte dos impostos dos carburantes, polo tanto hai tempo que xa deberan ter tomado medidas e deixar só de reclamalas, senón actuar. E medidas de verdade, señora conselleira, non só de autobombo e de titulares como as que tomaron para paliar os efectos da pandemia no sector do marisqueo a pé. Había unhas axudas, un orzamento de 5.200.000 euros, e as axudas concedidas ¿sabe vostede por canto foron, señora conselleira? Insisto, 5.200.000 euros de orzamento. Acabaron concedendo 140.000 euros; 1.224 solicitudes presentadas e 1.034 solicitudes rexeitadas. ¡Vaia se están preocupados! (*Aplausos.*)

Cómpren, señora conselleira, medidas urxentes de compensación económica que palíen os amarres que xa se están a producir e, sobre todo, para as frota que xa comezaron a campaña.

Déixense, señora conselleira, de facer campaña electoral e deixen de ser oposición á oposición e ao Goberno do Estado, de momento son vostedes goberno e é a vostedes a quen lles compete tomar medidas. Tómenas, exerzan de Goberno galego. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Peché da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Pérez, non se poña nerviosa. Vostede parafraséame a min e di que nós estamos preocupados pero non ocupados, pero é xustamente todo o contrario. (*Aplausos.*)

Mire, eu o único que espero é que a única medida que tomaron vostedes, que é esa manifestación que teñen anunciada para o día 3 de abril, teña o suficiente eco e a oian a vostede os seus amigos en Bruxelas, para que respondan como teñen que responder. Porque lle vou dicir unha cousa, vostede xa o dixo. Eu levo moito tempo preocupada por este tema e xa fixemos os informes e xa fomos a Bruxelas e xa fomos a Xenebra e xa defendemos o noso sector. ¿Vostedes que están facendo? Recórdolle que o día 22 de marzo se votaba na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo o ditame de opinión sobre a reforma da directiva dos pagos tributarios para os combustibles. ¿Que votou o grupo no que vostedes están integrados? En contra, señora. (*Aplausos.*) É dicir, o Bloque Nacionalista Galego posicionouse en contra de que haxa unha bonificación fiscal. Esa é a realidade. Iso é como axudan vostedes ao sector.



Vostede falaba de que a conselleira de Medio Ambiente e mais eu, unha das dúas mentía. Ningunha. A Xunta de Galicia ten unha postura única e a Xunta de Galicia defende tanto a conselleira de Medio Ambiente como esta que subscribe ante Bruxelas, e aquí e ante Madrid e onde faga falta, que é necesario tamén que a frota aposte polo cambio de enerxías para conseguir impactar o menos posible no cambio climático. E estamos dispostos a facelo, pero teñen que deixarnos o tempo para que se poidan facer os estudos suficientes para ver que tipo de combustible é o óptimo, que tipo de buque temos que deseñar e que axudas se poden arbitrar para que a frota poida cambiar tanto os motores, como os combustibles como os barcos. E iso é no que estamos a traballar e iso é o que fai tamén a conselleira de Medio Ambiente.

Pola súa contra, o grupo no que vostedes se integran na Unión Europea —voulle dar o detalle exacto— ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non é oposición á oposición, é que vostedes din unha cousa aquí... *(Murmurios.)* din unha cousa aquí pero logo fan todo o posible para que o que nós defendemos aquí non se poida levar a cabo. *(Aplausos.)*

Porque, mire, vostedes se queren apoiar poden apoiar dende a posición e dende o Goberno, poden apoiar e non levando medidas como esta: «A Unión Europea establecerá un marco lexislativo vinculante para supervisar e informar sobre os avances dos estados membros na eliminación das subvencións ao combustible fósil. Tamén deberá fixar un prazo para recortar todas as axudas públicas e estas fontes de enerxía prexudiciais para o medio ambiente». A promotora deste proxecto é a deputada señora Grace O'Sullivan, é do Grupo dos Verdes *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de Bruxelas, onde está integrado o Bloque Nacionalista Galego, Esquerra Republicana e En Comú Podem, iso é. *(Aplausos.)*

Xa lle digo, en todo caso, as medidas que o propio sector nos demandou á Xunta de Galicia están en marcha. Vostede sabe que as exencións das taxas portuarias están aprobadas nunha lei, non se pode polo tanto publicar no *Diario Oficial de Galicia* ningunha orde que contradiga a unha lei.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Pero non se preocupe que as medidas se adoptarán...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ... e non se lle van pasar ao cobro as facturas mentres tanto.


O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Aplausos.)*

Remata aquí o Pleno.

Boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás cinco e doce minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

